

CONCILIO PASTORAL DE GALICIA

(1968-1974-1979)

TEXTO COMPLETO DOS DOCUMENTOS CONCILIARES



Asociación **Encrucillada**

ÍNDICE

Presentación	2
Documento Primeiro. Ministerio da Palabra	3
Documento Segundo. O laico na Igrexa e a construción cristiá do mundo	29
Documento Terceiro. A Liturxia renovada na pastoral de Igrexa	47
Documento Cuarto. Vida e ministerio dos sacerdotes. Os relixiosos en Galicia. Pastoral vocacional	65
Documento Quinto. Caridade e promoción social	81

PRESENTACIÓN

Este documento é a dixitalización dos textos do Concilio Pastoral de Galicia editados por Lumieira, revista galega de pastoral, no ano 1996 baixo o patrocinio da Fundación Fogar de Santa Margarida.

A presente dixitalización levouse a cabo no mes de outubro de 2014, co gallo da celebración do **XXIX Foro Encrucillada** titulado **A Igrexa Galega e o Papa Francisco**, que tivo lugar no auditorio Abanca de Santiago de Compostela o día 18 de outubro de 2014.

O fin deste documento é inserilo na pax web de Encrucillada, para que calquera persoa o poida consultar e descargar libremente.

Ao mesmo tempo que corrixiamos as lecturas erróneas debidas ao escaneado destes documentos do CPG, fixemos tamén unha adaptación da grafía orixinal ás normas ortográficas oficiais actualmente vixentes. No nivel morfosintáctico apenas se realizaron unhas poucas, e mínimas, correccións; só as que consideramos absolutamente necesarias.

Santiago de Compostela, outubro de 2014



DOCUMENTO PRIMEIRO

MINISTERIO DA PALABRA

I. CATEQUESE DA INFANCIA

1. UNHA CATEQUESE AXEITADA PARA GALICIA

O meniño galego está condicionado ó mesmo tempo: pola situación de cambio social, cultural e relixioso que estamos a vivir no mundo e que fai que vaia xurdindo, aínda que de vagariño, un novo tipo de home; e pola peculiar situación do pobo galego: idiosincrasia, espallamento xeográfico, subdesenvolvemento socioeconómico e cultural, emigración, relixiosidade tradicional, escolarización, lingua, etc., dun xeito especial no mundo rural.

A fidelidade da Igrexa á lei da Encarnación supón o encontro coa humanidade tal e como está nunha circunstancia concreta. No intre de programar calquera acción educativa, a Igrexa en Galicia, e sobre todo as comunidades diocesanas, parroquiais ou locais, cómpre que teñan moi asisadamente en conta en que medida estes factores condicionan positiva ou negativamente a súa acción educativa cos picariños e preadolescentes do Pobo Galego (GS 44; DCX 26)

1.1. Cómpre promover en toda Galicia unha acción catequética:

- que suscite e desenvolva a fe (GE 4) mediante o coñecemento da Mensaxe revelada (DCX 24, 36), a iniciación ó encontro con Deus na oración persoal e litúrxica (DCX 25) e a incorporación progresiva á Igrexa;
- que axude ós cristiáns a ler e interpreta-la súa vida á luz da Palabra de Deus (DCX 25, 11, 20, 21, 74), educando actitudes cristiás que os leven ó compromiso temporal e apostólico (DCX 23, 28);
- e que, por último, forme cristiáns, homes que acadan a súa plenitude en Cristo (DCX 30).

1.2. O educador na fe debe adoptar unha actitude de atención permanente á realidade ambiental concreta do neno. Tendo en conta que esta se intúe máis do que se define, é importante que o catequista sexa preferentemente do mesmo medio socio-cultural do catequizando. Así poderá descubrir dende dentro os valores que hai nel.

1.3. Os responsables da educación da fe en Galicia deberán promover unha pastoral catequética partindo da peculiar e diferenciada realidade do meniño. En contacto constante coas comunidades parroquiais ou locais, elaborarán e espallarán instrumentos de traballo orixinais e inspirados na realidade ambiental.

2. UNHA CATEQUESE QUE RESPONDA Á VIDA DO MENIÑO

— A acción catequética destinada ós picariños desenvólvese adoito á marxe dos seus problemas, intereses e experiencias. Unha catequese así carece de reclamo e de interese para uns nenos que nacen nun mundo en cambio continuo, afeitos a unha comunicación suxestiva da linguaxe audiovisual, etc.

A Igrexa, se quere ser fiel á pedagogía da encarnación, usada por Deus, ten que levar a cabo unha catequese:

- que arrinque da vida dos meniños (DCX 72 e 74),
- que lles descubra e dea sentido cristián á súa experiencia (DCX 26),
- e fale a súa propia linguaxe (DCX 37).

1.4. A Igrexa en Galicia fai súas as orientacións actuais do Directorio Xeral de Pastoral Catequética, dun xeito especial naquilo que se refire:

- ó método indutivo que «non exclúe, máis ben esixe, o método dedutivo»; e á utilidade e necesidade das fórmulas. «Mais a síntese dedutiva terá pleno valor tan só cando se teña feito o proceso indutivo» (DCX 72, 73);
- ó rol da experiencia (DCX 74);
- á importancia da creatividade e do grupo na acción catequética (DCX 75, 76).

E comprométese a levalas de contado á práctica.

1.5. É necesario unha meirande incorporación da psicoloxía á catequese. Desde aí convén:

- organiza-la catequese por idades ou niveis,
- responder ós centros de interese dos cativos,
- poñer especial atención na idiosincrasia do meniño que vive en Galicia,
- segui-la evolución persoal de cada neno.

1.6. O educador terá que relacionarse e expresarse na linguaxe dos educandos: o seu idioma, as súas formas de expresión, a linguaxe audiovisual...

1.7. Crear dentro do Secretariado Diocesano de Catequese un servizo especializado para atender doadamente os nenos e adolescentes inadaptados e minusválidos. Cómpre evitar toda marxinação, tratando de que tamén eles se incorporen á comunidade.

3. NON ABONDA UNHA CATEQUESE INFANTIL

— A nosa catequese está na práctica reducida á infancia, con moi pouca atención e referencia ó mundo dos adultos.

A educación na fe debe ser permanente (DCX 77 ss.). A catequese dos nenos para ser eficaz necesita ir apoiada nunha catequese de adultos.

1.8. A Igrexa de Galicia decátase da ineficacia inherente a unha catequese reducida á infancia. Por iso comprométese a promover unha educación permanente na fe (catequese de picariños, mozos e adultos) e a darlle prioridade hoxe á catequese de adultos, propoñendo dende ela toda acción coa infancia.

1.9. O Concilio Pastoral de Galicia pide que en cada diocese e en toda a rexión se potencie, cunha meirande dedicación de persoas e de medios, o Departamento da Infancia, que programará a acción catequética no seu sector, coa debida autonomía e necesaria coordinación cos departamentos de mozos e de adultos.

1.10. Os responsables do Departamento da Infancia deberán ser persoas con vocación que, ademais de teren experiencia, teñan unha preparación pedagóxico-catequética axeitada e sintonicen coas orientacións da Igrexa.

4. UNHA CATEQUESE DA COMUNIDADE

— Na catequese da infancia prevalece un planeamento fragmentado e atomizado, choída unhas veces no ámbito escolar e outras no parroquial, sen referencia nin vincallo coa comunidade. Persiste, ademais, a falta dunha pastoral de conxunto, moitas veces constatada, que relacione e dea coherencia a tódalas accións pastorais que se están a realizar coa infancia.

A educación na fe é obra de toda a comunidade, que debe realizarse en e pola comunidade (LG 35; DCX 35).

A catequese está sempre relacionada con toda a vida eclesial. A acción catequética pide, pois, necesariamente, unha coordinación coa acción pastoral xeral, coa finalidade de que a comunidade cristiá medre e se desenvolva de maneira harmoniosa e ordenada (DCX 129).

1.11. Non podemos seguir falando de «catequese escolar», «catequese parroquial», «catequese familiar», como accións ailladas. Cómpre propoñerse conxuntamente a «Catequese da Comunidade». Este Concilio Pastoral dexerxa a necesidade de que se vaian creando nas comunidades locais centros catequéticos ou equipos de educadores na fe compostos por pais, mestres, sacerdotes, relixiosas, catequistas, etc., que programarán xuntos, dende os diversos ángulos, a educación cristiá dos cativos.

1.12. Urxe dar azos e promove-la creación de grupos e comunidades vivas como ámbito indispensable para que naza e se desenvolva a fe do meniño.

1.13. O Concilio Pastoral de Galicia pídelles a tódolos responsables da pastoral un esforzo comunitario de colaboración e diálogo para a estruturación dunha Pastoral de conxunto coa infancia.

1.14. Os organismos responsables da pastoral catequética da infancia deberán facilita-los medios necesarios para asegurar mellor o servizo a tódalas comunidades. Cómpre subsanar urxentemente os baleiros de atención pastoral que sofren algúns sectores do noso pobo: obreiro, rural, suburbial, mariñeiro, pobo xitano...

5. CATEQUESE EN CONEXIÓN COA FAMILIA

— A Igrexa fiándose na relixiosidade tradicional da familia galega descoidou notoriamente a pastoral familiar (cf. *A sondaxe socio-relixiosa*). Este abandono, xunguido ós cambios que houbo na vida familiar, social, cultural e relixiosa provocaron nos pais actitudes de desconcerto, indiferencia e despreocupación ante a súa misión de educadores cristiáns. A maioría deles descargaron esta tarefa nas mans do sacerdote ou do mestre.

A emigración é unha lacra inxusta que condiciona negativamente a educación do neno ó privalo dos valores naturais que aporta a convivencia familiar.

Os pais son os primeiros, principais e indispensables educadores de seus fillos (GE 48, 3).

Para cumpriren con esta misión necesitan unha formación e uns medios axeitados.

1.15. A Igrexa en Galicia comprométese a unha pastoral familiar seria (por xulgala indispensable para a educación cristiá dos nenos) e dedicará a ela o mellor dos seus esforzos, buscando modalidades para os distintos ambientes. Para promovela, cómpre crear ou potenciar en cada diocese o Centro de Pastoral Familiar.

1.16. O Concilio Pastoral de Galicia recomenda a creación nos Secretariados Diocesanos de Catequese do «Servicio de Catequese Familiar», que tratará de promover-la educación cristiá na familia:

- dando orientacións encol da educación dos fillos,
- organizando xuntanzas e conferencias cos pais,
- editando materiais para eles encol dos temas de catequese,
- colaborando co Centro de Pastoral Familiar.

1.17. Cómpre promover encontros cos pais co gallo do pedimento do bautismo para un fillo, da inscrición do cativo no catecismo, a preparación para os Sacramentos de iniciación, etc., a fin de axudarlles a tomar conciencia da súa responsabilidade como educadores cristiáns.

1.18. O Concilio Pastoral de Galicia fai unha chamada ós pais para que tomen con responsabilidade a misión de educar cristianamente os seus fillos, a través dunha catequese ambiental, creando no fogar un clima cheo de valores humanos e cristiáns. E a través dunha catequese ocasional e mesmo sistemática, aproveitando as múltiples oportunidades que a vida familiar lles ofrece para daren testemuño explícito da súa fe diante dos fillos.

1.19. O Concilio Pastoral denuncia as graves consecuencias da emigración en Galicia, que priva a moitos nenos de valores fundamentais que normalmente lles aporta a convivencia familiar e condiciona negativamente a súa educación cristiá. Urxe a tódolos responsables que tomen as medidas necesarias para solucionar o grave problema da emigración forzosa e encarece ós educadores que presten unha atención especial e inmediata a esta situación de orfandade.

6. CATEQUESE PARROQUIAL

A catequese parroquial está en crise. Entre outros factores sinálanse os seguintes:

- desazo do clero e desorientación ante os novos planeamentos da educación e da catequese,
- ausencia total de catequese en gran número de parroquias,
- meirande preocupación polo número e asistencia que por unha boa acción catequética,
- falta de educadores catequistas e escasa preparación dos que participan,
- predominio aínda bastante xeneralizado da memorización sobre unha catequese vital e progresiva,
- dobraxe no contido e método da catequese escolar,
- escaseza de materiais axeitados,
- iniciación sacramental practicamente restrinxida á preparación inmediata á primeira comunión.

A catequese debe inicia-los nenos na vida cristiá, que se alimenta na Palabra, celébrase nos Sacramentos e vívese na vida da Comunidade (ChT 14; DCX 30, 23, 25, 28).

1.20. Este Concilio lembra ós sacerdotes responsables das comunidades locais a súa ineludible misión de promover e arbitra-los recursos necesarios para a educación na fe dos meniños.

1.21. Diante da crise actual da catequese parroquial dexérgase necesario busca-las canles e métodos para revitalizala seguindo as novas situacións:

- incorporando os leigos, dun xeito especial os adultos, á responsabilidade da catequese parroquial;
- promovendo e dando azos a novas experiencias en canto á programación de contidos nos diversos ciclos litúrxicos, celebracións adaptadas, utilización de instrumentos, métodos audiovisuais e descentralización da catequese parroquial en barrios e aglomeracións urbanas.

1.22. Un dos obxectivos da catequese é a iniciación sacramental. Xa que os Sacramentos supoñen a fe e a fe nace do anuncio da Palabra, este Concilio rexeita todo sacramentalismo fácil e urxe que non se administren os Sacramentos sen un período intenso de catequese previa.

1.23. Cómpre organizar ciclos de preparación ós Sacramentos: Penitencia, Eucaristía, Confirmación. Estes ciclos terán a suficiente amplitude e responsabilidade requeridas polos mesmos.

1.24. Convirá non fixa-la recepción dos Sacramentos a unha idade determinada, senón ter presente máis que nada o nivel de madurez humana e cristiá do neno.

1.25. Dende un planeamento pastoral vese a conveniencia de que o Sacramento da Confirmación se reciba non na nenez senón na adolescencia ou xuventude, co gallo de favorece-la personalización da súa fe e a súa incorporación consciente e comprometida á Igrexa.

1.26. Cómpre iniciarlos nenos na Liturxia Eucarística, promovendo a súa participación mediante celebracións especiais adecuadas á súa psicoloxía. Así, ordinariamente, o neno debe participar cos adultos na Eucaristía da comunidade, que se esforzará por acollelo debidamente (cf. *Directorio da Misa para os nenos*).

7. CATEQUESE NA ESCOLA

— O fenómeno de escolarización crecente e a concentración dos nenos das aldeas nos colexios nacionais presenta problemas peculiares á educación e reclama, polo mesmo, unha atención especial. Hoxe, a Igrexa debe estar presente na escola, como en tódolos ámbitos da existencia humana, coa súa acción pastoral, dun xeito especial a través do mestre cristián (cf. IEEH, 61 e 47).

1.27. O Concilio Pastoral de Galicia, recoñecendo o labor que realizan os mestres, envía os que se sintan cristiáns a que, conscientes da súa misión de Igrexa e en nome dela e dos pais de familia, cumpran con responsabilidade a súa tarefa de educadores integrais.

1.28. A Igrexa afirma o dereito de toda persoa á liberdade relixiosa e quere respectalo. Nos casos nos que algún mestre non estea disposto a impartir-la formación relixiosa, é necesario prover a fin de dar unha resposta adecuada ó dereito que os pais cristiáns teñen a que os seus fillos sexan educados na fe.

1.29. A Igrexa en Galicia comprométese a prestar especial atención e axuda á especialización dos mestres na área de formación relixiosa e ós Departamentos de Formación Relixiosa que se vaian creando nos centros.

1.30. O Concilio Pastoral de Galicia quere que se nomee para cada colexio nacional, agrupacións escolares ou centros educativos de EXB un «asesor relixioso», a fin de que colabore cos demais educadores na programación e coordinación da formación relixiosa, elixindo e capacitando o máis adecuado para esta misión.

1.31. Os colexios da Igrexa terán que prestar atención especial á escolma e capacitación catequética do profesorado de EXB e organiza-la súa pastoral da infancia de acordo coa pastoral diocesana, mostrando así o peculiar da súa vocación de educadores cristiáns.

8. CATEQUESE DE GRUPOS E MOVEMENTOS

Constátase que na educación na fe dos nenos, chegada a idade da preadolescencia, dáse unha falta de interese e mesmo de asistencia que adquire caracteres abraiantes.

Entre outras causas obsérvase:

- un refugo dos esquemas catequéticos da infancia e
- unhas necesidades particulares en relación co grupo que non atopan suficiente eco na catequese.

— Recoñecida, ademais, a escaseza e pouca vitalidade de movementos e grupos catequéticos con planeamentos específicos para estas idades, nos cales poidan insertarse e darlle continuidade á acción catequética anterior, a Igrexa en Galicia recoñece a dura realidade de desatención práctica en que se atopan estes nenos e preadolescentes.

A catequese debe responder ás necesidades vitais e ás esixencias pedagóxicas de cada idade. Debe, ademais, arrequecentar e axudar a que creza unha actitude de compromiso persoal, eclesial e social cun vincallo cada vez máis profundo á comunidade cristiá a través do grupo (DCX 76, 83).

1.32. Os responsables da acción catequética nas comunidades cristiás e os organismos diocesanos asumirán como tarefa urxente a promoción e revitalización dos grupos e movementos de nenos e preadolescentes. Isto esixe a preocupación seria por suscitar e preparar educadores idóneos dentro da

mesma comunidade cristiá.

1.33. Pregamos á Comisión conciliar de Laicos que oriente e promova a organización de grupos e movementos de nenos e preadolescentes, cunha sinalada dimensión catequética.

1.34. O Concilio Pastoral de Galicia arela que se editen publicacións infantís e xuvenís con dimensión educativo-catequética, e que se promova o seu espallamento nas bibliotecas escolares ou parroquiais, sobre todo nos lugares máis afastados, mediante a creación de centros abertos ós grupos de meniños e preadolescentes.

9. FORMACIÓN DE CATEQUISTAS

— Un dos problemas máis graves da catequese en Galicia é a escaseza de catequistas e a deficiente formación teolóxica e pedagóxico-catequética dos mesmos en tódolos ámbitos.

A fidelidade do catequista á Mensaxe e ó home esixen unha dobre formación permanente: teolóxica e antropolóxica (DCX 110, 112)

1.35. O educador na fe debe ter:

- unha madurez humano-cristiá: que sexa home crente (DCX 114);
- formación teolóxico-catequética: fidelidade á Mensaxe (DCX 112, 34);
- formación nas ciencias humanas: fidelidade ó home (DCX 112, 34);
- actitude de servizo á Palabra de Deus (1Cor 3, 7).

Para atender axeitadamente a formación dos catequistas, este Concilio Pastoral propón os seguintes medios:

1.36. Nas parroquias e zonas: organizar cursiños e promover grupos permanentes de profundamento e formación de catequistas de base, integrando sobre todo os leigos, de xeito que a catequese de nenos non resulte unha tarefa exclusivamente clerical.

1.37. Nas dioceses: potenciar ou crear escolas de formación catequética que especialicen educadores na fe, seguindo unha programación oficial a través dos «Grupos de Formación Doutrinal», «Grupos de Formación Catequética» e outras modalidades.

1.38. Na rexión: da-los pasos necesarios cara á creación dun «Centro rexional para orientación e formación de educadores na fe», en conexión co CENIEC nacional.

1.39. Cómpre subliña-la dimensión catequética en tódolos programas de formación permanente do clero que se realicen na diocese e na rexión. Asimesmo, dada a transcendental importancia que ten a formación de educadores, este Concilio Pastoral coida imprescindible que nos Seminarios e comunidades de relixiosos/as se coide especialmente a formación catequética.

1.40. Recoñecemos-la transcendencia das Escolas universitarias para a formación do profesorado de EXB en orde á preparación de educadores. Por iso cómpre que no nomeamento dos «profesores de relixión» destas escolas se teñan en conta non só a súa titulación teolóxica, senón tamén as súas cualidades persoais como educador e a súa capacidade de resposta ás esixencias pastorais e catequéticas do Centro. Estes profesores estarán, ademais, en estreita relación cos organismos de catequese e dispostos a colaborar na formación permanente do profesorado de EXB.

1.41. Para que a Igrexa en Galicia conte cun centro universitario propio en orde a formar profesores de EXB, este Concilio Pastoral apoia á Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB radicada en Vigo, atribuíndolle carácter rexional ó servizo das cinco dioceses galegas.

10. UNHA CATEQUESE EN ANOVAMENTO

Da nosa pastoral tradicional da infancia subliñamos estes elementos positivos:

- a Igrexa mantivo certa presenza na escola a través, sobre de todo, do mestre cristián, e derradeiramente coidouse do anovamento da catequese escolar;
- veuse realizando dunha maneira xeneralizada unha catequese parroquial con grande insistencia na preparación da primeira comunión;
- fixéronse intentos illados de relación coa familia;
- fixéronse en tódalas dioceses esforzos por formar educadores: cursiños, grupos de formación...;
- iniciouse unha colaboración e coordinación rexional, froito dela son: programacións conxuntas, cursiños rexionais, publicacións de materiais catequéticos, etc.;
- hoxe en día existen experiencias illadas de verdadeiro anovamento na catequese.

A tarefa de anovamento esixe promove-lo desenvolvemento das formas habituais do Ministerio da Palabra e suscitar outras novas, favorecendo a necesaria creatividade e corresponsabilidade (DCX 9, 127; EFPC).

1.42. Este Concilio Pastoral ten en conta as diversas experiencias catequéticas renovadas que xa se están levando a cabo en Galicia. Coida que, pola situación de cambio, deben ser promovidas coas debidas condicións e pensa que deben intercambiarse para común enriquecemento, acollendo as que se xulguen positivas.

II. CATEQUESE DA XUVENTUDE

1. TOMA DE CONCIENCIA

— Constátase que, en xeral, a Pastoral xuvenil da Igrexa en Galicia non atinxe, dunha maneira proporcionada, ós medios empregados, o seu obxectivo de educar na fe os xoves.

2.1. A Igrexa en Galicia, neste Concilio Pastoral, é consciente da grave responsabilidade que contrae perante o pobo e de cara ó futuro na educación da fe dos xoves.

2.2. Tendo en conta que a problemática xuvenil característica da nosa rexión se sitúa principalmente:

- no espaxamento da familia debido á emigración (de pais e de xoves), ó traballo no mar, ós traballos temporeiros fora de rexión;
- na trasfega dos xoves do rural á cidade, que trae como consecuencia a creación de amplas zonas suburbanas e a despoboación do campo;
- no espallamento da poboación rural;
- na problemática típica do proceso de desenvolvemento: tecnificación, consumismo, aumento da poboación estudiantil;
- nos contrasignos da mesma Igrexa, etc.,

proponse buscar eficazmente os obxectivos, persoas e liñas de acción que lle permitan dar unha resposta axeitada a estas necesidades, tanto para o intre presente coma para o futuro inmediato, nunha actitude de revisión constante.

2. OBXECTIVOS A ATINXIR

— Os feitos revelan unha falta de criterios e obxectivos concretos que orienten o labor da educación na fe dos xoves. Isto trae como consecuencia desorientación e anarquía.

- axudar a que a persoa adquira conciencia crítica que lle permita supera-lo materialismo e a masificación da sociedade de consumo;
- axudala a descubrir e ordenar axeitadamente os valores;
- descubri-lo sentido cristián da vida;
- levala a unha maduración persoal que, superado o subxectivismo, conduza a unha opción persoal por Xesucristo resucitado e Señor da Historia;
- e a unha actuación responsable e esperanzadora dentro da comunidade (cf. DCX 84, 85 e 86).

2.4. A Igrexa en Galicia toma como tarefa urxente capacita-los educadores necesarios, con vocación, para a educación na fe dos xoves dos distintos ambientes e segundo a problemática característica da nosa rexión. Estes educadores asumirán os problemas e as inquiredanzas da xuventude.

2.5. A Igrexa en Galicia deberá potencia-las experiencias positivas que xa existen e crear novas canles e medios para a realización eficaz deste labor de educación na fe dos xoves, conforme ás necesidades típicas da rexión.

2.6. O proceso educativo na fe dos xoves dos distintos ambientes levaraos ó coñecemento e profundación do contido da mensaxe cristiá, a unha actitude de oración persoal e á vivencia da fe na Liturxia e nos Sacramentos (cf. DCX 38, 25).

O obxectivo fundamental da educación é axudar ó desenvolvemento da persoa humana. A educación non busca tanto que o home sexa capaz de producir máis, senón de ser máis (PP 19). Isto obríganos a preguntarnos, dentro do contexto do home galego, no noso caso, como vai se-la sociedade na que se desenvolverán as persoas e que posibilidades se lles van presentar para realizaren a súa vocación de homes e de crentes (GS 3).

2.3. A Igrexa en Galicia asume, para a educación na fe dos xoves, estes obxectivos xerais:

- axudar a que a persoa adquira conciencia crítica que lle permita supera-lo materialismo e a masificación da sociedade de consumo;
- axudala a descubrir e ordenar axeitadamente os valores;
- descubri-lo sentido cristián da vida;
- levala a unha maduración persoal que, superado o subxectivismo, conduza a unha opción persoal por Xesucristo resucitado e Señor da Historia;
- e a unha actuación responsable e esperanzadora dentro da comunidade (cf. DCX 84, 85 e 86).

2.4. A Igrexa en Galicia toma como tarefa urxente capacita-los educadores necesarios, con vocación, para a educación na fe dos xoves dos distintos ambientes e segundo a problemática característica da nosa rexión. Estes educadores asumirán os problemas e as inquiredanzas da xuventude.

2.5. A Igrexa en Galicia deberá potencia-las experiencias positivas que xa existen e crear novas canles e medios para a realización eficaz deste labor de educación na fe dos xoves, conforme ás necesidades típicas da rexión.

2.6. O proceso educativo na fe dos xoves dos distintos ambientes levaraos ó coñecemento e profundación do contido da mensaxe cristiá, a unha actitude de oración persoal e á vivencia da fe na Liturxia e nos Sacramentos (cf. DCX 38, 25).

3. CRITERIOS DE ACCIÓN

— Constátase que os educadores da fe dos xoves parten excesivamente de presupostos teóricos sen ter en conta a realidade humana, os centros de interese e a experiencia do xove. Por outra banda, obsérvase o desarraigamento que provoca nos xoves a nova situación socio-cultural, verbo dos seus ambientes de orixe.

A catequese debe preocuparse por orienta-la atención dos homes cara ás súas experiencias de meirande importancia, quer persoais quer sociais. É tamén súa tarefa presentar á luz do Evanxeo as interrogantes que xorden en tales situacións (cf. DCX 74, 26).

2.7. A educación na fe dos xoves deberá ter moi en conta tanto a experiencia persoal como a referencia ó seu ambiente.

2.8. Esta atención fundamental á experiencia valerá:

- para educa-lo xove no xuízo crítico cristián encol da súa situación e do entorno que o arrodea;
- como punto de partida para unha experiencia clara e concreta da mensaxe liberadora do Evanxeo ó que poida prestar unha adhesión persoal.

2.9. A educación na fe dos xoves deberá dar sentido e culmina-lo proceso educativo xeral: axudando a que o nivel cultural superior obtido non o desarraigue do ambiente orixinario, senón que o axude a descubri-los valores culturais do mesmo e a necesidade de comprometerse nunha acción cristiá liberadora.

2.10. Para que a maduración na fe dos xoves se desenvolva na súa forma normal, deberá facerse dentro da comunidade cristiá adulta. Nela os xoves deberán atopa-la súa verdadeira vocación cristiá, aberta a unha dimensión misioneira no mundo.

2.11. Os organismos diocesanos de pastoral educativa elaborarán unha programación do contido da mensaxe da fe en ciclos independentes e complementarios, que faciliten o acceso ós mesmos dos cristiáns que o desexan.

2.12. A Comisión de Laicos e de Acción Caritativa e Promoción Social deberán fornecer canles para o desenvolvemento do compromiso cristián dos xoves.

4. EDUCADORES

— Constátase, por unha banda, que a situación da educación na fe dos xoves depende en grande parte da actitude dos educadores, da súa formación e dos seus criterios. Pola outra, que a tarefa da educación dos xoves nos diversos ambientes está nas mans de cregos e relixiosos/as case exclusivamente.

Cando falamos de educador cristián, non nos referimos propiamente ó educador que toma directamente ó seu cargo a formación relixiosa, aludimos máis que nada ó que se propón uns obxectivos pedagóxicos e profesa uns métodos de educación que se inspiran no concepto cristián do home. «Para unha educación cristiá é da meirande importancia que o propio educador logre en si mesmo a unidade de vida autenticamente humana e perfectamente radicada en Xesucristo dando testemuño da súa fe» (1EEH, 42. Cf. DCX 111, 112).

2.13. Partindo do principio de que a educación na fe é tarefa de todo o pobo de Deus, o Concilio Pastoral de Galicia considera, suposta a vocación e a preparación necesaria, que deberán impartir-la educación na fe, mesmo no marco escolar, tanto cregos e relixiosos/as coma leigos.

2.14. Sen prescindir da súa condición de adulto, o educador na fe dos xoves ten que asumir os seus centros de interese e realidade ambiental. Se non conta con estas cualidades, non poderá realiza-la súa tarefa.

2.15. O educador na fe dos xoves deberá ter unha formación no ramo de pedagogía activa, tan importante hoxe en día para realiza-la súa misión, en calquera ámbito en que esta se leve a cabo.

2.16. O educador na fe dos xoves, ou grupo de educadores, revisará decote a súa fidelidade á Mensaxe, a súa encarnación e a súa misión no ambiente para que a súa tarefa sexa eficaz.

2.17. Ó educador na fe dos xoves, dentro do marco escolar, esixiráselle a ampliación do seu labor dende o ramo meramente docente ó da atención persoal ós seus alumnos, organización de encontros e o entronque necesario cos demais educadores de xoves na parroquia e nos movementos xuvenís.

2.18. No ámbito rural, o educador na fe, ademais das condicións xerais que se esixen a todo educador, deberá te-las seguintes características:

- unha actitude de encarnación e compromiso no mundo rural;
- especial sensibilidade para enxerga-lo estado de depresión e situación de inxustiza en que se atopa o mundo rural, axudando á necesaria toma de conciencia;
- aprezo e promoción dos valores culturais da comunidade rural;
- actitudes para o traballo en grupo.

Por todo iso o Concilio Pastoral coida que debe prestarse un maior apoio ó crego que exerce o seu ministerio no mundo rural, na súa formación permanente e na procura de novas fórmulas de evanxelización.

2.19. O Concilio Pastoral de Galicia é consciente de que, para a realización dunha educación na fe eficaz no ambiente obreiro e mariñeiro, debe contar con educadores cristianamente comprometidos cos mesmos, que teñan:

- conciencia obreira;
- compromiso cristián de vida, de traballo e as arelas do mundo obreiro;
- que saiban enxerga-los seus valores para potencialos;
- experiencia de fe, nada do compromiso co mundo obreiro.

Polo tanto, prega ós Bispos da Igrexa en Galicia que poñan tódolos medios para promoverlos e apoiálos no seu labor apostólico, conflitivo e arriscado.

2.20. A idade xuvenil necesita, pola súa peculiaridade e as súas esixencias, unha grande atención do educador. Este Concilio pide que as Igrexas diocesanas e os relixiosos/as fagan un meirande esforzo por facilitar educadores con dedicación e medios.

5. INSTITUCIÓNS

A) Descóbrese claramente a falta de institucións para a educación na fe dos xoves, e de igual xeito a falta de participación dos mesmos nos organismos responsables da Igrexa en Galicia nos seus distintos niveis.

Somos conscientes do papel irremplazable e extraordinario que ten a xuventude na sociedade: é portadora do cambio, esperanza do futuro e realizadora de cobizosas empresas (cf. AA 12; MX, 1).

2.21. Dende o punto de vista da educación na fe: crearase a nivel rexional e diocesano un equipo responsable xuvenil, integrado por educadores e xoves representativos dos diversos ambientes. Deberá te-la súa correspondencia na pastoral urbana abrangendo os distintos ambientes, e na rural a nivel de bisbarra e comunidade parroquial.

2.22. O educador responsable destes equipos deberá te-las seguintes cualidades:

- profunda vida de fe;

- coñecemento real da problemática xuvenil, que saiba valorala e estea aberto ás mutacións habituais deste sector;
- capacidade de diálogo, de animación e de creatividade;
- dominio das técnicas da catequese da xuventude.

2.23. Nos organismos rexionais e diocesanos, dedicados á pastoral educativa, debe existilo Departamento de Adolescencia-Xuventude.

2.24. Nos organismos de pastoral diocesanos ou parroquiais e nos concellos pastorais, na medida na que estes se vaian creando, daráselles entrada ós xoves representativos dos distintos ambientes, en igualdade de condicións ca ós membros adultos.

2.25. Sen descoida-las accións dirixidas a grupos maioritarios, a tarefa preferente dos educadores na fe dos xoves é: crear, dar azos, vitalizar grupos e orienta-los seus membros á acción apostólica, para que sexan renovación e fermento dos ambientes xuvenís.

2.26. Esta Asemblea Conciliar desexa que se conceda pola autoridade competente ós grupos de xoves a necesaria liberdade para a expresión da súa fe no ámbito litúrxico.

B) *As institucións nos ambientes concretos*

2.27. A Igrexa valora as posibilidades que ofrece o marco escolar para un encontro coa xuventude en orde á súa educación na fe. Emporiso, a experiencia neste eido aconsella un replaneamento á luz do exposto anteriormente, dos contidos desenvolvidos rigorosamente nunha liña escolástico-teolóxica e da forma maxisterial utilizada por moitos educadores con exclusividade ou sobexa preponderancia.

2.28. Os educadores na fe, dentro do marco escolar, deberán conxuga-la «obrigatoriedade» e a programación oficial cos grandes centros de interese da idade xuvenil.

2.29. Os educadores na fe, dentro do marco escolar, organizaranse como equipo e en Departamento de Formación Relixiosa e deberán favorecer e aguilloar unha participación xuvenil a niveis máis amplos dentro da comunidade clesial.

2.30. O proceso de industrialización esixirá, cada vez máis, que os xoves se preparen en escolas de formación profesional. Os educadores na fe destas escolas deberán te-las características indicadas en 2.18 e 2.19. A súa acción non deberá limitarse ó marco escolar, senón conectar cos movementos apostólicos obreiros e coas parroquias.

2.31. O Concilio Pastoral de Galicia pide ós centros educativos da Igrexa que realicen un esforzo para estaren máis presentes nos ambientes pobres.

2.32. Este Concilio Pastoral pide ás parroquias que fomenten os movementos xuvenís apostólicos para a formación dos xoves e como medio para incorporalos á misión evangelizadora no seu ambiente e na comunidade parroquial.

2.33. Cómpre prestar unha meirande atención á pastoral universitaria, de forma coordinada en toda a rexión.

2.34. Deberá constituírse un Departamento de Formación Relixiosa Universitaria que, coa indispensable organización, teña por finalidade promove-la pastoral a este nivel, sexa centro de acollida dos alumnos e coordine as diversas accións neste eido.

2.35. Por considerar que o ensino relixioso na Universidade require unha estrutura e un nivel universitarios, este Concilio estima que é un dereito dos cristiáns, e un deber da sociedade e da Igrexa, a creación dunha cátedra de características normais para o estudio da Teoloxía dentro da

Universidade, e prega ós Bispos de Galicia que fagan as xestións oportunas.

C) *Outros sectores*

2.36. Este Concilio Pastoral coida que deberá dedicarlles atención especial ós numerosos xoves que en Galicia se ven forzados a colle-lo camiño da emigración (V. adultos 3.24, 3.25). A educación na fe destes xoves debe ir insertada nun contexto de formación humana.

6. INSTRUMENTOS

— A Igrexa en Galicia é deficitaria en dispositivos e instrumentos para a educación na fe da xuventude, que permitan darlle viabilidade a unha acción catequética eficaz.

Os medios son, principalmente, a promoción e sostemento dos institutos catequéticos, os programas, os textos, os instrumentos de traballo, as directrices encol dos métodos e o fomento da investigación (cf. DCX 105).

2.37. A tarefa da educación na fe, aínda tendo en conta o seu factor máis decisivo nos educadores, necesita un serio apoio en instrumentos e medios (económicos, locais, etc.), sen os que resultan ineficaces moitos esforzos. Por iso, unha das funcións dos organismos da educación na fe dos xoves será:

- orientar amplamente os educadores encol dos materiais e instrumentos existentes;
- favorece-la elaboración de materiais de traballo propios que respondan ás situacións peculiares da xuventude galega, facilitando o encontro de educadores e o intercambio de experiencias.

III. CATEQUESE DE ADULTOS

I. URXENCIA DUNHA CATEQUESE CUNHA DIMENSIÓN EVANXELIZADORA

— Do estudo socio-relixioso preparatorio do Concilio Pastoral e das aportacións dos grupos conciliares, despréndese que, na actual situación de cambio, constitúe un fenómeno masivo a secularización, descristianización e afastamento relixioso, que están incidindo con forza na nosa rexión. En tal situación, a tarefa evanxelizadora e misioneira evidénciase como primordial para a educación na fe dos adultos.

«Moitísimas veces a situación real en que se atopa un grande número de fieis, pide necesariamente unha certa forma de evanxelización dos bautizados, que precede á catequese» (DCX 19). A catequese ha de cumprir «tarefas que atinxen á evanxelización», e a evanxelización deberá «preceder ou acompañar, segundo as circunstancias, o acto catequético propiamente dito» (DCX 18).

3.1. O mundo en cambio, o crecente proceso de secularización e o fenómeno actual de descristianización esixen con urxencia unha axeitada pastoral de evanxelización.

3.2. Diante desta esixencia de evanxelización, a Igrexa en Galicia comprométese a:

- renova-las formas tradicionais do Ministerio da Palabra subliñando a dimensión evanxelizadora;

- procurar novas canles de evanxelización e a catequese de adultos;
- educar para unha fe máis personalizada e comprometida.

3.3. Esta misión evanxelizadora esixe da Igrexa en Galicia, especialmente dos seus pastores e leigos comprometidos:

- actitudes claras de encarnación, mediante unha decidida presenza entre os máis pobres;
- estima positiva de tódolos valores do pobo galego;
- signos de amor, xustiza e unidade.

2. NOVAS CANLES DE CATEQUESE DE ADULTOS

A) *Urxencia e prioridade da catequese de adultos*

— A educación na fe dos adultos, ante «situacións e circunstancias que esixen formas particulares de catequese» (DCX 96), debe procurar canles novas de catequización de adultos no mundo actual, «caracterizado por cambios profundos e rápidos» (GS 4). En Galicia faltou deica arestora un esforzo creativo por buscar novas formas de catequese de adultos. A fe tradicional do noso pobo non pode cultivarse xa unicamente cos métodos e canles tradicionais, aínda que estes se renoven. A crise de identidade cristiá e eclesial de moitos crentes corre parella cunha formación cristiá infantilizada e unha deficiente madurez de fe, que non creceu ó ritmo normal de maduración da persoa nos eidos da profesión, cultura e convivencia socio-política.

— Asistimos tamén a un relativo fracaso da educación na fe dos nenos e dos xoves nos niveis escolares e parroquiais, por falta de imaxinación e de esforzo na catequese de adultos.

Para que a catequese de adultos poida responder sempre ás necesidades máis urxentes do noso tempo» (DCX 97), cómpre anovala en canto a institucións, métodos, contidos e axentes na educación na fe que, tratándose de adultos debe:

- “educar para unha recta apreciación, á luz da fe, dos cambios sociolóxicos e culturais da sociedade actual”
- “presenta-las interrogantes actuais en materia de relixión e moral. A Catequese debe facer súas as novas interrogantes que os homes de hoxe en día se formulan a si mesmos”;
- aclara-las relacións existentes entre a acción temporal e a acción eclesial”;
- “desenvolve-los fundamentos racionais da fe» (DCX 97).

3.4. Perante as novas situacións de cambio e a comprobación de que as formas actuais de catequese de adultos resultan insuficientes e moitas delas inaxeitadas, este Concilio Pastoral proclama a prioridade e urxencia da catequese de adultos sobre calquera outra acción da pastoral da fe. Cómpre, polo tanto, que tódalas dioceses galegas se comprometan —sen abandonar-las canles tradicionais, que deben ser anovadas— a procurar novas canles, métodos, instrumentos e institucións que respondan mellor ás actuais esixencias da educación na fe dos adultos.

3.5. Cada diocese deberá constituír, dentro do Secretariado de Catequese, o Departamento de Catequese de Adultos, que será dotado de tódolos medios necesarios. Dedicará a esta tarefa prioritaria o número suficiente de persoas capaces de impulsa-los novos planeamentos catequéticos para adultos.

3.6. A nivel rexional cómpre constituír, dentro do Secretariado Interdiocesano de Catequese, o Departamento de Catequese de Adultos. Entre os obxectivos principais deste departamento rexional prestarase especial atención á elaboración de programas e instrumentos catequéticos de adultos axeitados á nosa rexión. Este organismo rexional encargárase de impulsar, intercambiar e coordinar-las iniciativas e experiencias da educación na fe dos adultos.

B) *Educadores e medios*

— Un dos grandes problemas con que tropeza a promoción dunha nova catequese de adultos é a pouquitude de educadores. Das consultas levadas a cabo entre os leigos, despréndese a seguinte acusación ós cregos en canto educadores de adultos:

- deixan unha pegada de paternalismo nas súas actuacións cos leigos;
- predomina un estilo autoritario e dogmático ó presenta-los temas da mensaxe e educar na fe.

Por todo iso, os leigos arrastran unha actitude pasiva, sen a debida responsabilidade e autonomía persoal.

— A través das aportacións dos cregos, constátase que moitos deles son tamén conscientes deste estilo clerical: paternalista e autoritario. Non todos están preparados para dialogar hoxe en día co mundo dos adultos. A formación catequética recibida estivo sempre orientada cara á catequese infantil. É unánime a afirmación de que se necesita unha capacitación nas ciencias antropolóxicas, catequéticas e nas técnicas de grupo, para interesa-lo home actual pola mensaxe cristiá.

— Tocante ós educadores constátase tamén a ausencia case total de relixiosos e leigos nas tarefas da educación na fe dos adultos.

— Faltan, ademais, temarios e instrumentos axeitados ás novas situacións e ás interrogantes de hoxe en día que cómpre seren alumadas nunha catequese de adultos. Son pobres as experiencias levadas a cabo ata agora na nosa rexión.

3.7. Cómpre promove-la preparación de candidatos ó sacerdocio e presbíteros para a catequese de adultos. Os programas de formación terán en conta esta tarefa dándolles cabida ás ciencias antropolóxicas e ás técnicas de dinámica de grupo. Por outra banda, cada diocese porá en marcha unha escola ou equipo de formación de educadores de adultos, dependente do Departamento Diocesano de Catequese de Adultos.

3.8. Este Concilio Pastoral urxe «a incorporación de relixiosos, relixiosas e leigos, especialmente destes, dada a súa escasa participación» nas tarefas da educación na fe dos adultos. Xulga necesario que, tanto a nivel diocesano coma rexional, se promova a formación destes educadores e a creación de diferentes servizos dentro do Ministerio da Palabra (cf. XVIII As. Ep. E., *Liñas de acción*, 21; III Sínodo dos Bispos, 1971).

3.9. Co gallo de promover convenientemente o equipamento de catequistas de adultos, os Bispos de Galicia comprométense á creación dun centro rexional de estudos teolóxicos e catequéticos. Cada diocese impulsará, asimesmo, o movemento bíblico a través de medios e organismos competentes, para a formación de catequistas e para subvenir á deficiente formación neste eido.

3.10. «A Igrexa católica..., premida pola necesidade de evanxelizarse, coida que forma parte da súa misión predicar ós homes, coa axuda dos medios de comunicación social, a mensaxe de salvación» (IM 3). Por iso este Concilio Pastoral considera necesaria a utilización coordinada e eficaz dos medios de comunicación social. Pola súa banda, a Igrexa en Galicia deberá utilizar de maneira especial as súas emisoras e demais medios propios de comunicación para a promoción da fe.

C) *Catequese de grupos*

— Dende hai algún tempo estamos asistindo a un xurdir de grupos de adultos que —fóra do marco de movementos e, nalgún caso, de toda institución eclesial— procuran con inqueda unha personalización da fe e unha vivencia comunitaria da mesma.

Non obstante, aínda está por canalizar e afoutar na nosa rexión a educación na fe dos pequenos grupos. Prevalcen os métodos de masa e as canles culturais. Os grupos de profundización na fe non atoparon as debidas facilidades para se desenvolveren.

— O Concilio Pastoral sente esta chamada dos signos dos tempos en canto ás vantaxes da pequena comunidade para a autoexpresión da fe, a vivencia eclesial e asimilación da mensaxe na propia vida

do crente.

Non pode ignorarse hoxe en día que «a importancia do grupo crece cada vez máis na catequese... A catequese asume daquela as características propias dunha pescuda común. Ó se tratar de adultos, o grupo pode ser considerado hoxe como a condición dunha catequese que se propoña fomenta-lo sentido da corresponsabilidade (DCX 76).

3.11. Este Concilio recomenda que cada diocese apoie decididamente a educación na fe dos adultos en grupos pequenos ou comunidades abertas e misionerías. O Departamento de Catequese de Adultos, sen descoidar outras canles, prestará especial atención á promoción da catequese en grupos dentro da pastoral diocesana.

3.12. Deberán procurarse canles para que se integren na pastoral diocesana ou rexional os grupos espontáneos xurdidos á marxe desta. Ata onde o permita a comunión eclesial e o san pluralismo, necesario no Pobo de Deus, respectarase a orixinalidade de cada grupo, «non rebaixando o positivo (do) dinamismo (dos grupos espontáneos), ofrecéndolles medios para desenvolveren a súa fe e axudándolles a perfila-lo seu estatuto eclesial» (EFPC, *Liñas de acción*, 24).

3.13. Esta asemblea conciliar recomenda a creación do catecumenado nas nosas dioceses, para a educación na fe non só dos adultos que se preparan para o Bautismo, senón tamén daqueles bautizados que queiran tomar conciencia da súa condición cristiá e vivirla responsablemente (cf. EFPC, *Liñas de acción*, 12; RICA, 1972).

3.14. Cómpre fomentar —a través dos colexios— as asociacións dos pais de alumnos e antigos alumnos, como canles de catequización, establecendo dentro destas asociacións as escolas de pais e outras modalidades de grupos de reflexión e compromiso cristián.

D) *Unha catequese adaptada*

— A catequese de adultos en Galicia adoeceu en xeral de abstracción, preocupación excesiva por transmitir coñecementos e certo centralismo, sendo, pola contra, pouco sensible á problemática real do home galego, así como ós valores da súa cultura. Unha catequese así pode converterse, incluso, en instrumento de illamento, contribuíndo á despersonalización do pobo galego. Hoxe é conciencia común que a adaptación é principio irrenunciábel da fidelidade da Igrexa á súa misión no mundo (GS 44; LG 17; AG 22; DCX 8, 33, 44).

— A acción catequética debe ser prestada e realizada tendo en conta os coñecementos sociais e relixiosos dos distintos sectores humanos. Esta asemblea é consciente do pecado de omisión da Igrexa galega tocante a algúns sectores da nosa sociedade (obreiro, emigrante, mariñeiro, rural, etc.), así como da práctica dunha pastoral non sempre axustada á situación dos mesmos.

3.15. Este Concilio Pastoral xulga necesaria a valoración, e mesmo a promoción, por parte dos educadores na fe dos adultos, dos elementos peculiares da cultura galega, especialmente da lingua, por se-lo medio habitual de comunicación popular e o medio de expresión orixinal e entrañábel do pobo galego.

3.16. Debe prestarse a debida atención ós valores específicos da relixiosidade galega e á problemática sociopolítica da rexión e dos diversos grupos humanos, como realidade que debe ser alumada pola Palabra de Deus, de sorte que a catequese de adultos contribúa a impulsa-lo proceso de liberación cristiá, comunitaria e integral, partindo das situacións dadas.

3.17. A Igrexa en Galicia quere da-los pasos necesarios para que nela apareza visible o signo do Reino: «Os pobres son evanxelizados» (Mt 11, 5). Por iso comprométese a vivi-la pobreza evanxélica cunha presenza eficaz nos sectores máis necesitados, compartindo as súas situacións reais e comprometéndose nunha auténtica tarefa liberadora.

- 3.18. O mundo obreiro merece especial atención da Igrexa en Galicia. Esta deberá intensificar a evanxelización neste sector, mediante os movementos especializados e a formación de grupos de reflexión e compromiso cristián. Onde sexa posible, creará a «misión obreira».
- 3.19. Cómpre promover nas zonas rurais persoas e equipos con vocación que replaneen e programen a pastoral da fe no sector rural, en estreita colaboración cos departamentos diocesanos e rexional de Catequese de Adultos.
- 3.20. Este Concilio Pastoral propugna a procura de formas novas de atención pastoral ós campesiños que a cotío se desprazan ó traballo nos núcleos urbáns, así como tamén ós que inmigran da aldea á cidade.
- 3.21. A Igrexa en Galicia propónse promover a incorporación de leigos, relixiosos e relixiosas á pastoral rural, dun xeito especial nas tarefas da educación na fe dos adultos. Esta incorporación debería levar consigo, na medida do posible, a ubicación xeográfica no medio rural de comunidades relixiosas que estean en condicións de desempeñar este tipo de presenza misioneira.
- 3.22. Deben revitalizarse canto antes as institucións de evanxelización e atención dos homes do mar, creando tamén novas formas pastorais para atender os homes deste sector tanto nas estadias en terra como perante a súa permanencia no mar.
- 3.23. A pastoral da educación na fe dos homes do mar esixe que se lles adique o suficiente número de persoas con vocación e se intensifique a organización rexional, dispoñendo para iso dos instrumentos necesarios.
- 3.24. A Igrexa de Galicia en Concilio reconece a gravidade e inxustiza que o feito da emigración forzosa supón para o pobo galego, e fai unha chamada a todos —dun xeito especial ás autoridades nacionais e rexionais— para que se comprometan na procura de solucións para este problema.
- 3.25. O Concilio Pastoral pide que se promova a nivel rexional a organización da pastoral de emigrantes, poñendo en marcha a «misión de emigrantes», que, vencellada cos organismos diocesanos e nacionais da emigración, atenda as persoas que emigran e os seus familiares.

3. CANLES TRADICIONAIS

— Constátase que en Galicia a acción catequética e evanxelizadora do Ministerio da Palabra cos adultos fica en grande parte confiada ás canles consideradas como tradicionais, tales como misións populares, exercicios espirituais, cursiños (especialmente os de cristiandade), «preceptos», novenas, etc.

- 3.26. As canles tradicionais ofrecen posibilidades que non deben infravalorarse, aínda que necesitan, en moitos casos, unha profunda actualización. A renovación destes medios tradicionais deberá levarse a cabo de acordo cos criterios que este Concilio Pastoral establece para o Ministerio da Palabra.
- 3.27. A utilización dos devanditos medios deberá orientarse cara ó logro dunha verdadeira evanxelización e catequese, de maneira que a dedicación ós mesmos de persoas, tempo e recursos estea abofé xustificada.
- 3.28. O Ministerio da Palabra en Galicia prestará especial atención á relixiosidade popular, valorando todo o que ten de positivo. Renovará, nembargantes, as formas tradicionais da pastoral e promoverá a creatividade en orde a novas expresións relixiosas axeitadas ós distintos ambientes e grupos. Pois «máis que de conservar só costumes transmitidos, trátase sobre todo de fomentar unha axeitada re-evanxelización dos homes, de obter a súa reconversión»; no sentido relixioso, a pesar do

progreso da secularización, que continúa vixente... e é unha ocasión e punto de partida para anunciar a fe. Trátase tan só, como é obvio, de purificalo e de estimar rectamente os seus elementos valedoiros para que ninguén se contente con formas de acción pastoral hoxe en día desaxustadas, nada apropiadas e quizais fóra de lugar (DCX 6).

4. CATEQUESES OCASIONAIS

A) Sacramentos

— En Galicia existe un elevado índice de sacramentalización, mais embebido de notable rutinarismo e sen conviccións profundas, de onde xorde un divorcio evidente entre vida e sacramento.

3.29. É unha necesidade urxente realizar unha intensa tarefa catequizadora sobre os sacramentos, como o esixen o feito de seren «sacramentos da fe» (SC 59; DCX 56) e a relación Palabra-Sacramento, Fe-Sacramento.

3.30. O Concilio urxe ós sacerdotes e educadores que procuren por tódolos medios levar a cabo unha catequese de adultos co gallo da administración dos sacramentos, acentuando a súa dimensión persoal, comunitaria, pedagóxica e pascual (SC 59, 61; DCX 55, 56).

Catequese co gallo do Bautismo

— Advírtese o rutinarismo dos pais e a ausencia de motivacións profundamente cristiás á hora de optar polo bautismo de seus fillos.

Cómpre facer unha catequese ós pais en orde ó bautismo de seus fillos para lles facer caer na conta de que eles son «os primeiros predicadores da fe dos seus fillos coa palabra e co exemplo» (LG 11, 35). Aínda que é certo que os «meninos son bautizados na fe da Igrexa», «o bautismo destes cobra todo o seu sentido cando a vida cristiá dos pais... lle ofrece á gracia bautismal a posibilidade de fructificar» (DCX 78).

3.31. O Concilio Pastoral de Galicia urxe ós cregos que, mediante reunións previas, impartan a pais e padriños esta catequese, que ha considerarse normalmente como condición para proceder ó bautismo dos meniños.

Catequese co gallo da Confirmación

— Por falta dunha catequese axeitada, o sacramento da Confirmación considérase de insignificante repercusión na vida cristiá.

3.32. Encarécese ós cregos que desenvolvan unha catequese adecuada cos bautizados, xoves e adultos, que reciban o sacramento da Confirmación; e recoméndase que o día de Pentecostés se renoven os compromisos contraídos na recepción da Confirmación, «que os obriga máis estreitamente a espallar e defender de palabra e de obra a súa fe como auténticas testemuñas de Deus» (Div. Cons. Nat.; LG 11).

Catequese co gallo da Eucaristía e Penitencia

— Un grande número de pais, á hora de facer unha opción para que seus fillos reciban a primeira Penitencia e Comunión, móvense máis por motivos sociais ou rutinarios que por valoracións cristiás.

— É fácil advertir así mesmo en grande número de fieis da nosa rexión unha deficiente formación verbo do sacramento da Penitencia.

3.33. A iniciación sacramental dos meniños constitúe un intre privilexiado dentro do marco da familia, que urxe aproveitar en orde a unha catequese de adultos, promovendo xuntanzas cos pais.

3.34. Ó seu tempo, dun xeito especial na Coresma, debe levarse a cabo unha formación catequética de adultos encol do sacramento da Penitencia. A isto contribuirán notablemente as celebracións penitenciais comunitarias nas que se poña de relevo o aspecto social deste sacramento (*Ordo Poenitentiae*, Decreto; núms. 36, 37).

3.35. Os sacramentos da Reconciliación e da Eucaristía recibidos co gallo do chamado «precepto pascual» deben ir precedidos, próxima ou remotamente, da conveniente preparación catequética.

Catequese co gallo do sacramento do Matrimonio

— Obsérvase unha deficiente formación humana e cristiá nos xoves que reciben o Matrimonio.

— A «salvagarda e santidad do Matrimonio é unha das tarefas máis responsables e urxentes nos tempos actuais» (HV 30; DCX 59).

3.36. Deberán promoverse nas Dioceses galegas Centros de Pastoral Familiar que:

- realicen unha pastoral do noivado que responda ás interrogantes dos xoves;
- organicen nas cidades, vilas e bisbarrias rurais cursiños prematrimoniais; estes deben esixirse, ordinariamente, como condición para a recepción do sacramento;
- orienten os pais da súa tarefa de educadores cristiáns;
- impulsen o apostolado familiar mediante os movementos matrimoniais, asociacións de pais, etc. (GS 52; LG 35, 41; HV 26).

Catequese co gallo da Unción dos enfermos

— Os familiares dos enfermos acostuman agardar á última hora para comunicarlle ó señor abade o feito da enfermidade, polo que o sacramento da Unción dos enfermos soe recibirse, en moitos casos, en pésimas condicións.

3.37. Pídese ós sacerdotes que se esforcen por impartir unha catequese axeitada encol do sacramento da Unción dos enfermos. Deberán aproveitarse as visitas ós que están doentes para unha catequese personalizada de adultos.

B) *Noutras ocasións*

— É proverbial o «culto ós mortos» en toda a xeografía de Galicia, chegándose, ás veces, a extremos de esaxeración e de abuso.

3.38. O Concilio Pastoral de Galicia coida que, co gallo do arraigado «culto ós mortos», se imparta unha verdadeira educación na fe, que alume cristianamente a problemática da morte:

- procurando que en todo rito de exequias se teña unha homilía na que se coide a dimensión evanxelizadora;
- aproveitando as visitas ós familiares do defunto para algunha orientación catequética ou celebración de Palabra;
- eliminando calquera forma de «explotación» da relixiosidade popular encol da morte.
- Compróbase que o pobo cristián de Galicia, na súa meirande parte, vive á marxe ou de costas á Liturxia, que se considera desencarnada e sen vincallo coa vida.

3.39. As Delegacións Diocesanas de Liturxia, vencelladas co Ministerio da Palabra, promoverán intensas xeiras formativas e subministrarán instrumentos oportunos en orde a atinxir que o noso pobo viva ó ritmo do ano litúrxico, principalmente nos tempos fortes do Advento e da Coresma.

3.40. Dado que aínda quedan restos de superstición, maxia, ritualismo, «explotación económica» nalgúns santuarios que atraen a miles de devotos, fagan os responsables de ditos santuarios que, co gallo da devoción popular nestes lugares de culto, se presente o verdadeiro rostro da Igrexa de Cristo e se leve a cabo unha verdadeira evanxelización.

5. CATEQUESE DE MOVEMENTOS

— Os Movementos Apostólicos constitúen unha canle de evanxelización e catequese que cómpre ser valorada sen reservas. Non só educan na fe os seus membros, senón que os capacitan para seren eles mesmos axentes de catequese. Rexístrase, ademais, unha incipiente e prometedora aproximación entre Movementos e Catequese. Aqueles descubren a necesidade de proporcionar ós seus membros unha síntese coherente e profunda da mensaxe cristiá. A acción catequética pola súa banda pode aportar ós movementos a orientación e os servizos necesarios para a personalización e a experiencia adulta da fe. Isto supón e esixe unha estreita coordinación e colaboración entre ambas realidades pastorais.

3.41. A Igrexa en Galicia debe tomar conciencia do papel transcendental que corresponde ós movementos de leigos adultos en orde á educación na fe, e proponse promove-la súa corresponsabilidade eclesial, abríndolles canles de participación dentro do Ministerio da Palabra. Arela pór á súa disposición as persoas e os medios necesarios para a educación na fe dos seus membros e o cumprimento da súa misión.

3.42. Deben atoparse as fórmulas que faciliten e aseguren unha máis estreita colaboración entre os organismos diocesanos e rexionais dos Movementos e os correspondentes do Ministerio da Palabra.

6. A HOMILIA

— A predicación homilética é a canle común e ás veces única para a proclamación da Palabra. Das consultas levadas a cabo como preparación do Concilio Pastoral de Galicia, resulta maioritaria a acusación de que:

- a homilía non responde na maioría dos casos ás interrogantes humanas dos destinatarios nin se adapta ó nivel da situación e problemática do home galego;
- a predicación de homilía non vai sempre precedida dunha preparación adecuada, tanto próxima coma remota: falta a preparación dos cregos en canto a renovación teolóxico-bíblica, coñecemento do home galego e dos seus problemas, etc.;
- advírtese adoito a falta dunha elemental unidade eclesial, creando en moitas persoas unha especie de escándalo e confusión.

3.43. O Concilio Pastoral de Galicia lembra a importancia que ten a homilía na educación da fe. Sería grave desaproveitar esta canle. Urxe, pois, a actualización dos sacerdotes para o exercicio da predicación. Recoméndase a preparación e revisión das homilías en grupos de cregos e leigos.

Esta Asemblea arela, asimesmo, que a homilía dialogada en grupos pequenos atope canles autorizadas na Igrexa.

3.44. A predicación debe ser fiel ás orientacións actuais da Igrexa, evitando todo particularismo individual ou de grupo e conectando coa vida real e coas formas de expresión do home actual.

3.45. Faise necesario que en cada diocese se leve a cabo un traballo pastoral serio de orientación dos leigos e cregos encol da natureza e función da homilía, para que ninguén esixa dela o que non lle é propio nin se estrañe de que cumpra coas esixencias que corresponde á proclamación do Evanxeo entre os homes de hoxe en día.

3.46. Pídese que en cada diocese de Galicia se estableza canto antes un «servizo de orientación para a predicación», dentro do Ministerio da Palabra e en colaboración co Ministerio Litúrxico. A súa finalidade será a de ofrecer ós cregos instrumentos de orientación e canles permanentes de actualización bíblico-catequética, promovendo cursiños, formación de equipos homiléticos, etc.

7. ECUMENISMO E MISIÓN

3.47. Existen en Galicia diferentes comunidades cristiás non católicas. Seguindo as directrices do Vaticano II, esta asemblea conciliar subliña a necesidade da formación ecuménica dos católicos na fe, e desexa que se promova o diálogo ecuménico de acordo coas orientacións do decreto «Unitatis Redintegratio» (cf. DCX 27).

3.48. Consciente da súa misión de signo e instrumento da fraternidade, a Igrexa en Galicia propónse dialogar con tódolos homes da nosa rexión, sexan ou non crentes, e quere colaborar na edificación dun mundo máis humano (cf. ÍS 3, 21; LG 1; DCX 28).

3.49. Este Concilio Pastoral, despois de ter profundado encol da misión cvanzelizadora en Galicia, faise cargo de que «a graza da renovación nas comunidades non pode crecer se non expande cada unha os ámbitos da caridade ata os últimos confíns da terra, e non ten dos que están lonxe unha preocupación semellante á que sente polos seus propios membros» (AG 37).

IV. ESQUEMA ENCOL DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL DE GALICIA

I. SITUACIÓN ACTUAL

1. En Galicia existen nove diarios (véxase Anexo), cinco semanarios de información xeral e quince emisoras de radio. Este número de medios semella campo suficiente para unha acción pastoral, posibilidades que é evidente que non se utilizaron pola Igrexa galega, a xulgar pola pobre presenza que ten nos devanditos medios.

2. O anterior é tanto máis grave canto que, deses medios, catro emisoras de radio son propiedade da mesma Igrexa, un diario é definitivamente católico e cónstanos que os demais medios, en maior ou menor grao, están abertos a unha aceptable colaboración, especialmente no terreo específico da información.

3. Constátase, asimesmo, que esa presenza pobre da Igrexa nos medios, tanto propios coma «neutros», non responde a unha laboura pastoral conxunta, e a meirande parte das veces dá a sensación ante o pobo cristián galego de que se actúa «en guerrilla», manifestando claros signos de desunión, co que se desorienta a modesta formación relixiosa do noso pobo.

4. Finalmente, a Subcomisión dos Medios de Comunicación Social coida que a presenzaa doutras publicacións, enxebremente eclesiais, como boletíns oficiais, follas parroquiais, etc. —quer polos fins, quer polas técnicas usadas—, carecen de influencia na comunidade cristiá porque as devanditas publicacións non responden suficientemente ás esixencias de difusión da Palabra de Deus, en consonancia cos tempos actuais.

2. PUNTOS DE PROFUNDAMENTO Á LUZ DA DOCTRINA DA IGREXA

1. A doutrina da Igrexa, tanto a do Concilio como a do Maxisterio ordinario, é amplísima nestes eidos. Dende Pío XI —no abrente da Radiodifusión— ata a derradeira mensaxe de Paulo VI, existen infinidade de documentos, en canto á importancia e influencia destes medios e ó seu recto uso e aproveitamento. Abonda con citar: «Inter mirifica» (Vaticano II), «Ecclesiam suam», «Communio et Progressio», «Mensaxes das oito xornadas das comunicacións sociais», «alocucións», etc., de Paulo VI, e os innumerables documentos emanados das Conferencias Episcopais e pastorais dos Bispos de todo o mundo. En todos eles reafírmase sempre o dereito orixinario a utiliza-los medios de comunicación social, ben servíndose dos propios ou estando presentes en todos eles, defínanse ou non católicos.

2. Sinalamos algúns textos concretos. Verbo da prensa, Paulo VI, o 29 do nadal do 1968, dicía textualmente: «Non se require só unha prensa católica, senón tamén a presenza da Igrexa na chamada prensa neutra ou de grande información. E iso supón que moitos dos bos fillos da Igrexa, dedicados ó periodismo, teñan unha aguda conciencia da súa misión, que se revelen capaces, polas súas cualidades profesionais e pola súa altura de miras, de impoñer respecto e atención nun camiño no que se agarda, precisamente deles, ese suplemento de alma que poden e deben proporcionar».

3. Tamén a Conferencia Episcopal Española, na súa XVIII Asemblea Plenaria, fíxose eco no seu documento encol de «A educación da fe en España», desta doutrina. Transcribimos textualmente o informe que a devandita Asemblea presentou á Comisión Episcopal de Medios de Comunicación Social: «Non se prestou suficiente atención ó influxo dos Medios de Comunicación Social na evolución da fe no home moderno. A mesma influencia que os medios de comunicación social exerceron sobre o home de hoxe en día para determinar nel un cambio de mentalidade, son capaces de exercela para influír sobre a mentalidade moderna. De onde se desprende que os medios de comunicación social veñen a ser, hoxe en día, os mellores axentes de catequese e evanxelización».

4. Paulo VI, na súa derradeira mensaxe co gallo da Oitava Xornada Mundial das Comunicacións Sociais, lémbra-nos: «Non será obediente ó mandato de Cristo quen non use convenientemente as posibilidades ofrecidas por estes instrumentos para espallar mellor e ó meirande número de homes a difusión do Evanxeo» (CP, 126). A evanxelización é parte constitutiva da misión da Igrexa, enviada por Cristo ó mundo para predica-lo Evanxeo a tódalas criaturas (cf. Mc 16, 15). A nosa atención séntese atraída, neste sector, por moitos compromisos urxentes: ante todo, polo de darlle á información e ó espectáculo contemporáneo unha liña de desenvolvemento que facilite o espallamento da boa noticia e favoreza a profundación dos conceptos da dignidade da persoa humana, da xustiza, da fraternidade universal... Logo a procura dunha renovación dos métodos de apostolado, aplicando os novos instrumentos audiovisuais e a prensa á catequese, á multiforme obra educativa, á presentación da vida da Igrexa, da súa liturxia, dos seus fins, das súas dificultades, pero, máis que nada, o testemuño de fe e de caridade que a afouta e a renova.

5. Como o mesmo Concilio suxire, coidamos que este espírito debe converterse en obriga que recaia, primeiramente, sobre os suxeitos activos da información; mais tamén sobre os destinatarios, é dicir, sobre os receptores da información e, fundamentalmente, sobre os axentes subministradores da información, que, neste caso concreto, serían os órganos de goberno da Igrexa de Galicia.

3. RESPOSTA A ESTAS REALIDADES E REFLEXIÓNS

A Subcomisión de Medios de Comunicación Social (Ministerio da Palabra) diante desta realidade e despois de ter reflectido amplamente encol do tema, coida como fundamental unha acción inmediata que dea resposta a estas necesidades que a Igrexa considera obrigatorias. Verbo disto, os axentes subministradores deben favorecer-lo espallamento de noticias e promove-la formación catequética a través dos medios de comunicación social para unha meirande sensibilización do Pobo de Deus na vida da Igrexa galega. Para esta actividade seica é conveniente dotar esta acción de unidade de miras e homoxeneidade de criterios en relación a toda a comunidade cristiá de Galicia. Urxe moito ós

pastores que adopten criterios comúns nas cuestións fundamentais, tendo en conta que hoxe en día os problemas repercuten a nivel máis amplo do estritamente diocesano. Resumímo-la devandita acción nas seguintes conclusións

4. PROPOSICIÓNS

4.1. Para unha meirande eficacia proponse a creación dunha Comisión Interdiocesana de Medios de Comunicación Social, que tería a misión de coordina-los seus obxectivos —buscando a forza representativa ante os Organismos máis elevados—; entre outros, serían os seguintes:

- a) Recomendar e urxi-la creación, e no seu caso garanti-la eficacia, de Comisións Diocesanas de Medios de Comunicación Social.
- b) Servir e promocionar, polos procedementos máis rápidos posibles, información dos acontecementos eclesiais, pastorais, ou de calquer tema que se considere necesario para cumpri-la misión da Igrexa no mundo de hoxe, nos distintos Medios de Comunicación Social.
- c) Atende-las solicitudes de información dos Medios de C. S., xestionando ante os órganos de goberno correspondentes da Igrexa galega os datos para completa-la información solicitada.
- d) Contar con equipos de especialistas nas distintas materias (Teoloxía, Sagrada Escritura, Pastoral, Catequese, etc.) que, asesorados tecnicamente en canto ó uso do medio de que se trate e conectados co Ministerio da Palabra, colaboren fundamentalmente coa Comisión Diocesana e, a través dela, coa Interdiocesana de M. de C. S.
- e) Realizar unha información cara a dentro, é dicir, recoller todo aquilo que se difunda nos Medios e trasladalo ós centros e organismos da Igrexa aquelados.
- f) Tratar de ir formando especialistas en Radio e Prensa e urxir para iso os medios necesarios para acadalo.
- g) Damos por suposto que tanto as Comisións Diocesanas coma a Interdiocesana estarán estreitamente vencelladas coa Comisión Nacional de Medios de Comunicación Social.

4.2. Para levar a cabo estes obxectivos súxírese que a Comisión Interdiocesana estea integrada por persoas que teñan o seu ámbito de acción nas cidades onde existan periódicos ou emisoras de radio, aínda que o Gabinete Coordinador semella oportuno resida en Santiago.

4.3. Como a Igrexa en Galicia conta con catro emisoras de radio, faise imprescindible:

- a) Que as devanditas emisoras, partindo do necesario soporte económico, non soamente «sexan», senón tamén «aparezan», ante o noso pobo, cunha visión fundamental e primordialmente evanxelizadora e de servizo, non como empresa económica.
- b) Tendo en conta que, na nosa Rexión, as características son bastante comúns, impónse unha programación e estruturación conxunta —alomenos para certos programas de calidade— no terreo da información e no da educación na fe.

4.4. Os medios propios da Igrexa deben estar sempre na vangarda para respostar, clarear ou matizar todo comentario vertido en calquera medio de comunicación social, que non axeitándose a unha información obxectiva ou que implique unha visión tendenciosa dos feitos a que se refira dita información, poida causar grave dano á opinión pública. Neste sentido os distintos equipos, xa mentados, deben pór en funcionamento os seus recursos ó máximo coa rapidez que esixen os devanditos medios de comunicación social.

4.5. Para que a Comisión Interdiocesana sexa eficaz, suxerimos:

- a) Que os seus membros teñan unha colaboración activa en periódicos ou emisoras e formen parte da Comisión Diocesana.
- b) Que nos medios nos que xa existe habitualmente información eclesial, quer realizada por colaboradores do medio ou por profesionais plenamente vencellados ó xornal ou emisora, establezan os contactos necesarios para acadar unha eficaz colaboración e coordinación, respectando, loxicamente, a independencia ideolóxica e os vínculos contraídos co seu medio ou empresa polos colaboradores ou profesionais de que se trate.

4.6. Os equipos diocesanos e o interdiocesano de Medios de Comunicación Social que se creen para atender as esixencias que se presentaron neste aspecto no Concilio Pastoral de Galicia, deberán estar atentos non só a realizar a súa misión no grao de eficacia que pide a realidade actual, senón tamén para programar e prever outras accións nos ámbitos do cine, o disco, a televisión, editoriais, etc., e en xeral, a calquera outro medio que poida xurdir a escala rexional, que caia dentro do ámbito dos Medios de Comunicación Social e a través dos que poida realizarse unha labora evanxelizadora.

4.7. As persoas que traballan, cun mandado da Xerarquía, nestes eidos dos Medios de Comunicación Social, deben recibir este mandado con carácter prioritario sobre outras misións, sen que se refugue unha adicación exclusiva a tal misión, que sería o ideal. Os medios económicos deberán ser proporcionais ó grao de adicación e deberán saír fundamentalmente, sempre que sexa posible, do mesmo medio no que se traballe.

4.8. Aínda que a creación desta Comisión de Medios de Comunicación Social non se pensa para que funcione só durante o Concilio, senón cun carácter permanente, semella obvio que preste os seus servizos, como obxectivo inmediato, durante a celebración do Concilio Pastoral, para o que é indispensable axuntar e coordinar tódolos efectivos, tanto das persoas como dos medios cos que se conta na actualidade.

5. ANEXO Ó ESQUEMA DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL

En Galicia, cunha poboación de case tres millóns de habitantes, hai NOVE DIARIOS. A tiraxe global destes nove xornais diarios é de 178.396 exemplares. A distribución por provincias é a seguinte:

A Coruña	82.400
Pontevedra	60.408
Lugo	19.325
Ourense	16.263

Estes exemplares proveñen dos distintos xornais que operan na Rexión. E dicir: n'A Coruña hai catro xornais diarios, mais dous deles ó menos teñen influencia nas outras provincias mediante as súas distintas edicións. A menor escala, tamén os outros. Estas cifras, pois, non proveñen dos periódicos que se editan en cada provincia, senón que se tomaron globalmente e utilizáronse os índices de influencia de cada un, pola súa venda, nas distintas provincias. Ora ben, tales cifras dinnos que en Galicia hai, a nivel rexional, un índice de lectura de prensa diaria de 6,86 por cento. Por provincias as porcentaxes son as seguintes:

A Coruña	8,2 %
Pontevedra	7,9 %
Lugo	4,75 %
Ourense	4 %

Estes datos foron obtidos considerando as tiraxes, segundo control do O.J.D., e con relación ós seguintes diarios (último control realizado en 1969): La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, Faro de Vigo, El Progreso de Lugo, La Región de Ourense e El Correo Gallego.

E os diarios non sometidos a dito control, tamén teñen cifras estimables: Ferrol Diario, Diario de Pontevedra e Pueblo de Vigo.

Tampouco entrou no cómputo a edición aérea de La Región de Ourense, destinada ós emigrantes, que cada semana edita 150.000 exemplares.

Asimismo, tampouco se tiveron en conta os cinco semanarios da rexión, que son as tres: Follas dos Luns, o Pope e Galicia Deportiva.

COMUNICADO DOS BISPOS APROBANDO AS CONCLUSIÓNS

Celebrada en Santiago a primeira Xuntanza Xeral do Concilio Pastoral de Galicia encol do Ministerio da Palabra, os días 29, 30 de xuño e 1 de xullo do presente ano, de acordo co artigo 35 do Regulamento do devandito Concilio e co desexo e propósito dunha meirande eficacia do Ministerio da Palabra en toda a Arquidiocese, os Bispos de Galicia, na festividade do Apóstolo Santiago, tomamos por unanimidade os seguintes acordos:

1. Referenda-las Proposicións aprobadas na devandita Xuntanza encol da Catequese da Infancia, Xuventude, Adultos e Medios de Comunicación Social, como pautas de orientación pastoral, tanto a nivel diocesano coma rexional (Regulamento do Concilio Pastoral de Galicia, art. 35). As devanditas Proposicións serán publicadas nos Boletíns Oficiais de cada diocese da Provincia Eclesiástica.

2. A Secretaría Xeral do Concilio deberá facer unha edición especial das Proposicións aprobadas e referendadas, tanto en lingua castelá coma galega. Ás mesmas precederá este Comunicado dos Bispos.

3. As devanditas Proposicións deberán ser sempre interpretadas á luz e de acordo co Maxisterio da Igrexa, e dun xeito especial do Concilio Vaticano II e do Directorio Xeral de Pastoral Catequética, no que se refire ó método e organización da catequese e ó seu contido (Proposicións 1.4 e 1.35).

4. É desexo e propósito dos Bispos da Arquidiocese Compostelana que, dentro da autonomía e liberdade que corresponden por dereito a cada diocese e a cada Bispo diocesano, se acade a conveniente coordinación pastoral no Ministerio da Palabra a nivel rexional.

5. Para iso, os Bispos de Galicia comprométese a ir dando gradualmente os pasos necesarios, algúns deles xa se apuntan nas Proposicións aprobadas e referendadas. Con relación a este traballo confíase na colaboración de suxerencias e orientacións que preste a Comisión Conciliar do Ministerio da Palabra, baixo a dirección do Bispo de Lugo.

6. Sendo tan urxente e necesaria en toda a Galicia esta acción educadora na fe, facemos unha chamada, coa esperanza dun meirande compromiso apostólico, a tódolos membros do pobo de Deus, dun xeito especial ás comunidades parroquiais, movementos apostólicos, familias, cregos, relixiosos, relixiosas, mestres, catequistas seculares e outros grupos, para que, á luz e de acordo coas Proposicións aprobadas e agora referendadas por nós, tomen co máximo empeño esta misión pastoral de evanxelización e catequese. Será necesario insistir, de xeito particular, na preparación teolóxico-doutrinal, coñecemento das ciencias do home e actualización metodolóxica dos nosos educadores na fe (DCX 112: Proposicións 1.35, 3.7).

7. Convencidos de que a educación na fe é, sobre todo e máis que nada, unha acción que depende da graza de Deus e da unión vital con Cristo, lembramos a tódolos educadores na fe o que di o Directorio Xeral de Pastoral Catequética no núm. 114: «A misión confiada ó catequista pide del unha intensa vida sacramental e espiritual, o hábito da oración, un sentido profundo da excelencia da mensaxe cristiá e da súa eficacia para transforma-la vida, e o exercicio de caridade, da humildade e da prudencia, que permitan ó Espírito Santo perfecciona-la súa fecunda obra nos catequizandos» (Proposición 1.35).

8. No nome do Señor e da Igrexa en Galicia queremos facer público o noso agradecemento a todos aqueles que dunha ou doutra forma colaboraron nesta primeira etapa do noso Concilio Pastoral de Galicia, ó mesmo tempo que pedimos a tódolos fieis unha meirande participación na segunda etapa que, se Deus quer, iniciárase no próximo mes de outubro.

«As xuntanzas que comezan —dicíano-lo Santo Padre na súa Mensaxe ó Concilio— adquiren unha

perspectiva nova dentro do marco relixioso do Ano Santo. Unha común arela de anovamento e de reconciliación debe dispor tódolos católicos a aceptar a responsabilidade da súa fe, facela fructificar en beneficio propio e dos demais, e incrementar, mediante a caridade, a vitalidade da comunidade eclesial».

Onda o sartego do Apóstolo Santiago e pola súa intercesión pregamos ó Señor, unha vez máis, que nos axude a levar a cabo «a obra que El mesmo comezou en nós» (Fil 1, 6), «tendo todos o mesmo pensar, a mesma caridade, o mesmo ánimo, o mesmo sentir» (Fil 2, 2) para o ben espiritual e temporal do noso pobo galego.

Coa esperanza e o optimismo que se fundan na nosa fe común en Xesucristo, Salvador dos homes, recibide todos un saúdo e unha bendición especial dos vosos Bispos:

ANXO SUQUÍA, Arcebispo de Santiago
ANXO TEMIÑO, Bispo de Ourense
ANTONIO ONA, Bispo de Lugo
XOSÉ CERVIÑO, Bispo Vicario Xeral de Santiago
XOSÉ DELICADO, Bispo de Tui-Vigo
MIGUEL ANXO ARAÚXO, Bispo de Mondoñedo-O Ferrol

Santiago de Compostela, 25 xullo do 1974

DOCUMENTO SEGUNDO

O LAICO NA IGREXA E NA CONSTRUCIÓN CRISTIÁ DO MUNDO

I. O LAICO CRISTIÁN NA IGREXA

CHAMADA UNIVERSAL Á SANTIDADE

Constátase no leigo cristián galego:

— En xeral:

- un descoñecemento da súa chamada á santidade e dos medios para podela acadar;
- un desvencellamento entre a súa fe e a súa vida.

— Nalgúns:

- dáse un desprestixio da verba santidade, que os leva a falar dela irónica e despectivamente;
- e danse tamén concepcións da santidade incompletas e falseadas.

Isto débese en parte:

- á falta da necesaria catequese;
- a un desenfoque da presentación da mesma polos educadores;
- e a unha exposición defectuosa dos modelos de santidade.

Nembargantes, hai persoas que valoran e viven a santidade, sendo estimado e ben acollido polo pobo o seu testemuño de vida.

«Os seguidores de Cristo, chamados por Deus non en razón das súas obras senón en virtude do designio e da graza divinos, e xustificados no Señor Xesús, ficaron convertidos polo Bautismo —Sacramento da Fe— en verdadeiros fillos de Deus, en partícipes da natureza divina e, polo mesmo, son de verdade santos» (LG 40).

«Unha mesma é a santidade... pero cadaquén debe camiñar de acordo cos dons e coas funcións que lle son propias..., polo tanto, tódolos fieis cristiáns, nas condicións, traballos e outras circunstancias da súa vida, e a través disto todo, santifícanse máis cada día...» (LG 41).

«O divorcio entre a fe e a vida cotiá de moitos tense que considerar como un dos erros máis graves do noso tempo... polo mesmo, non se creen oposicións artificiais entre as ocupacións e profesións sociais, por unha banda, e a vida relixiosa pola outra» (GS 43).

5.1. O Concilio Pastoral de Galicia recórdalles a tódolos leigos galegos a súa vocación á santidade, que se realiza na perfección da caridade para con Deus e os irmáns, que os compromete a ser coherentes na súa vida persoal e comunitaria coa fe que profesan e que esixe a liberación de toda escravitude.

5.2. Os leigos galegos teñen que asumir a súa propia e específica espiritualidade, que se desenvolve coa súa acción, impulsada polo Espírito, nas realidades temporais e a través delas.

Isto levaraos a tomar conciencia crítica da realidade, a comprometerse na construción dunha sociedade moito máis xusta, insertándose dun xeito eficaz na loita pola liberación integral do home galego, dos humildes e marxidados, e a ter un comportamento persoal e comunitario que estea de acordo cos principios morais do Evanxeo.

5.3. Os leigos, para seren fieis á súa vocación á santidad, débense comprometer:

— a unha formación permanente por medio dunha atención á vida e á Palabra de Deus, que terán de alimentar a súa oración persoal e comunitaria;

— á celebración comunitaria da fe, sexa na Liturxia coa celebración dos sacramentos — especialmente da Eucaristía—, sexa noutros encontros e vivencias humanas;

— a acoller tamén como medios normais de santificación o traballo e todas aquelas circunstancias, favorables ou adversas, que poidan darse na súa vida, facendo un esforzo por ir superando con espírito arriscado e ledo as limitacións e os atrancos que se lles poñan diante;

— a ter en María o modelo perfecto da súa vida espiritual e apostólica.

2. DIMENSIÓN COMUNITARIA DA FE

Obsérvase:

- que a vivencia comunitaria da fe nos leigos galegos chega a niveis moi baixos;
- que hai moita falta de comunidades cristiás vivas.

Isto débese:

- a unha formación relixiosa moi individualista;
- á falta dun desenvolvemento dos valores comunitarios do home;
- a unha supervaloración da función e figura que na Igrexa ten a Xerarquía, dando así lugar a unha inhibición dos leigos na vida da mesma Igrexa;
- a que a parroquia urbana, en moitos casos, se foi reducindo por demais a un culto ritualista e a unha administración burocrática.

«Os leigos teñen a súa parte activa na vida da Igrexa, pois son partícipes do oficio de Cristo sacerdote, profeta e rei. A súa laboura nas comunidades é tan necesaria que sen ela o propio apostolado dos pastores non pode, nas máis das veces, acadar dun xeito pleno os seus obxectivos... A parroquia ofrece un modelo ben claro de apostolado comunitario, pois ela reduce á unidade tódalas diversidade humanas que poidan darse no seu seo e vainas insertando na universalidade da Igrexa. Afáganse os leigos a traballar na parroquia ben unidos cos seus sacerdotes, a presentarlle á comunidade da Igrexa os problemas propios e os do mundo, e tamén os asuntos que fan referencia á salvación dos homes, para examinalos e solucionalos conxuntamente...» (AA 10).

5.4. O Concilio Pastoral de Galicia prégalles ós leigos galegos que, tomando conciencia da súa responsabilidade, se comprometan a vivir a dimensión comunitaria da súa fe partindo das agrupacións naturais, como poden ser os arrabaldes, os núcleos de veciños, as aldeas, as parroquias rurais, e a través de pequenos grupos ou comunidades de base que sexan fermento de evanxelización.

5.5. A vivencia comunitaria da fe débese abrir a unha dimensión universal, en comunión con tódolos homes, e invitar, animar e axudar a algúns dos membros da propia comunidade a que se decidan por unha vocación misioneira nas terras de Misión.

5.6. Para potenciar máis o senso comunitario, o Concilio Pastoral de Galicia quere que a parroquia se entenda tamén como asemblea de pequenas comunidades. Nela o sacerdote exercerá o seu ministerio como un servizo a aquelas comunidades nas que estará integrado para vivir e comparti-la súa propia

fe.

5.7. Neste novo planeamento da comunidade de fe faise necesario promover, de entre os leigos, animadores que lle empresten á comunidade os servizos que ela necesita.

5.8. Os cristiáns leigos galegos, tomada conciencia da súa misión na Igrexa, asumirán corresponsablemente as funcións que son propias e específicas deles:

- na educación na fe;
- na participación activa na Liturxia;
- no planeamento pastoral;
- na administración dos bens materiais da Igrexa;
- na denuncia profética.

5.9. O Concilio Pastoral de Galicia opta decididamente pola creación de Consellos pastorais representativos a nivel de parroquia, de zona e de diocese, como canle de participación dos leigos.

3. VOCACIÓN Ó APOSTOLADO

Ó facer unha revisión do Apostolado Segregar en Galicia, obsérvanse as seguintes constantes:

- Unha falta de valoración e ata dun coñecemento elemental da dimensión apostólica que toda vida cristiá leva en si, como tamén da responsabilidade que ten cada un dos cristiáns de cara á fe e á vida dos demais.
- A existencia de moitas asociacións entre os leigos, pero todas elas cunha vida frouxa, sen forza de chamada e sen raigame na situación concreta da Igrexa e do mundo galego.
- A ausencia de dirixentes leigos que animen os grupos.
- A actitude de moitos cregos, relixiosos e relixiosas que refugan esta laboura.

«A Igrexa naceu con este fin: propaga-lo Reinado de Cristo por toda a terra para gloria de Deus Pai, e así facer que tódolos homes sexan partícipes da redención salvadora e que, por mediación deles, o universo camiñe de verdade cara ó encontro con Cristo.

Toda a actividade do Corpo Místico, encamiñada a este fin, chámase apostolado e exercece na Igrexa por tódolos seus membros, aínda que de xeitos distintos» (AA 3).

«Cada cristián está chamado a exercer-lo apostolado individual nas multiformes circunstancias da súa vida. Nembargantes, lémbrese de que o home é, de seu, un ser social e de que Deus quixo unir a tódolos crentes en Cristo no Pobo de Deus, integrándoos nun só Corpo. Polo tanto, o apostolado organizado responde dun xeito eficaz ás esixencias humanas e cristiás dos fieis sendo, ó mesmo tempo, un sinal da comunión e da unidade da Igrexa en Cristo» (AA 18).

5.10. Habendo como hai unha íntima vinculación da vida cristiá co apostolado, o Concilio Pastoral de Galicia pídelles ós bispos, sacerdotes, relixiosos, relixiosas e leigos da Igrexa en Galicia que tomen conciencia da necesidade de encamiñar tódalas accións eclesiais a descubrir, alumear e promove-la dimensión apostólica de tódolos cristiáns.

5.11. Nas comunidades cristiás promoveranse cun senso creador, tendo en conta a súa eficacia apostólica, aquelas asociacións que mellor respondan ás esixencias do momento presente, ás da Igrexa e ás do mundo galego, como tamén ó xeito concreto de cada un dos ambientes; fuxindo, en calquera caso, dunha disgregación excesiva das mesmas.

5.12. Os leigos, para unha axeitada realización do seu compromiso apostólico, farán por irse integrando naquelas asociacións e grupos que mellor respondan ó seu xeito persoal de ser e ó do seu ambiente respectivo.

5.13. Os cristiáns terán de favorecer-la acción de grupos que, movidos do Espírito, penetren naqueles

ambientes en que, pola súa marxinação social, o traballo se volta máis dificultoso e arriscado.

5.14. O Concilio Pastoral de Galicia reconece a laboura que ten realizada a Acción Católica no campo do Apostolado Segrar e concédelle a ela, entre as formas de apostolado asociado existentes, unha meirande importancia, urxíndolle que faga a oportuna adaptación ó tempo de agora.

5.15. As asociacións apostólicas que hai na Rexión terán de revisar a súa estrutura, a súa misión e o seu compromiso baixo a luz das orientacións pastorais para o Apostolado Segrar e deberán ter como propias as seguintes notas:

- Conciencia eclesial, preocupación misioneira e anovadora.
- Fidelidade ó Espírito e ó Maxisterio, e comunión dialogante co seu bispo.
- Amor á pobreza evanxélica e solidariedade cos pobres.
- Evanxelización do medio social e catequese orientada a unha situación de cambio.
- Formación da conciencia social na orde do compromiso político-social.
- Medios para a oración e a vivencia litúrxica.

5.16. Xa que a dimensión apostólica é esencial na vida do cristián, os movementos de formación e espiritualidade que hai na Rexión verán de incorporar ós seus propios obxectivos a promoción de cara a unha actividade apostólica dos membros que os compoñen.

5.17. Cómpre que os sacerdotes teñan unha formación axeitada, que deberá comezar xa nos centros de estudos eclesiásticos, tanto nas ciencias humanas que máis lle poidan afectar á realidade apostólica, coma nas técnicas metodolóxicas, para que así asuman no campo do Apostolado Segrar as tarefas que lles son propias.

5.18. As asociacións apostólicas deberán fixar claramente e revisar cada tanto os obxectivos ós que deberá encamiñarse a súa acción, sendo un dos máis fundamentais a formación integral e permanente dos seus membros, veña tal formación dada polas mesmas asociacións ou veña dada por outras institucións existentes xa na Diocese e na Rexión con este fin. Empregaranse sempre os métodos activos de acordo coa metodoloxía máis idónea.

Prestaráselles unha especial atención a aqueles socios que poidan asumir a tarefa de animadores de grupos e movementos.

5.19. O Concilio Pastoral de Galicia pídelle á Igrexa en Galicia que se comprometa a crear dentro do Centro Rexional de Estudos Teolóxicos e Catequéticos (cf. *Ministerio da Palabra*, 3.9) un Departamento de Orientación específica para o servizo e desenvolvemento do Apostolado Segrar.

5.20. En cada unha das dioceses galegas organizarase dun xeito eficaz a Delegación Episcopal de Apostolado Segrar que, coa participación de leigos representativos de sectores e ambientes, traballará na promoción do Apostolado Segrar e, respectando a súa autonomía, coordinará tódalas asociacións e movementos apostólicos. Esta coordinación acadarase a nivel rexional coa creación do organismo correspondente.

4. APOSTOLADOS DOS AMBIENTES

1. Sector obreiro

Entre os problemas máis vencellados a este sector danse os seguintes:

- Salarios baixos e diferenzas inxustas na retribución, provocando nuns a necesidade de facer horas extras e noutros arrecadamentos indebidos das mesmas.
- Falta de postos de traballo, paro obreiro encuberto e situacións de eventualidade.
- Falta de información encol da marcha da empresa, ausencia de participación na xestión da mesma, discriminación de persoas e traballos.
- Falta de seguridade no traballo e de garantías sindicais.
- Falta de cultura, formación e conciencia obreira.

- O desarraigo producido polo transvasamento da poboación rural ás zonas suburbanas.
 - A especial situación da muller que se sente na necesidade de contribuír co seu traballo, e que padece a falta de postos laborais, discriminación...
- Fálase tamén dunha case que nula educación na fe e dunha ausencia case total da Igrexa neste sector, estando así a producirse nel unha fonda descristianización.

«O traballo humano... está moi por enriba dos outros elementos da vida económica, pois estes non teñen outro papel que o de seren instrumentos... El é para o traballador e para a súa familia o medio ordinario de subsistencia.
... É un deber da sociedade axudarles ós cidadáns a que teñan a oportunidade de acadar un traballo suficiente. A retribución dese traballo deberá ser tal que lle consinta ó home e á súa familia levar unha vida digna na orde material, social, cultural e espiritual...
Ofrézaselles ós traballadores a posibilidade de desenvolve-las súas cualidades e a súa personalidade no ámbito do mesmo traballo» (GS 67).
«No campo do traballo... son os leigos os máis aptos para axudar a seus irmáns» (AA 13).

- 5.21. O Concilio Pastoral de Galicia, consciente do distanciamento da problemática propia do sector obreiro por parte da Igrexa, úrxea a comprometerse para:
- a) Coñecer esta problemática e sensibilizarse con ela.
 - b) Responsabilizarse en adoptar medidas e accións que promovan unha auténtica pastoral obreira na Rexión sen regatear esforzos nin fuxir dos riscos.
 - c) Tomar conciencia da dimensión dinámica, do pluralismo, das esixencias e dos riscos que este sector lles presenta ós comprometidos con el.
 - d) Procurar que os cristiáns comprometidos neste ambiente teñan un coñecemento claro das esixencias do Evanxeo e das orientacións sociais do Maxisterio da Igrexa.
 - e) Procurar tamén un axeitado coñecemento e valoración das ideoloxías que están actuando no mundo obreiro.
- 5.22. A Igrexa en Galicia débese facer presente co seu testemuño evanxélico no sector obreiro:
- a) Adoptando unha actitude dialogante.
 - b) Vivindo unha solidariedade efectiva nas loitas xustas e nas aspiracións dos homes e mulleres deste sector.
 - c) Denunciando calquera inxustiza no sector.
 - d) Recoñecendo que no Movemento Obreiro hai uns valores, como son a solidariedade, o concepto da dignidade humana, a capacidade de sacrificio... nos que se percibe a acción do Espírito Santo.
- 5.23. O Concilio Pastoral de Galicia pídelles ós pastores da Igrexa en Galicia que se acheguen moito máis, tanto afectiva coma efectivamente, ás persoas e ós problemas do mundo obreiro e que eliminen axiña tódolos signos de poder ou riqueza que estean estorbando gravemente unha auténtica evanxelización deste sector.
- 5.24. O Concilio Pastoral de Galicia urxe a formación dos cristiáns obreiros para que poidan realizar o seu compromiso a través dos grupos naturais. Urxe tamén a formación específica dos sacerdotes que traballan neste sector así como a acollida dos sacerdotes obreiros que exercen no mesmo sector unha misión eclesial.
- 5.25. Os movementos especializados deste sector, adoptando unha actitude de incesante revisión, atentos ó dinamismo dos grupos espontáneos que xurdan no mundo obreiro, terán de forma-los seus militantes para que, ó poñerse en contacto con eles, os poidan alumear evanxelicamente. Onde non os haxa, deberase urxi-la creación dos devanditos movementos especializados.

2. Sector rural

Obsérvase neste sector unha situación de postración, que se vén arrastrando desde hai varios séculos

e que lle afecta ó home do agro en tódalas súas dimensións:

— Subdesenvolvemento socio-económico, provocado por:

- Unha inseguridade na produción da terra.
- Un nivel de tecnificación e comercialización moi baixo.
- Un pobre ordenamento rural.
- Unha seguridade social inadecuada.
- Unha falta de solidariedade.

— Subdesenvolvemento cultural e político:

- Falta de escolas profesionais.
- Marxinación por causa da lingua.
- Lexislación centralista.
- Falta dunha auténtica representatividade.

A presenza da Igrexa non sempre foi, nin é hoxe, autenticamente evanxélica. Vese en xeral moi desencarnada e descomprometida dos problemas, sen que deixe de amosarse outras veces incluso como unha estrutura, moral e economicamente, opresora dos campesiños.

«... En moitas rexións, tendo en conta as peculiares dificultades da agricultura, sexa na produción sexa na venda dos seus bens, cómpre axuda-los labregos a que aumenten a súa capacidade produtiva e comercial, introduzan os cambios e anovamentos necesarios, acaden unha xusta retribución e non fiquen ancorados na condición —cousa que ocorre a miúdo— de cidadáns de inferior categoría. Os mesmos labregos, especialmente a mocidade, terán de aplicarse con degoro a mellora-la súa técnica profesional, pois sen ela non se pode da-lo desenvolvemento da agricultura» (GS 66).

5.26. Este Concilio Pastoral pídelle á Igrexa en Galicia que tome plena conciencia da situación real do agro e leve adiante coa maior urxencia e eficacia:

- as accións encamiñadas a un efectivo recoñecemento da dignidade profesional do campesiño, espertando nel unha conciencia da súa situación humana;
- todo aquilo que axude a ergue-lo nivel cultural e humano do sector, alentando as iniciativas que, no mesmo senso, adopten outros estamentos;
- o compromiso dun cambio a fondo nas súas estruturas, nas que se lle abran ó Pobo de Deus en Galicia canles abondosas de participación, adoptando unha liña específica de evanxelización.

5.27. A Xerarquía dedicaralles unha atención máis concreta ós problemas socio-económicos do mundo rural galego, denunciado as inxustizas, o abandono e a discriminación que sofren os labregos, alentando as iniciativas de mellora e pedíndolles ás autoridades e ós responsables máis directos do sector unha lexislación axeitada ó agro galego no aspecto cultural, social e económico.

5.28. Sendo como é a parroquia un elemento clave no mundo rural, este Concilio Pastoral de Galicia reclama a urxencia dun anovamento da mesma, para que, partindo dos agrupamentos naturais, tales como a aldea, o rueiro, etc., estes se convertan en verdadeiras comunidades de evanxelización que asuman a tarefa liberadora da Igrexa. Para iso terá de revisa-la súa acción cultural, actualizar unha formación moito máis intensa e axeitada, e suscitar un compromiso persoal e comunitario de cara ós máis pobres.

5.29. O testemuño da Igrexa no mundo rural deberase amosar nunha actitude desinteresada de servizo, impulsando os membros deste sector a unha participación activa na solución dos problemas que lles afectan, fomentando o cooperativismo, etc., pola creación e animación de grupos de reflexión e acción.

5.30. Atenderase con prioridade á formación de militantes do mundo rural que sexan animadores dunha acción educadora e evanxelizadora no seu propio eido.

5.31. Nos grupos empregárase preferentemente a metodoloxía activa e a experiencia dos movementos específicos deste sector.
Nesta laboureira de educación e promoción prestarásalles unha atención especial ás situacións de subdesenvolvemento da muller campesiña.

3. Sector mariñeiro

A problemática do sector mariñeiro, en especial a daqueles homes que viven tempadas longas no mar, poderíase concretar así:

- longas convivencias en pequenos grupos que provocan situacións conflitivas no individuo;
- unha ausencia moi longa da familia;
- unha vida familiar que depende da muller, pois esta vese na obriga de realizar moitas suplencias;
- unha falta de integración na sociedade;
- unhas condicións de vida inhumanas en moitos barcos;
- o desenvolvemento dun «senso relixioso» provocado polas situacións de perigo nas que se atopa moitas veces, pero carente dunha axeitada formación relixiosa;
- a falta dunha atención directa, ó seren moitas as dificultades que impón a mobilidade do medio no que eles viven;
- e por ende, o abandono no que viven por parte da Igrexa.

Téñase en conta a cita doutrinal contida alí onde se fala do sector obreiro.

«A felicidade da persoa e da sociedade humana e cristiá está moi xunguida á prosperidade da comunidade conxugal e familiar» (GS 47).

5.32. O Concilio Pastoral de Galicia prégalle á Igrexa en Galicia que tome conciencia do abandono en que vive a xente do mar e que, polo tanto, arbitre os medios necesarios para ter de feito a presenza que lle corresponde neste sector, sexa entre os homes e mulleres que viven en terra, sexa no mesmo mar.

5.33. Este Concilio Pastoral prégalles ás autoridades competentes e ós responsables directos do sector mariñeiro, que fagan por que se lles resolvan ós homes do mar os problemas que máis os acucian, como poden ser: a eventualidade, os salarios baixos, as condicións penosas en que traballan, a desproporción entre o tempo que botan embarcados e o tempo que teñen para acougar en terra, a falta dunha seguridade social adecuada..., e prégalles ós cristiáns que tomen todos conciencia destes problemas.

5.34. Cómpre ir con urxencia á formación de verdadeiros militantes cristiáns que sexan os principais promotores da laboureira apostólica cos homes do mar. Para a formación destes militantes haberá que valerse da acción pastoral das parroquias costeiras, das posibilidades que, no tocante á educación na fe, ofrecen os centros de ensino dedicados a este sector, e de persoas previamente sensibilizadas no sentir e na forma de vida dos homes do mar.

5.35. Nas zonas de ambiente mariñeiro terán de realizarse con prioridade aquelas accións pastorais que favorezan a formación de grupos femininos parroquiais ou interparroquiais, para acadar, a través deles, o desenvolvemento integral e o compromiso cristián das esposas dos homes do mar.

5.36. Sendo que o mundo do mar é un dos sectores máis amplos da Rexión, as dioceses galegas dedicaranlle o número que faga falta de sacerdotes liberados que posibiliten a animación e o desenvolvemento da acción apostólica dos leigos, tanto en terra coma no mar.

4. Sector independente

No tocante a este sector cómpre constatar:

- que lle falta conciencia da súa función na estrutura social;
- que se mantén inhibido dos problemas que presenta o sistema capitalista;
- que, aínda que fai profesión de cristián, non está comprometido na transformación da sociedade.

«A interdependencia cada vez máis grande e a súa progresiva universalización fan que o ben común tamén se universalice cada vez máis, e que —polo mesmo— xurdan dereitos e obrigas que miran a toda a familia humana. Todo grupo social deberá ter en conta as necesidades e as lexítimas aspiracións dos outros grupos; aínda máis, deberá ter moi en conta o ben común de toda a familia humana» (GS 26).

5.37. O Concilio Pastoral de Galicia prégalles ós cristiáns do sector independente que loiten contra a súa propia inhibición na transformación da sociedade e que opten polos oprimidos.

5.38. Prégalles tamén que revisen o emprego que fan dos medios económicos e culturais que teñen, e que opten abertamente por un camiño de pobreza evanxélica.

5.39. Irase á creación ou promoción dos grupos apostólicos que, ben dotados dos medios e canles necesarias, preparen os dirixentes máis idóneos para o sector.

5. Sector adolescente

Neste sector constátase:

- que é moita a diferenza co mundo dos adultos na apreciación de valores;
- que as aspiracións dos adolescentes amosan unha gran pureza de ideais que eles non chegan a realizar, ó sentírense abondo condicionados pola sociedade e o ambiente no que viven. Prodúcese así neles un baleiro interior e non lle atopan xeito á vida.
- que é negativo o influxo da familia, en máis medida tocante á vida de fe, ben por ser aquela indiferente, ben porque só se preocupa dos ritos externos.
- que se foxe moito da vivencia da fe, chegando así poucas veces a un compromiso persoal e asociado, en grande medida debido a unha formación pobre, á oposición de ideas cos adultos e á falta de canles de expresión propias dos seus anos;
- que hai tamén moita despreocupación pola problemática da Rexión galega e unha falta de conciencia dos valores e da cultura da mesma.

«A mocidade ten hoxe unha forza moi grande na sociedade. Variaron moito as circunstancias da súa vida familiar..., e, ó mesmo tempo que aumenta a súa importancia social e incluso política no decorrer dos días, parece como se non estivese preparada para levar, como convén, as novas cargas. Todo isto esixe dela a correspondente labours apostólica, á que se sente chamada pola súa índole natural» (AA 12).

5.40. Tendo en conta que a adolescencia é unha etapa importante no desenvolvemento da persoa (espertar da conciencia crítica, apertura social...), este Concilio Pastoral pídelle con moita urxencia á Igrexa en Galicia un replaneamento de toda a súa pastoral neste sector:

- que se faga un estudo fondo do sector;
- que se promovan animadores dos grupos adolescentes seguindo as directrices que, no tocante á educación na fe, están contidas no apartado 2 do *Ministerio da Palabra*: catequese da xuventude;
- que se lles dedique unha atención especial ás familias e ós centros do ensino.

5.41. Sendo pouca a vitalidade e o poder de convocatoria que entre os adolescentes teñen hoxe os movementos cristiáns existentes, o Concilio Pastoral de Galicia úrxelle ó Departamento Rexional de Apostolado Segregar que faga, coa participación dos mesmos adolescentes, un estudo das posibilidades de futuro que teñen os devanditos movementos, que comprobe se os movementos especializados son unha canle axeitada para o traballo no sector adolescente e que elabore unhas liñas de acción que aguilloen e orienten na procura de novas canles.

5.42. Urxe que as comunidades adultas vivas, tanto as que xurdiron espontaneamente como as que xurdiron pola acción misioneira das parroquias, estean abertas á integración nelas dos adolescentes con plena corresponsabilidade, e sexan respectuosas coa peculiar problemática do sector.

5.43. Os movementos que xurdan co fin de comprometerse no sector adolescente deberán te-las seguintes características:

- estar de cote en contacto coa realidade adolescente, abertos a toda a súa problemática: ideolóxica, socio-política, relixiosa, afectiva, etc.;
- estar artellados con comunidades adultas para que mutuamente se animen, sosteñan e alimenten na fe;
- facilitarlles ós seus membros todo o necesario para a maduración e o crecemento da fe, así como tamén sacerdotes ben preparados e cos medios debidos;
- sintonizar plenamente cos valores da Rexión;
- estar animados polos mesmos adolescentes;
- favorecer e fomenta-lo espírito de servizo na Igrexa, a través das distintas vocacións e máis concretamente da vocación de especial consagración.

6. Sector universitario

Considérase, en xeral, como positivo o feito da presenza da Universidade na Rexión. Agora ben, cómpre subliñar que nela hai:

- unha representación aínda insignificante das clases populares;
- un desvencellamento da problemática da Rexión;
- os coñecementos que ela imparte van orientados soamente a obter un título académico co que brillar social e profesionalmente na vida.

O universitario, en xeral, vive alleo á problemática da realidade galega. Nembargantes, hoxe hai unha minoría forte que —consciente da falta de liberdade, xustiza e respecto ós dereitos humanos— loita por unha sociedade na que se respecten estes valores.

Temos que recoñecer con sinceridade que a presenza dos cristiáns é case nula e non ten eficacia por faltarlle encarnación no ambiente, tanto a nivel persoal coma social. Isto fai que o único camiño aberto para comprometerse na transformación da realidade sexa o dos grupos que optaron por unha liña que non vai, de feito, coa liña da liberación integral do home.

«O feito de teren máis importancia cada día na sociedade as xeracións novas esixe delas unha correspondente actividade apostólica, actividade á que as empurra o seu xeito natural de ser.

Ó madurar neles a conciencia da súa propia personalidade, ó sentírense empurrados pola ardentía da vida e por un dinamismo que reborda, queren ter parte na vida social e cultural» (AA 12).

«... Anima os fillos da Igrexa a que empresten xenerosamente a súa axuda en todo o ámbito da educación, en especial co fin de que poidan chegar o máis axiña posible a tódolos recantos da terra os beneficios da educación e do ensino» (GE 1).

5.44. Ante o posible espallamento de concepcións encol do home e de interpretación da existencia humana pechadas a Deus e ó Evanxeo, a Igrexa en Galicia deberá estar activamente presente nos ambientes universitarios co fin de exercer neles a súa acción pastoral, que terá como obxectivo principal, ademais doutros, o demostrar que a fe e a razón enderéitanse cara á mesma verdade.

5.45. Con este fin prégaselles ós teólogos e ós intelectuais galegos que promovan encontros periódicos, seminarios de traballo, semanas de estudo, etc., nos que sexan analizados aqueles problemas que as correntes de pensamento de hoxe e as teorías centíficas lle presentan ó home crente.

5.46. Para que estas accións teñan unha canle axeitada que lles asegure a continuidade, este Concilio Pastoral pídelle ós bispos que dean os pasos convenientes para poñer a anda-lo que se acordou no documento sobre o *Ministerio da Palabra*, números 2.34 e 2.35.

5.47. O Concilio Pastoral de Galicia, dende a súa perspectiva cristiá, coída que a Universidade debe ter como función súa, ademais doutras, a de ser centro que recolle e que proxecta a problemática galega: cultivo e promoción da cultura autóctona e tamén darlle unha resposta á dimensión relixiosa da persoa; e pídelles ós universitarios que se comprometan nas realidades e necesidades do pobo galego.

5.48. O Concilio Pastoral de Galicia failles unha chamada ós leigos, mestres e alumnos que se sintan responsables, para que se comprometan na creación de grupos, comunidades e movementos insertados no ambiente universitario e vencellados cos organismos responsables da educación na fe, de xeito que así respondan ás esixencias do universitario. A súa función será o intercambio e o diálogo cos diversos estamentos da comunidade diocesana.

5.49. O Concilio Pastoral de Galicia urxe a promoción de grupos apostólicos en tódolos centros universitarios da Rexión, grupos que terán as seguintes características:

- abertos á realidade rexional desde un estudo crítico da mesma;
- comprometidos desde a súa fe cristiá na liberación do home galego, sen rexeita-la tarefa común con tódolos grupos que estean a favor da promoción integral do home;
- que, como un exercicio da súa vocación cristiá, fagan por mellora-lo propio nivel en tódolos aspectos para así influír mellor no ambiente universitario.

II. O LAICO CRISTIÁN NO MUNDO

1. DIMENSIÓN CRISTIÁ DO COMPROMISO TEMPORAL

Constátase:

- que os cristiáns leigos galegos non teñen, en xeral, unha idea clara da súa misión cristiá no mundo;
- que a súa vivencia relixiosa é soamente cultural e intimista, polo que resulta ineficaz a súa vida de fe para unha transformación das realidades temporais.

«Velaquí o plano de Deus sobre o mundo: que os homes instauren con espírito de concordia a orde temporal e a perfeccionen de cotío» (AA 7).

«É unha obriga de toda a Igrexa traballar por que os homes se capaciten para instaurar rectamente a orde temporal e orientala a Deus por Xesucristo» (AA 7).

6.1 O Concilio Pastoral pídelles a Igrexa en Galicia que se comprometa a realizar un esforzo de mentalización, co fin de crear no cristián leigo unha conciencia operativa da súa misión específica, que é comunicarlles ás realidades temporais desde dentro delas mesmas a inspiración cristiá, de acordo co plano de Deus, que quere facer de todo o mundo unha nova creación en Cristo, dun xeito inicial aquí na terra e dun xeito pleno no derradeiro día.

6.2. Ó tomar conciencia de que a opción pola fe leva a un compromiso coas realidades temporais, este Concilio Pastoral prégalles á Igrexa en Galicia que, xa desde a catequese de infancia, se atenda a esta dimensión. Para isto fai falta que o neno vexa nos adultos, especialmente nos pais e nos mestres, vivencias do compromiso temporal.

6.3. O Concilio Pastoral de Galicia afirma que é unha inescusable necesidade contar coa laboura dos leigos nas estruturas sociais, políticas, económicas, culturais, levándolle-la forza anovadora da fe cristiá para facelas así máis humanas e máis xustas.

6.4. Asimesmo, a Igrexa en Galicia revisará aquelas normas e estruturas que leven ó culturalismo, ó

autoritarismo e ó clericalismo existentes, para desbotar todo aquilo que lle impida ó leigo decatarse das implicacións temporais da súa fe, e asuma a responsabilidade que lle corresponde nas realidades do mundo.

6.5. A Igrexa en Galicia, consciente de que a salvación que ela ofrece abrangue a liberación de toda escravitude, comprometerase, de acordo coa función propia de cada un dos seus membros, no proceso liberador do pobo. E exercerá realmente a súa misión profética, dándolle azos e amparo a toda persoa comprometida nel.

6.6. O Concilio Pastoral de Galicia toma conciencia de que as realidades temporais que hoxe na Rexión se lle presentan como máis urxentes para que traballen nelas os cristiáns, son: a promoción do mundo rural e o desenvolvemento cultural do pobo. A Igrexa, como un imperativo inescusable da súa fe, solidarízase —segundo as funcións dos seus membros— con estes problemas humanos e comprométese na solución dos mesmos.

6.7. O Concilio Pastoral de Galicia urxe a creación da Comisión Xustiza e Paz en tódalas dioceses da Rexión para que, con outros movementos e iniciativas, colabore na promoción humana e social do pobo galego.

2. VIDA FAMILIAR

a) *Encol do matrimonio*

No tocante a esta realidade, cómpre constatar:

— a existencia dunha actitude inmovilista na Igrexa, xunto cunha vontade anovadora, que lle afecta dun xeito especial ó matrimonio e á familia;

— un aumento alarmante de situacións de separación conxugal;

— o baixo nivel de capacidade humana e de vivencia relixiosa que a Igrexa lles esixe ós que se achegan ó sacramento do matrimonio;

— as esixencias legais, que poden provoca-la apostasía da Fe nos que quixerían mellor o matrimonio civil;

— a ignorancia do valor civil do matrimonio relixioso dos que non son católicos;

— moita complexidade e morosidade nos procesos matrimoniais.

«O benestar da persoa e da sociedade humana e cristiá está moi vencellado co benestar da comunidade conxugal e familiar. Por iso os cristiáns, xunto con tódolos que teñen en moita estima esta comunidade, alédanse dos varios medios que lles permiten hoxe ós homes ir adiante no fomento desta comunidade de amor e no respecto á vida, e que axudan ós esposos e pais no cumprimento da súa sublime misión; deles agardan, ademais, os mellores resultados e esfórzanse en promovelos» (GS 47).

6.8. O Concilio Pastoral de Galicia, decatándose da situación de cambio no mundo de hoxe, considera de moita urxencia a reestruturación e anovamento da pastoral matrimonial e familiar en toda a Rexión. Procurando, por unha banda, unha preparación máis coidadosa dos que teñen a intención de contraer matrimonio, e atendendo, pola outra, os que xa están casados; pero dun xeito especial mirando polos que teñen crise de convivencia dentro do matrimonio.

6.9. Urxe crea-los Consellos Diocesanos, cun organismo de coordinación interdiocesana, compostos por diversas persoas entre as que deberán contarse sacerdotes cunha especial vocación e especialización nestes temas, psicólogos, psiquiatras, avogados, matrimonios ben levados e un membro do Tribunal Eclesiástico. Obriga destes Consellos ou das súas Delegacións será o atender axiña os casos de diverxencia que xurdiron no seo dunha familia, e o tencionar, con teimosa arela, que volvan ó rego aqueles outros que ou viven distanciados de feito ou demandan do Tribunal o seu desleigamento. Neste derradeiro suposto o Consello ha de informar ó Xuíz das cousas que deron pé á rotura da convivencia e do estado anímico en que cada consorte se atopa.

6.10. Estes Consellos, que serán unha sección das Delegacións Diocesanas de Pastoral Familiar, terán como cousa propia:

- Prestarlles, sempre que o pidan os interesados ou calquera outra persoa ou organismo diocesano, un asesoramento técnico a todos aqueles matrimonios que estiveren nunha situación de conflito.
- Intenta-la reconciliación dos esposos cando estes levan o seu problema ó Tribunal Eclesiástico.

6.11. Este Concilio Pastoral pídelle a Igrexa e ó Estado que dean os pasos necesarios para cambia-lo ordenamento xurídico na forma hoxe vixente en España de contraer matrimonio, de xeito que todo matrimonio relixioso teña plenos efectos civís e que todo cidadán disfrute de liberdade para contraer matrimonio ante as autoridades do Estado, se así o quixer, sen requisito ningún de tipo relixioso.

6.12. Prégaselles afincadamente ós axentes responsables de pastoral que, na súa laboura catequética, lle dean á comunidade católica información e formación encol dos motivos polos que se pide o cambio do ordenamento xurídico, facéndolle sentir ó mesmo tempo o grave deber de conciencia e de fidelidade á Igrexa que ten todo católico de casar canonicamente, para así contraer un matrimonio verdadeiro, é dicir, válido ante Deus e ante a Igrexa.

6.13. Cómpre que sexan reestruturados e coordinados os Tribunais Eclesiásticos de Galicia para que, a través da súa acción xurídica unificada, se vexa mellor o verdadeiro rostro da Igrexa na súa dimensión de administrar xustiza ós seus fieis. Polo mesmo, suxerimos que se nomee unha Comisión Rexional de técnicos que faga o correspondente proxecto de reforma e llo presente ó Episcopado de Provincia Eclesiástica.

6.14. Este Concilio pídelle á Conferencia Episcopal de Galicia que teña a ben solicitar da Santa Sé que, antes da promulgación do Código de Dereito Canónico reformado, deixe experimenta-lo proceso sumario que a Comisión de Revisión estruturou xustamente para as causas matrimoniais de separación. Deste xeito os consortes litigantes aforrarían moito tempo e cartos.

b) *En xeral*

No tocante á familia obsérvase:

- unha desvaloración da mesma como elemento básico da sociedade;
- un individualismo excluín-te que a pecha en si mesma;
- moita desorientación encol da paternidade responsable;
- marxinação e rebaixamento da muller, sobre todo no mundo campesiño;
- falta de vivendas familiares;
- tensión xeracional;
- un consumismo que afoga os seus valores humanos e cristiáns.

«A familia é a escola do humanismo máis ricaz. Para que poida acadar-la plenitude da súa vida e misión, fai falta crear un clima de benévola comunicación e unha unión de vontades entre os esposos, cooperando con moito coidado os pais na educación dos fillos... Esta educación dos fillos será tal que, ó chegaren a adultos, poidan seguir con plena responsabilidade a súa vocación —incluíndo a vocación sagrada—, e escoller estado de vida» (GS 52).

6.15. O Concilio Pastoral de Galicia pídelle ás familias da Rexión que fagan un esforzo por solidarizarse cos problemas dos demais, para acadar así unha comunicación de vida e de bens.

6.16. O Concilio Pastoral de Galicia pídelle á muller galega que tome conciencia da súa propia responsabilidade; e pídelle á sociedade que, para supera-la tradicional marxinação da muller, lle facilite a esta:

- unha educación humana e cultural encamiñada á súa profesionalización, para que teña ante

- o traballo igualdade de oportunidades e dereitos;
- o recoñecemento dunha personalidade xurídica completa;
- a liberación dun traballo impropio e duro;
- a eliminación da explotación sexual que pon en perigo a súa saúde física e psíquica, que a somete ó home e que a converte nunha muller obxecto.

6.17. O Concilio Pastoral de Galicia recórdalles a todos que a paternidade responsable é unha actitude fundamental dos pais en conformidade cos principios do Vaticano II e da *Humanae Vitae*. Pide que a catequese de adultos teña moi en conta este concepto e que o explicita.

6.18. O Concilio Pastoral de Galicia prégalles ós pais cristiáns galegos que, ante o problema da tensión xeracional, se comprometan a:

- ser amigos de seus fillos;
- fomenta-lo diálogo, a cooperación e a responsabilidade cos que se poida superar esta crise;
- estar dispostos a acolle-lo espírito crítico da mocidade.

Isto está pedindo que os fillos teñan a mesma actitude con seus pais.

6.19. Os pais cristiáns comprometeranse tamén a:

- darlles ós seus fillos unha formación integral que teña en conta unha educación sexual axeitada a cada momento do seu desenvolvemento;
- crear na familia, igrexa doméstica, un clima que favoreza o nacemento e o desenvolvemento da vocación cristiá: sacerdotal, relixiosa, profesional.

6.20. Xa que o problema da vivenda ten moito que ver no desenvolvemento da vida familiar e comunitaria, este Concilio Pastoral pídelle ós organismos competentes que procuren unha solución urxente do mesmo no sector rural, onde abundan moito as vivendas inhabitables, e no sector urbán, onde aumenta decote o feito da carestía. A cousa agrávase nos arrabaldes das vilas e no mundo xitano.

6.21. Os cristiáns galegos, decatándose de que o materialismo consumista afoga os máis elementais valores humanos e cristiáns, e provoca moitos transtornos no individuo, na familia e na sociedade, comprometeranse a vivi-la austeridade cristiá, inspirándose nas Benaventuranzas.

3. VIDA CULTURAL

Constátase:

- que a cultura que se vén impartindo entre nós leva, xeralmente, máis a obter homes-máquina ca seres responsables e libres; leva máis ó individualismo e á competitividade cá solidariedade;
- un desconcerto provocado pola provisionalidade de moitos ensaiamentos;
- o ensino, como un dos medios transmisores da cultura, vive na Rexión unha situación de inxustiza: non ten as mesmas oportunidades a xente do agro e a xente da vila, cousa que se agrava máis ó remate do Ensino Xeral Básico por faltaren moitas escolas de formación profesional e por estaren mal distribuídas as que hai;
- un ensino centralizado que non atende de abondo ós valores da Rexión.

«É propio da persoa non chegar a ter un nivel verdadeira e plenamente humano se non é pola cultura, é dicir, cultivando os bens e valores naturais. Na vida humana a natureza e a cultura van sempre moi xunguidas».

O concepto de cultura.—«Coa verba cultura indícase, nun senso xeral, todo aquilo co que o home afina e desenvolve as súas moitas cualidades espirituais e corporais; procura o sometemento do mundo baixo o seu poder co coñecemento e o traballo; fai moito máis humana a vida social, ben na familia ben na sociedade civil, co progreso dos costumes e das institucións; e, finalmente, ó longo do tempo expresa, comunica e conserva nas súas obras grandes experiencias espirituais e aspiracións que lles sirvan de proveito a moitos, e incluso a toda a humanidade» (GS 53).

6.25. O Concilio Pastoral de Galicia, tendo moi en conta a importancia dos intelectuais no desenvolvemento integral da Rexión, failles unha chamada a tódolos homes de boa contade para que sexan promotores e transmisores dunha cultura que estea ó servizo do pobo.

6.26. Os leigos cristiáns teranse que comprometer a educarse no emprego do tempo libre e das diversións, valéndose dos clubs de mocidade, das salas de xogos recreativos, das bibliotecas, dos campamentos, dos cine-clubs, das audicións musicais...

6.27. O Concilio Pastoral de Galicia pídelles ós medios de comunicación social (e ós que son propios da Igrexa esíxelle) que dean sempre unha información veraz, obxectiva e libre para que así lle presten o debido servizo á comunidade, principalmente ós seus membros máis marxinados; e que empreguen máis a cotío a lingua vernácula. Por outra banda recoméndalles ós usuarios destes medios de comunicación que adopten, ante os mesmos, unha postura crítica.

4. VIDA ECONÓMICO-SOCIAL

6.22. O Concilio Pastoral de Galicia pide que se fomenten as asociacións de pais e educadores que, xunto cos alumnos, teñan parte na elaboración dos planos do ensino. Urxe a creación de postos escolares a tódolos niveis, procurar unha igualdade de oportunidades e promove-la creación de centros de Formación Profesional, sobre todo nos sectores rural, obreiro e mariñeiro. As ordes relixiosas adicadas ó ensino fagan por exercer-la súa misión educativa ó servizo dos sectores máis pobres e abandonados.

6.23. O Concilio Pastoral de Galicia pide que a autoridade pública, lonxe de determina-lo carácter propio da cultura galega e, máis aínda, de oprimila, favoreza tódalas condicións e medios para soergue-la vida cultural propia do pobo galego, fundamentalmente a súa lingua.

6.24. Este Concilio Pastoral pídelles ás institucións oficiais e privadas do ensino que na educación sexan empregados métodos actuais e activos; que, para unha debida aplicación dos mesmos, se parta da realidade; que non se empregue o ensino para facer ensaiamentos provisionais coas persoas sen unha visión de futuro; e que a cultura non sexa arredada do seu fin propio para servir ao poder político ou económico.

Os grupos de reflexión foron descubriendo, entre outros, os seguintes problemas:

- a existencia de conflitos sociais que se politizan de contado;
- arelas dun sindicalismo libre e autónomo;
- a existencia de diferenzas retributivas fortes;
- a abundancia de casos de pluriemprego que teñen un carácter negativo, ó destruíren a convivencia familiar e mataren o tempo libre necesario;
 - a emigración, da que só se ven efectos perniciosos no tocante á vida familiar e social e da que se ve o efecto positivo da economía, aínda que este está condicionado negativamente polo investimento que se fai do capital fóra da Rexión;
- a subordinación de tódolos valores humanos á economía;
- os defectos da Seguridade Social no que mira á súa organización e ás prestacións que fai, sobre todo no caso dos pensionistas;
- os intentos dunha industrialización indiscriminada, que non ten en conta os recursos naturais e os valores propios da nosa Rexión.

«Tamén na vida económico-social deberán respectarse e promoverse a dignidade da persoa humana, a súa integral vocación e o ben de toda a sociedade. Porque o home é o autor, o centro e o fin de toda a vida económico-social» (GS 63).

6.28. O Concilio Pastoral de Galicia proclama como unha esixencia do cristianismo o solidarizarse

cos que procuran con esforzo o ben, a verdade e a xustiza, e o encarnarse cos que padecen privación e, máis concretamente, cos pobres e necesitados. A Igrexa en Galicia deberase comprometer, tendo en conta os imperativos evanxélicos, no desenvolvemento da Rexión, e recórdalles a todos que o compromiso do cristián hoxe ten que situarse alí onde se estea decidindo a sorte dos irmáns, e prégalles ós poderes públicos que respecten e valoren as actuacións que neste senso se realicen. O leigo, que é ó mesmo tempo fiel e cidadán, tense que comportar sempre nesta dobre situación cunha mesma conciencia cristiá.

6.29. O Concilio Pastoral de Galicia defende a necesidade duns salarios vitais, suficientes e familiares. O pluriemprego xeneralizado é un mal que repercute negativamente na convivencia familiar, na merma dos postos de traballo e na eliminación dos tempos libres, elemento este que é indispensable para a formación integral da persoa. Tódolos cristiáns de Galicia terán de comprometerse na superación deste mal.

6.30. Urxe moito que as autoridades, as empresas e os particulares lles poñan remedio axiña ás fortes diferenzas retributivas hoxe existentes, especialmente co oportuno cambio das estruturas socio-económicas que as orixinan. A Igrexa resolverá tamén o máis axiña posible as inxustizas intraeclesiásticas.

6.31. Os conflitos sociais non sempre se poden evitar nin sempre son reprobables. E un deber dos cristiáns a nivel persoal e colectivo adoptar unha postura comprometida nos conflitos sociais, incluída a folga, que pode ser un medio necesario aínda que extremo. Tense que rexeitar sempre a violencia de calquera signo, en primeiro lugar a estrutural, que atenta contra a integridade da persoa e dos seus dereitos, sen esquecer que a convivencia e a paz deberán estar fundamentadas na xustiza e no dereito.

6.32. O Concilio Pastoral de Galicia reclama un sindicalismo ceibe e autónomo tal como o Maxisterio da Igrexa o vén manifestando de cotío. Os cristiáns que se sintan vocacionados e formados teñen a obriga moral de concreta-lo seu compromiso dentro do movemento sindical.

6.33. A emigración ten incidencias negativas na persoa do emigrante e merma os recursos humanos de Galicia, desvencella as familias, dispersa a súa cultura, empobrece a súa economía, réstalle brazos e dirixentes. Para a solución deste problema é urxente facer que os bens adquiridos polos emigrantes revertan no ben da Rexión creando postos de traballo que, ó respectar e fomenta-las riquezas naturais de Galicia, axuden a unha mellor distribución da renda nacional. A Igrexa en Galicia faise voceira desta esixencia ante a nación.

5. VIDA POLÍTICA

A aportación dos grupos de reflexión indica:

- que existe moita inhibición dos galegos no campo da política;
- que aínda hai caciquismo;
- que a xente sente receos na hora de ter que participar a calquera nivel;
- que non hai canles de expresión;
- que uns radicalismos fortes están impedindo a posibilidade do pluralismo.

«Vai de acordo coa natureza humana o feito de constituír estruturas político-xurídicas que lles ofrezan a tódolos cidadáns, sen ningunha discriminación e cunha crecente perfección, posibilidades efectivas de participar libre e activamente na fixación dos fundamentos xurídicos da comunidade política, no goberno da cousa pública, na determinación dos campos de acción e dos límites das distintas institucións e na escolleita dos gobernantes. A Igrexa louva e valora o esforzo dos que, ó servizo do home, se dedican de cheo ó ben da cousa pública e levan de bo grado as cargas deste oficio» (GS 74).

6.34. O Concilio Pastoral de Galicia afirma que a función política ten que ser un servizo á construción da sociedade. Os cristiáns deberán exercer persoalmente a súa vocación política como unha forma do seu compromiso no mundo.

6.35. Tódolos galegos deberán reclamar unha meirande participación e acción representativa, que terán de exercer con tódolos medios e en tódalas posibles ocasións.

6.36. O Evanxeo, como anuncio e como esixencia de liberación interior e exterior, leva consigo a loita individual e colectiva pola liberdade do home, de xeito que sexa superada toda escravitude e toda alienación. Os cristiáns de Galicia teranse que comprometer nesta liberación.

6.37. O radicalismo político enxendra inxustizas, sendo unha delas a ditadura. O radicalismo relixioso magoa a caridade e a unidade. Polo mesmo arelamos un pluralismo san no que haxa diálogo e participación. Esta actitude deberase dar como fundamento de calquera acción dos cristiáns.

6.38. O maxisterio da Igrexa defende a cotío, como unha esixencia da dignidade da persoa, a liberdade de xuntanza, de expresión, de asociación, de información. Tódolos galegos, en especial os cristiáns, irán mellorando na súa disposición a abrir novas e mellores canles políticas.

6.39. Este Concilio Pastoral pídelles ós cristiáns de Galicia que a súa acción se encarne nos valores naturais, humanos e culturais da Rexión e que, xunto con todo o pobo galego, os desenvolva cando son expresión da súa personalidade, riqueza e liberdade. Isto levaraos a rexeitar toda forma de colonialismo e a proclama-lo dereito á lexítima liberdade en tódolos seus niveis e a decidi-lo seu destino.

6.40. Este Concilio Pastoral reitera a doutrina da Conferencia Episcopal Española encol da independencia entre a Igrexa e mailo Estado en España, de acordo coa nova psicoloxía da Igrexa, pero sen esquecer aquela sa colaboración que deberá darse entre ámbolos dous. Asimesmo prégalle á Xerarquía —bispos e sacerdotes— que depoñan todo cargo de carácter político e económico.

COMUNICADO DOS BISPOS APROBANDO AS CONCLUSIÓNS

Celebrada en Santiago de Compostela durante os días 28, 29 e 30 de xuño do presente ano a segunda Xuntanza Xeral do Concilio Pastoral de Galicia encol de *O laico na Igrexa e na construción cristiá do mundo*, os bispos da Arquidiocese, co desexo de promover máis cada día o apostolado propio dos leigos na Igrexa e no mundo, tomamos por unanimidade os seguintes acordos:

1. Referenda-las proposicións aprobadas na devandita Xuntanza Xeral encol do Laico na Igrexa e na construción cristiá do mundo como pautas de orientación pastoral tanto a nivel diocesano coma rexional. Este referendo non se estende ás introducións de carácter sociolóxico que preceden a cada un dos distintos apartados.

2. A Secretaría Xeral do Concilio deberá facer unha edición especial das proposicións aprobadas e referendadas, tanto en lingua castelá coma galega. Precederalles este comunicado dos bispos.

3. As devanditas proposicións terán de ser sempre interpretadas á luz e de acordo co Maxisterio da Igrexa, tendo en conta dun xeito especial o Concilio Vaticano II, os documentos posteriores dos Romanos Pontífices, os da Conferencia Episcopal Española e os do Consello de Presidencia do Concilio Pastoral de Galicia integrado polos bispos da Provincia Eclesiástica.

4. Os bispos queren e teñen o propósito firme de facer que dun xeito graduado se dean os pasos necesarios para poñer a anda-las conclusións conciliares de carácter operativo, comezando polas que son máis urxentes. Polo mesmo aproban o plano de traballo encol da presenza do laico na Igrexa e no mundo que foi presentado pola Comisión de Ponencia ó remate desta II Xuntanza Xeral.

5. Así mesmo os bispos acordan que a que foi Comisión Conciliar de Apostolado Segrar se chame desde agora Comisión Rexional de Apostolado Segrar, que terá de Presidente ó bispo de Mondoñedo - Ferrol.

6. Esta Comisión estará composta polos Delegados de Apostolado Segrar das cinco dioceses e por un leigo da cada unha delas nomeado polo Bispo correspondente.

7. As funcións propias desta Comisión Rexional serán: estudar, promover, coordinar e propoñer todo aquilo que faga referencia máis directamente á posta en práctica das Conclusións desta II Xuntanza Xeral do Concilio. O seu vencellamento coa Conferencia Episcopal de Galicia farase a través do bispo Presidente da Comisión.

8. Os bispos recórdanlles a tódolos leigos —co Concilio Vaticano II (cf. AA 4 e 2)— que Cristo é a fonte e orixe de todo o apostolado da Igrexa e que, polo mesmo, a fecundidade do apostolado laical depende da unión vital dos leigos con Cristo —da santidad— e de que o seu apostolado sexa realizado desde a comunión eclesial.

9. Co mesmo Concilio (LG 30), os bispos decatámonos de que non fomos instituídos por Cristo para asumirmos nós sós toda a misión salvífica da Igrexa no mundo, senón que a nosa eminente función consiste en apacenta-los fieis e recoñecér-lle-los seus servizos e carismas, de xeito que todos —cada un de nós ó noso modo— cooperemos unanimemente na obra común.

10. Unha vez máis manifestámoslles publicamente a nosa gratitude ós que, dun xeito ou doutro, colaboraron con xenerosa eficacia nesta segunda etapa do Concilio Pastoral de Galicia. Pedímoslles ó mesmo tempo a tódolos nosos diocesanos, de novo, que teñan unha meirande participación na terceira etapa que, coa axuda de Deus, vai comezar a primeiros do vindeiro mes de outono.

11. Porque «só un labor permanente de educación na fe, de formación, de integración nunha comunidade eclesial, dialoal e participativa arredor dos Pastores, permitiralles ó leigo responder — cun vivo senso teoloxal e eclesial— ós grandes desafíos do seu papel propio no complexo mundo de hoxe» (Mensaxe do *Consilium de Laicis* ó Concilio Pastoral de Galicia, 6 de xuño de 1975). Por mediación da Virxe Santa María, Raíña dos Apóstolos, e do Apóstolo Santiago, patrón de Galicia e de España, pregámoslle afincadamente ó Señor que tódolos leigos respondades de grado, con xenerosidade e corazón ben disposto, á chamada de Cristo que neste intre vos invita coa meirande insistencia a serlle fieis á vosa vocación de cristiáns e de apóstolos na Igrexa e no mundo. Santiago de Compostela, na festa de San Gregorio Magno, a tres de setembro do ano 1975.

DOCUMENTO TERCEIRO

A LITURXIA RENOVADA NA PASTORAL DA IGREXA

I. OS SACRAMENTOS

FE E SACRAMENTOS (OS SACRAMENTOS SUPOÑEN A FE)

A) Entre os motivos polos que se piden os Sacramentos, prevalecen os puramente humanos: costume, cumprimento social, etc., sobre os de índole relixiosa ou cristiá. No que se refire, sobre todo, ó bautismo e matrimonio pódese falar en bastantes casos de presións sociais, xurídicas ou familiares.

A preparación ós diversos sacramentos, con excepción da Primeira Comunión, é escasa e non adquiriu na maioría das Comunidades unha certa programación valedoira.

Entre as causas sinálense:

- por parte dos cregos, pouca preparación e falta de interese;
- nos militantes leigos, ausencia de colaboración;
- nos destinatarios, pasividade, desagrado, certa resistencia.

O índice de sacramentalismo é moi alto, sobre todo nas clases populares e entre os maiores. En ambientes de maior cultura e entre os xoves, poden recoñecerse comezos de correntes de desvalorización ou menosprezo dos Sacramentos, en pro da evanxelización.

B) «A evanxelización despreza toda a súa riqueza cando realiza a unión máis íntima, ou mellor, unha intercomunicación endexamais interrompida entre a Palabra e os Sacramentos. Porque é seguro que, se os Sacramentos se administran sen darlles un seguro apoio de catequese sacramental e de catequese global, acabaríase por quitarlles gran parte da súa eficacia» (EN 47).

Conclusiones:

7.1. Co obxecto de que os Sacramentos sexan celebrados con maior autenticidade como «signos de fe», cómpre que os fieis descubran que son accións salvadoras de Deus na historia dos homes e en cada home determinado, a través dunha catequese permanente en e pola comunidade, en forma de catecumenado, catequese de adultos, etc. (CPG 3.11 ss.).

7.2. Ten de ser condición anticipada salvagarda-la liberdade de decisión na fe, impedindo que os que acceden ós sacramentos se deixen arrastrar por calquera clase de presións exteriores, ás que con moita frecuencia se atopan sometidos.

7.3. Para a purificación dos propios motivos persoais debe instituírse a acollida e o diálogo presacramental, que permita ó peticionario confronta-la súa actitude coa da Igrexa, e a esta

acompañalo no seu crecemento cristián, ata que poida o interesado decidir responsablemente a súa opción respecto ó Sacramento (CPG 3.29 ss.).

7.4. Co obxecto de conseguir esta renovada mentalidade evanxelizadora dos responsables da Pastoral litúrxica, as Delegacións diocesanas promovan os medios de formación permanente máis axeitados: cursiños, xornadas...

CELEBRACIÓN DO SACRAMENTO (OS SACRAMENTOS CELEBRAN A FE)

A) A celebración dalgúns Sacramentos: bautismo de nenos, forma individual da penitencia, matrimonio... por razón das implicacións socio-relixiosas, comezan a presentar certas dificultades. Nos demais as dificultades proveñen da falta de sentido comunitario da celebración en responsables e destinatarios.

Por iso, a participación, aínda que mellorou, está por debaixo da atinxida na Eucaristía.

Como causas danse:

- por parte dos cregos, a falta de interese e de medios, a atención preferente á «mecánica» máis ca ó espírito dos diversos ritos;
- por parte dos fieis, o concepto individualista dos Sacramentos, a pasividade, os contrasignos de índole social ou económica.

A necesidade de acomodar en profundidade os ritos á idiosincrasia do pobo galego é descuberta por todos. Ó mesmo tempo reconécese a súa dificultade, por falta de estudos. Na área da linguaxe (Liturxia en galego, supresión de tecnicismos), considérase máis factible e urxente. Para iso haberá que contar cunha maior dose de creatividade.

B) «As Igrexas particulares, profundamente xunguidas non só coas persoas senón tamén coas aspiracións, as riquezas e lindeiros, as maneiras de rezar, de amar, de considera-la vida e o mundo, que distinguen a tal ou cal conxunto humano, teñen a función de asimila-lo esencial da mensaxe evanxélica, de transvasala á linguaxe que eses homes entenden... Dito transvasamento hai que facelo co recto xuízo, a seriedade e a competencia que esixe a materia no campo das expresións litúrxicas» (EN 63; cf. SC 14, 58).

Conclusiones:

7.5. Para facer efectiva a participación esixida pola dimensión comunitaria dos Sacramentos, os leigos tomen, como propio dereito e deber, o exercicio das funcións que lles competen, tanto na celebración, coma na preparación dos diversos actos litúrxicos. Pola súa parte os cregos han de dar pulo á participación dos fieis.

7.6. A celebración ha de ser un acontecemento moi ledo de encontro persoal con Deus e coa comunidade, creando para iso un ambiente familiar de acollida e de oración e facendo que, ó celebra-los acontecementos salvadores da vida da comunidade, esta se vexa liberada.

7.7. Créese en cada Comunidade un equipo litúrxico que, coa debida preparación, promova a mellor participación da Asemblea, colabore na preparación da celebración e do sermóniño ou homilfa e poida exercita-los diversos ministerios.

7.8. Sobre isto, debe promoverse, alí onde sexa posible, a institución dos ministerios laicais. Tamén, en orde á implantación do Diaconado permanente, a Comisión de Liturxia emprenderá os estudos precisos e fará ós Bispos as propostas que permitan comeza-la súa posta en marcha.

7.9. Urxe suprimi-los contrasignos de índole social e pagadoira que escurecen o senso evanxelizador e comunitario dos Sacramentos. Deben, en troques, potenciarse coa oportuna mentalización aquelas aportacións que manifestan a solidariedade e comunicación cristiá de bens, a partir sobre todo da

Eucaristía.

7.10. A renovación litúrxica postula unha acomodación en profundidade dos ritos sacramentais ás condicións concretas do pobo galego, moi especialmente no mundo campesiño e mariñeiro. Para iso fomentárase unha auténtica creatividade baixo a responsabilidade do Bispo.

7.11. O CPG teima no estudo e a aplicación das normas pastorais de cada un dos Rituais dos Sacramentos, recalcando aquí algunhas delas:

Bautismo: Esixe o compromiso da comunidade, e en particular dos pais, na transmisión da fe. Por iso, a súa celebración debe facerse con participación da mesma comunidade, elixindo para iso a ocasión máis oportuna, como pode se-la Misa Parroquial.

7.12. *A Confirmación:* Precisa unha revitalización no Pobo de Deus, a fin de que se tome conciencia do compromiso cristián na vida. O momento da súa celebración non debe estar sometido ó proceso da Visita Pastoral, senón que ha de acomodarse ó crecemento na fe dos que han de recibilo nas distintas comunidades (CPG 1.25).

7.13. *A Penitencia:* Celébrase este Sacramento como o cume do proceso da conversión, buscando nel a reconciliación con Deus e cos homes; destáquese tamén a dobre dimensión do pecado (individual e social) e descúbrase o senso do pecado. Úsense as diferentes formas presentadas polo rito, dando a absolución comunitaria cando se cumpran as condicións previstas polo Ritual, sempre que a comunidade estea preparada para iso.

7.14. *A Unción dos enfermos:* E mester seguir insistindo no seu verdadeiro senso: é un sacramento de enfermos e vellos. Responsabilícese á comunidade parroquial da atención ós enfermos e da oración por eles, sen que isto substitúa o coidado persoal do crego (CPG 3.37).

7.15. *O matrimonio:* Aínda que pola súa natureza encaixa no marco das celebracións comunitarias de grupos reducidos (CPG 3.36 e 6.8), convén metelo no ambiente comunitario parroquial, vencendo o seu costume soamente familiar.

SACRAMENTOS E VIDA (OS SACRAMENTOS ESIXEN QUE A VIDA SEXA CONFORME COA FE CELEBRADA)

A) A separación entre o nivel de sacramentalización e o de vida cristiá é unha evidencia para todos. Entre as causas apúntanse:

- o ambiente de cristianismo sociolóxico en que se vive;
- a deficiencia dunha pedagogía activa na preparación e celebración, que axude a descubri-la incidencia dos Sacramentos na vida cotiá;
- a escasa atención prestada ó medio de reflexión e oración persoal, en que debe desenvolverse a liturxia.

A mesma constatación ocorre no que toca ó influxo sacramental no compromiso apostólico.

Eis algunhas causas:

- falta de conciencia apostólica na maioría dos cristiáns;
- inexistencia ou frouxedade das asociacións apostólicas, que poderían axudar ó dito compromiso;
- hai que engadir, polo menos como desculpa, excesiva ocupación profesional, o respecto humano, o concepto individualista...

E outro tanto se pode dicir do seu influxo no compromiso temporal, pois a maioría dos cristiáns non senten que a fe teña que ver cos deberes sociais.

Entre as causas sinálanse ademais a conflitividade actual do binomio relixión-política, ou por orientacións partidistas a todo dar.

Algunhas aportacións sinalan a pouca incidencia das Campañas mundiais (Fame, Paz, etc.) por falta

de integración na nosa propia realidade.

B) «... Pero non menos trabucados están os que, polo contrario, pensan que poden adicarse de tal xeito ós asuntos terreos como se estes fosen de todo alleos ó relixioso; coma se os relixiosos se reduciran a certos actos de culto e a determinadas obrigacións morais. O penoso illamento entre a fe que profesan e a vida ordinaria de moitos debe ser contado como un dos máis graves erros do noso tempo... Non hai que erguer, por conseguinte, oposicións artificiais entre as ocupacións profesionais e sociais, dunha parte, e a vida relixiosa, doutra. O cristián que descoida as súas obrigacións temporais falta ás súas obrigacións co próximo e con Deus mesmo, e pon en perigo e a súa salvación eterna» (GS 43; cf. LG 35; AA 10; EM 13).

Conclusiones:

7.16. A fin de aguilloa-la proxección que os Sacramentos deben ter na vida cristiá individual e colectiva, importa moito que, dende a celebración fondamente vivida, os que participan nela descubran os compromisos concretos de conduta na vida ordinaria.

7.17. O compromiso apostólico que brota dos Sacramentos precisa para o seu normal desenvolvemento o ambiente comunitario. O CPG recorda que a renovación litúrxica non será completa alí onde non existan movementos apostólicos, nos que poidan integrarse aqueles que desexan cumpri-los seus compromisos sacramentais de apostolado.

7.18. A celebración sacramental vivida dende as esixencias da fe leva ó compromiso temporal, que non se pode pechar nos problemas da propia comunidade, senón que ha de adquirir unha medida mesmamente misioneira. Por iso, a comunidade debe comporometerse coas grandes xornadas mundiais (Xornadas misionais, Fame, Paz, etc.) como unha declaración da súa fe e da dinámica evanxelizadora.

II. A EUCARISTÍA

A) As motivacións da asistencia á Misa aparecen por este orde: precepto, costume, sufraxio por defuntos e rogo de favores. Ós dous últimos hai que engadi-la acción de grazas polos favores recibidos e a celebración de acontecementos familiares nos que piden a Misa. Son minoría os que acoden por devoción. A glorificación e louvanza de Deus é a máis ausente. O concepto máis estendido é o de obrigación, o de devoción e, en derradeiro termo, o de sacrificio de Cristo.

A causa principal parece se-la catequese, centrada con preferencia case exclusiva sobre os ditos puntos. Algo mellorou dende o Vaticano II.

O excesivo número de Misas crese que enriquece o culto, no senso de que é o centro de toda a Liturxia; en canto mingua outros actos, máis ben empobrece o culto.

O senso comunitario é deficientísimo: búscase a xuntanza con Deus, despreocupándose da relación cos irmáns.

Isto atribúese ó egoísmo, á falta de formación, debida a unha predicación desencarnada. Nalgunhas partes, como na cidade, ás asembleas demasiado numerosas.

Os pequenos grupos, nos mesmos lugares xa ditos, poden ser algo de solución, pero fanse nota-las súas dificultades: aborrecemento dos fieis ás xuntanzas particulares, perigo de rompe-la unidade...

A participación externa mellorou, pero é tímida e está lonxe de ser óptima. A interior atópase case o mesmo. Os equipos litúrxicos son moi poucos.

Na Liturxia da Palabra mellorou a asistencia, pero non se chegou a comprende-la súa importancia. A homilía prepárase pouco e pronúnciase peor.

Na Comunión a participación segue sendo minoritaria, porque «o importante para cumprir é estar á Misa», por falta de vida cristiá, por frialdade, por preguiza. Tamén inflúe a ausencia de testemuño dos que comungan.

Influxe da Misa na vida, tanto persoal como apostólica e, moito menos temporal, só nunha minoría moi pequeniña pode apreciarse.

B) «A Igrexa... procura que os cristiáns non asistan a este misterio de fe como alleos e mudos espectadores, senón que, comprendéndoo ben a través dos ritos e oracións, tomen parte consciente, piadosa e afervoadamente na acción sagrada, sexan adoutrinados coa palabra de Deus, fortalézanse na mesa do Señor, dean grazas a Deus, aprendan a ofrecerse eles mesmos ó ofrece-la Hostia Inmaculada, non só polas mans do crego, senón xuntamente con el, perfecciónense cada día por Cristo, mediador na unión con Deus e entre eles, para que derradeiramente Deus sexa todo en todos» (SC 48; cf. EM 3. 10. 11. 12. 13. 27. 47).

Conclusiones:

8.1. Cómpre que cregos e fieis descubran a riqueza do Misterio da Fe. A catequese debe teimar na celebración da Resurrección do Señor, o seu carácter sacrificial, a participación de festa do Banquete, a presenza de Cristo na comunidade e na Eucaristía, a amplitude gozosa da acción de grazas e louvanza porque o Señor nos salvou, e no envío da comunidade a ser testemuña na vida do que viviu e celebrou.

8.2. Hai que purifica-la celebración eucarística de concepcións e prácticas menos rectas, tales como a súa instrumentalización para solemnizar certos actos, o excesivo individualismo, o egoísmo espiritual, a atención só ás intencións particulares, o valor sen fallo atribuído a un determinado número de Misas...

8.3. Para que a facilidade dada pola Igrexa na celebración da Eucaristía sexa interpretada rectamente, o CPG propón como norma que sexa a calidade da celebración principio regulador do número de Misas, sobre todo os días festivos, quedando sempre a salvo a verdadeira e racional utilidade dos fieis.

8.4. Denúnciase o «Panmismo» ou uso abusivo da Misa, e propónse que se fomenten outras celebracións, xa litúrxicas, como da Palabra, das Horas, etc., xa devocionais.

8.5. Ha de fomentarse a concelebración como expresión do único Sacerdocio de Cristo e da caridade sacerdotal, e non por soa finalidade utilitaria, de solemnidade externa, ou distingo de clases.

8.6. A Eucaristía supón a Comunidade e, por outra parte, faina. É, pois, preciso un esforzo pastoral denantes da celebración, que aumente o espírito comunitario na vida, e que os problemas desta encontren resoancia na mesma celebración, onde a solidariedade humana se transforma en fraternidade cristiá.

8.7. A Asemblea que significa máis plenamente a Igrexa é a constituída polos fieis de diversa condición, xerarquicamente presididos. Non poucos fieis, non embargantes, atoparon o modo de vivi-lo senso comunitario da fe na celebración eucarística de pequenos grupos. Diante deste feito, os Bispos, en conformidade cos desexos e orientacións da Igrexa Universal, procuren toma-la dianteira de facilitalas, promovelas a estar en contacto cos ditos grupos. Este será o mellor modo de salvagarda-la comunión eclesial dos mesmos e a súa integración na gran Asemblea.

8.8. O CPG chama a todos a participar na celebración da Liturxia da Palabra da Misa, pois ela, xunto co Sacramento, forma un só acto de culto, alimenta a fe, escusando o simple sacramentalismo, e é, ademais, o momento privilexiado para tomar conciencia da dimensión cristiá dos acontecementos temporais e concreta-los compromisos para a vida.

8.9. A maior participación dáse na Comuñón Sacramental, encontro pleno, á vez, co Corpo Eucarístico e o Corpo Místico de Cristo. Recoméndase, pois, vivamente que —suposta a debida preparación— participen sempre na Mesa do Señor e medren, ó mesmo tempo, no amor dos irmáns e

o manifesten en obras de servizo ós homes. Téndase a que os domingos se administre a Comuñón baixo as dúas especies para semellar mellor o xesto do Señor na Última Cea.

Nas celebracións numerosas facúltese ós cregos para que poidan solicita-la axuda de leigos na súa distribución para non alongar excesivamente a celebración.

8.10. A Eucaristía, como «cume» da vida cristiá, esixe levar a ela, para incorporala visiblemente ó Misterio salvador de Cristo, toda a vida humana, tanto individual como colectiva, o traballo, os problemas e situacións da vida (LG 34). Deste modo, a celebración non aparecerá como separada da trama da vida ordinaria.

III. TEMPO LITURXICO

ANO LITÚRXICO

A) Descóbrese moi pouco influxo do Ano Litúrxico na vida: algúns refráns alusivos do medio agrícola; case nada nos medios urbáns e entre os xoves; tampouco ten repercusión na vida do fogar. Isto é debido á falta de formación (bótase de menos a debida catequese), á pouca conxunción (salvo excepcións) con outras actividades pastorais.

A secularización da vida de hoxe

Nas festas da Virxe e dos Santos tende a perder relevo a parte relixiosa diante do festexo profano. En xeral non sobresaie a relación co Misterio de Cristo, nin co tempo litúrxico.

B) «A Igrexa, ó conmemorar en días determinados a través do ano os diferentes aspectos do misterio de Cristo», «abre as riquezas do poder santificador dos méritos do Señor, de tal maneira que, en certo modo, se fan presentes en todo tempo para que poidan os fieis pórse en contacto con eles...»; «honra con amor especial á Benaventurada Nai de Deus, a Virxe María, xunguida cun lazo que non se desfai á obra salvífica do seu Fillo...»; «ó celebra-lo tránsito dos santos..., proclámase o misterio pascual cumprido neles...» (SC 102-104); «o ciclo temporal manteña a súa debida superioridade con relación ás festas dos santos» (SC 108).

Conclusións:

9.1. Para vivir en plenitude o Ano Litúrxico é imprescindible que, ademais do recordo dos Misterios de Cristo, todos descubran, na mesma celebración, o seu valor salvífico e as súas esixencias na vida cristiá, aspectos que deberá acentuar unha recta catequese.

9.2. O CPG propónse que as celebracións da Igrexa penetren tamén a familia. Os responsables da pastoral deberán descubrir, con imaxinación creadora, os medios prácticos de vivir en familia os tempos litúrxicos, mediante oracións e símbolos apropiados ó ambiente do fogar.

9.3. O culto á Virxe María, de tanto arraigo no noso pobo, debe fomentarse, situándoo na súa xusta relación co Misterio de Cristo e da Igrexa e en consoancia cos tempos litúrxicos. O mesmo principio debe orienta-lo culto dos Santos.

9.4. Este Concilio recomenda que, en canto sexa posible, se evite o traslado das festas da Virxe e dos Santos ó domingo só pola razón de facelos coincidir co festexo profano.

CELEBRACIÓN CRISTIÁ DO DOMINGO

A) O modo de vivir en Galicia a «fin da semana» contén implícitos uns valores humanos: ledicia, liberación do traballo, xuntanza familiar, contacto coa natureza...; pero, en xeral, non se senten como valores cristiáns, integrándoos no «domingo». Agás na asistencia á Misa, aínda os cristiáns máis «practicantes» non se distinguen dos demais.

A asistencia á Misa ten minguido con respecto ó aumento de poboación, especialmente en obreiros e xoves:

— os xoves, porque «non lles di nada», as grandes asembleas non satisfán os seus desexos de protagonismo, rebélanse contra a obrigação e a súa asignación a un día fixo, prefiren os pequenos grupos en calquera día;

— os obreiros escúdanse na inxustiza e mal exemplo das clases máis altas, que son as máis practicantes, ocúpanse en traballa-las súas pequenas leiras na campía, están faltos de formación...

Advírtense as consecuencias negativas dunha formación legalista sobre o domingo: día de cumprir cos deberes relixiosos.

Entre as dificultades para a reunión dominical sobresaen, nas zonas rurais, as distancias e a falta de cregos; nas cidades, o éxodo das «fins de semana».

B) «A Igrexa, por unha tradición apostólica que trae a súa orixe do mesmo día da Resurrección de Cristo, celebra o misterio pascual cada oito días, no día que é chamado con razón "día do Señor" ou domingo...

Por iso o domingo é a festa primordial, que debe presentarse á piedade dos fieis, de modo que sexa tamén día de ledicia e de liberación do traballo...

Non se lle antepoñan outras solemnidades, a non ser que sexan de veras de moitísima importancia, posto que o domingo é o fundamento e o centro de todo o ano litúrxico» (SC 106).

Conclusiones:

9.5. Na educación relixiosa ó redor do domingo debe prevalece-lo seu senso pascual, sacramental e festivo, sobre do mero «precepto», de tal maneira que a mesma formación chegue a facer innecesaria a obrigação do precepto. O descanso dominical e, no seu tanto, o traballo que non pode interromperse, os cristiáns saiban interpretalos no seu senso de liberación pascual, na que se integran os valores humanos da diversión, unión da familia, etc.

9.6. Sendo o domingo o día da Asemblea, promóvase: *a)* a asistencia en familia á eucaristía dominical; *b)* evítense normalmente as Misas para grupos especiais, procurando que aínda as mesmas congregacións relixiosas de vida activa se incorporen á gran Asemblea; *c)* a partir das Misas para nenos, xoves, etc., que sexan convenientes, trabállese a fin de que se integren na enteira Comunidade parroquial, da cal poden ser fermento renovador (CPG 1.26 e 5.43).

9.7. Nos casos en que non se poida celebra-la Eucaristía dominical (aldeas distantes, falta de cregos...), os responsables de ditas comunidades deben preparalas para que poidan asumir por si mesmas o ministerio de santifica-lo día do Señor, mediante algún acto litúrxico. A Asemblea pode ser presidida por un leigo ou relixioso debidamente preparado e facultado incluso para distribuí-la Comunión. Aínda neste caso o crego procurará celebrar en certos momentos importantes a Eucaristía, no día, hora e lugar oportuno, que pode selo unha casa particular.

TEMPOS FORTES

A) A predicación só se intensifica na Coresma. Preferentemente para a confesión e comunión anuais; por iso, prevalece o tema da confesión e dos mandamentos. Aínda nisto ultimamente apréciase un descenso.

A asistencia está constituída normalmente por persoas maiores de entre os «practicantes» máis constantes. Acúsase a ausencia crecente da xuventude e dos habitualmente afastados.

B) «Os domingos e festas de precepto téñase a homilía en tódalas misas que se celebren con asistencia do pobo; fóra diso, recoméndase sobre todo nos días de Advento, Coresma e Tempo Pascual...» (OXMR 41-42).

«As fontes principais da predicación serán a Sagrada Escritura e a Liturxia, xa que é unha proclamación das marabillas feitas por Deus na historia da Salvación ou Misterio de Cristo, que está sempre presente e obra en nosoutros particularmente na celebración litúrxica» (SC 35).

Conclusiones:

9.8. Na Pascua e Nadal, Coresma e Advento, a Palabra de Deus debe ser proclamada e escoitada máis intensamente. Por iso ha de coidarse con especial esmero a homilía ou sermón dominical e, aínda que breve, non se omita nas Misas diarias con asistencia de fieis. Foméntense tamén outras celebracións litúrxicas, e aquelas tradicionais que aínda gozan de poder de convocatoria: Exercicios, Conferencias, Misións.

9.9. Para que a festa da Inmaculada en Advento e a de San Xosé na Coresma non interrompan o ritmo dos tempo litúrxicos, é mester presentalas como prototipo dos mesmos (MC 37).

9.10. A fin de que a predicación se acomode ó tempo litúrxico ha de: *a)* partir dos problemas concretos do pobo e iluminalos coa luz do Evanxeo; *b)* basarse nos formularios litúrxicos, destacando a súa mensaxe; *c)* anuncia-lo misterio de Cristo e a resposta do home pola conversión do compromiso na tarefa salvadora; *d)* alumear e xulgar non só o pecado individual senón tamén as situacións de pecado colectivo.

9.11. Para que a mensaxe chegue tamén ós distanciados, o Concilio prega insistentemente a tódolos cristiáns que promovan encontros con eles, persoal e colectivamente, nos seus propios ambientes, mediante diálogos, mesas redondas, conferencias... que, a partir das súas propias situacións e preocupacións, lles fagan coñece-las respostas que a fe aporta. Respéctense sempre as etapas dunha adecuada pedagoxía da fe e non se conduza a ningún a unha precipitada recepción dos Sacramentos.

CORESMA

A) En canto á vixencia actual da Coresma, compróbase a perda case total do seu influxo na vida social e a ausencia de ideas para acomodala ó noso tempo.

As prácticas coresmais non son comprendidas nin apreciadas, sobre todo entre os máis novos; non se renovaron e conservan o seu carácter individualista e descomprometido fronte ás situacións sociais de pecado.

A Penitencia sacramental na Coresma soe presentarse como «Confesión anual» preceptiva; é cada vez menos concorrida, maiormente polos sectores xuvenís; nalgunhas partes segue celebrándose coma sempre e sen preparación.

O aspecto bautismal da Coresma para a inmensa maioría pasa desapercibido.

B) «Posto que o tempo coresmal prepara os fieis, entregados máis intensamente a oí-la Palabra de Deus e a oración, para que celebren o misterio pascual, sobre todo mediante o recordo ou a preparación do Bautismo e mediante a Penitencia, déaselle particular relevo... ó dobre carácter do dito tempo» (SC 109).

«... Onde abunda máis o benestar económico haberá de darse un maior testemuño de ascese para que... non se vexan invadidos polo espírito do «mundo» e... dar... testemuño de caridade para cos irmáns que sofren fame e pobreza... nos países nos que o teor de vida é menos afortunado... os cristiáns, ó paso que buscan con tódolos medios promover unha mellor xustiza social, ofrezan... o seu sufrimento ó Señor...» (POENIT 25; cf. SC 110).

Conclusiones:

9.12. Na Coresma a acción pastoral tende principalmente a empuxar á conversión do corazón, no aspecto persoal e social. A iso axudará a actualización das clásicas prácticas: o xexún ha de abarcar aquelas privacións que impón a xustiza e a solidariedade cos máis necesitados; a esmola ha de levar á comunicación cristiá de bens; a oración sitúanos no noso posto con relación a Deus, ós homes e ós bens deste mundo.

9.13. A Penitencia Sacramental debe ser entendida como culminación normal de todo o proceso coresmal de conversión e penitencia exterior (CPG 3.35). Procúrese a súa preparación adecuada nas parroquias ou grupos de fieis, que desemboque na celebración comunitaria da penitencia sacramental, o máis achegada que se poida ó Triduo Pascual e evítese a masificación da súa celebración sen dita preparación.

9.14. O senso bautismal que alumea desde a Pascua a Coresma, esixe que esta sexa aproveitada para redescubri-las grandezas e esixencias do Bautismo, e así será máis real a renovación das promesas na Vixilia Pascual. Como norma ordinaria, convén reservar para este día o bautismo dos nenos nados na Coresma.

TRIDUO PASCUAL

A) As celebracións do Triduo van obtendo unha participación maior por parte dunha minoría de cristiáns máis formados. O Xoves Santo segue sendo o día de afluencia masiva de fieis, moi por enriba da Vixilia Pascual. Esta tende a adiantarse no horario e a simplificarse excesivamente. O Misterio pascual, e o verdadeiro sentido da súa celebración, segue sendo moi pouco comprendido pola inmensa maioría.

Mantéñense con fervor popular as procesións e outros actos devocionais, se ben con decrecente estima e asistencia da xuventude.

Comeza a percibirse o influxo negativo do carácter de «vacacións de primavera» que van adquirindo estes días en ambientes urbanos.

B) «... O sagrado Triduo pascual da Paixón e Resurrección do Señor sobresaie como a cima de todo o ano litúrxico. O mesmo que o domingo é cume da semana, do mesmo modo a solemnidade da Pascua ocupa o lugar principal do ano litúrxico» (ALC 18).

«A Vixilia Pascual, na noite santa da Resurrección do Señor, é considerada como a "nai de tódalas santas Vixilias". Nela a Igrexa agarda en vela a Resurrección de Cristo, que é celebrada nos Sacramentos. En consecuencia... debe celebrarse toda ela de noite...» (ALC 21).

Conclusiones:

9.15. O interese pastoral da Coresma ha de orientarse á participación interna e externa nas celebracións litúrxicas da Quinta feira Santa (Xoves Santo), Sexta feira (Venres) e sobre todo a Vixilia do Sábado na que culmina a celebración do Triduo de Noso Señor morto e resucitado, as cales deben ser coidadosamente preparadas.

9.16. O CPG pronúnciase contra a tendencia a adiantar e simplificar excesivamente a Vixilia Pascual, co perigo de que quede reducida a unha simple Misa dominical anticipada, e establece que, salvo graves dificultades, se teña á súa hora propia, con toda solemnidade; e sempre dentro das horas fixadas no misal.

9.17. A acción pastoral en torno á «comuñón pascual» non debe limitarse a que os fieis comunguen calquera día do ano; máis ben debe procurar situala no tempo Pascual, preferentemente no Triduo e na Vixilia Pascual, para que a incorporación a Xesucristo morto e resucitado se exprese tamén sacramentalmente.

9.18. E cómpre recobra-la importancia dos Cincuenta días do tempo pascual, xa que o seu obxectivo é perfeccionar e asegura-la vida en Cristo dos bautizados, recibida nos Sacramentos pascuais. Se o esforzo coesmal logrou a sincera conversión dalgúns, sería momento para continuar con eles un grupo de tipo catecumenal.

ADVENTO E NADAL

A) O Advento ten moito menos arraigo no pobo cá Coesma; só moi pequenas minorías o viven e descubren a súa mensaxe.

No Nadal predominan sentimentos humanos (relacións familiares, intimidade no fogar, lixeiros desexos de paz e axuda ós pobres...), todo isto con certa referencia sentimental ó misterio do Nacemento do Señor.

Como estorbos tópase no Advento a xornada dos emigrantes, situada no primeiro domingo. Para o Nadal, o influxo crecente do consumismo, axudado pola propaganda comercial, e un desenfreno paganizante nas diversións, sobre todo no derradeiro día do ano.

B) «O tempo de Advento... é o tempo de preparación ás solemnidades do Nadal, no cal se conmemora a primeira vinda de Fillo de Deus; e... con este recordo a nosa atención diríxese cara á espera da segunda Vinda de Cristo, ó remate dos tempos. Por esta razón, o tempo de Advento preséntase coma o tempo da leda esperanza» (ALC 39).

«Despois da celebración do Misterio Pascual a Igrexa non conmemora nada con tanto interese coma o Nadal do Señor e as súas primeiras manifestacións: é o que se celebra no tempo de Nadal» (ALC 32).

Conclusiones:

9.19. É urxente a revitalización do Advento e Nadal, poñendo de relevo a mensaxe cristiá da Boa Nova de esperanza e liberación. El ha de alumea-las esixencias de conversión interior e, á vez, as situacións sociais do noso pobo: marxinação, pobreza, emigración, etc. Para que a mensaxe se faga crible, os cristiáns debemos expresalo nunha vida de desprendemento, acollida, dispoñibilidade e servizo.

DÍA ANUAL DE PETICIÓN E ACCIÓN DE GRAZAS

A) Está por comezar en tódolos sitios; pero obsérvase a necesidade de acomoda-la súa data ás diversas situacións e modos de vida das comunidades.

B) «... en diferentes tempos do ano, de acordo coas institucións tradicionais, a Igrexa completa a formación dos fieis por medio de exercicios de piedade espirituais e corporais, da instrución, pregaría e as obras de penitencia e misericordia» (SC 105).

«Nas rogativas e nas "Catro Témporas" a Igrexa acostuma pregar a Deus polas necesidades do xénero humano, sobre todo polos froitos da terra e o traballo do home, e, ó mesmo tempo, a darlle grazas polos beneficios» (ALC 45).

Conclusiones:

9.20. Este día vén a substituír, na nova liturxia, as antigas «témporas». Pola súa novidade e importancia esixe un especial esforzo para a súa implantación. Co fin de que atinxa unha verdadeira incidencia popular, poderán cambia-las comunidades locais ou rexionais para outro día a súa celebración co consentimento do Bispo do lugar.

A SANTIFICACIÓN DO DÍA

A) Desapareceron, case na súa totalidade, os vestixios de participación do pobo na Liturxia das Horas, e hoxe é considerada como cousa de cregos e monxes/as.

B) «A Liturxia das Horas, coma as demais accións litúrxicas, non é unha acción privada, senón que pertence a todo o corpo da Igrexa, maniféstao e inflúe nel» (OXLH 20).

«Procuren os pastores de almas que as Horas principais, especialmente as Vésperas, se celebren comunitariamente na Igrexa os domingos e festas máis solemnes. Recomendase así mesmo que os leigos recen o Oficio divino, ou cos cregos, ou xuntos entre si, e incluso en particular» (SC 100).

Conclusiones:

9.21. A «Liturxia das Horas», como oración eclesial, é un dereito e un deber de tódolos cristiáns, que este Concilio ten obrigación de transformar en realidade. Para iso, convida os responsables da pastoral litúrxica, Seminarios, Casas relixiosas e moi especialmente os Cabidos, Mosteiros, e Igrexas que o teñen como misión especial, celebren a «Liturxia das Horas» de forma que poidan participalos fieis, proporcionando os medios necesarios, e comecen un traballo serio, intelixente e constante co fin de que a «Liturxia das Horas» chegue a ocupa-lo posto que lle corresponde na oración das nosas Comunidades.

9.22. Aquí indicamos algúns pasos para comezar dito traballo:

- a) Empezar por destaca-la superior dignidade da oración litúrxica: dalgún dos seus elementos, en especial os salmos, cun sentido cristián que ha de interpreta-la catequese, e o canto, como expresión do orante.
- b) Na práctica, ir enchendo coas fórmulas da oración da Igrexa algunhas formas de devoción en uso. Ir pasando gradualmente á celebración das principais Horas, nas formas máis sinxelas, recomendadas pola OXLH, empregando os salmos máis ricos e accesibles polo texto e a melodía.
- c) Partir de ocasións favorables, como as Vixilias de defuntos ou as Vésperas das festas locais, alí onde estean en uso.
- d) Para empezar, é necesario acudir ós grupos de maior formación relixiosa. De momento, con eles será posible atinxi-lo ideal recomendado pola Igrexa, de celebrar Laudes ou Vésperas nos días festivos.

IV. LITURXIA DA MORTE. FUNERAIS

A) A morte vén considerada prevalentemente como feito biolóxico, humano, relixioso, social; en moi poucos casos netamente cristián.

A crenza no máis alá exprésase preferentemente como sobrevivencia da alma e, en moi poucos, como relacionada coa Resurrección de Cristo, existe a preocupación pola salvación ou condenación eterna. O Purgatorio vai mingando en importancia.

En canto ós funerais:

- 1) As motivacións máis frecuentes por parte dos familiares son: obrigação co defunto, sufraxio pola súa alma, cumprir cunha obrigação de conciencia, respecto humano e tradición. Por parte dos que asisten, predomina a solidariedade coa familia, quedar ben diante do pobo (non por sentido comunitario eclesial) e no derradeiro termo a axuda espiritual ó defunto.
- 2) A desconformidade co modo de celebralos céntrase no que se cobra, responsos, diferenza de clases, falta de coidado na súa preparación e celebración (modo de cantar, número de cregos, orientación do sermón de necrolóxico).

Polo que se refire á negación de «pompa» ou sepultura eclesiástica, a reacción dos fieis en xeral é contraria a ela: «só Deus pode e debe xulgar».

B) «O difícil da condición humana atinxe o seu cume en presenza da morte... E a fe cristiá ensina que a mesma morte corporal... rematará por ser vencida cando ó home lle devolva o seu omnipotente e misericordioso Salvador a salvación que tiña perdida pola súa culpa... E esta victoria conseguíuna Cristo resucitando á vida e librando o home da morte coa súa propia morte» (GS 18).

«Hai que recalcar que a Igrexa, nas exequias dos seus fillos, celebra o misterio pascual para que os que polo Bautismo foron incorporados a Cristo morto e resucitado, pasen con El á vida, sexan purificados e recibidos no ceo cos santos e elixidos, e agarden a boaventurada esperanza da nova vinda de Cristo e a resurrección dos mortos» (ORE 3).

«Convén que todo o referente á liturxia de defuntos garde unha relación axeitada coas demais actividades litúrxicas da comunidade cristiá e co conxunto da acción pastoral...» (ORE 67).

Conclusiones:

10.1. Recoñecemos, como un valor do noso pobo, a súa postura diante da morte e o coidado dos seus defuntos. Non embargantes, é preciso que a pastoral tenda a situalos no seu verdadeiro lugar con respecto ó resto da pastoral litúrxica e das demais accións pastorais. Para iso o CPG propón que a liturxia de defuntos sexa simplificada, sen separacións persoais, nos seus elementos propios e nos profanos que acompañan a aqueles. Nas sucesivas conmemoracións, cabosdano, ofrendas, etc., pónanse os medios para unha maior redución. Procúrese, sobre todo, que a liturxia funeral non vaia en dano das outras accións pastorais máis urxentes.

10.2. O CPG pronúnciase en contra da xeralización dos funerais en domingo, xa que poden ocasiona-la desvinculación dos fieis da súa propia comunidade e impiden ós pastores a entrega a tarefas de maior interese pastoral.

10.3. As verdades da fe sobre o destino derradeiro do home han de proclamarse con toda a forza, na orde de importancia e no senso que lles dá a revelación. Nela o tema central é a Morte-Resurrección de Xesús e as súas consecuencias para o cristián. Toda a predicación sobre estas verdades ha de apoiarse sobre ela e en especial o sermón de necrolóxico dos funerais, que non debe faltar nunca. No sermón (homilía) evítase todo o que soe a eloxio fúnebre.

10.4. A Igrexa —cregos e leigos— fagan senti-la súa presenza cálida de amizade denantes da morte, mentres dure a enfermidade. Na morte e no tempo que queda ata o enterro, hai que axuda-la familia, orientándoa con criterios cristiáns, dirixindo a oración común, que ha de ser enriquecida por medio de celebracións, como as contidas no Ritual.

10.5. O CPG desexa que se poñan en práctica os diversos tipos de celebración das Exequias admitidas polo novo Ritual, para o cal é preciso face-la conveniente catequese, que non deixe que poidan ser interpretados como distintas clases. A elección da forma preferida pertence á familia de acordo co Párroco.

10.6. Á condución do cadáver procúrese devolverlle o seu senso procesional. Cando isto non sexa posible, a presenza do crego non ten por que seguir sendo presidencial.

10.7. O CPG pronúnciase en contra dos «responsos», entendidos no senso que o uso e o costume lles dá entre nós, por consideralos un contrasigno.

10.8. A disciplina canónica, no que se refire á negación de «pompa» e sepultura eclesiástica, interprétese na liña que a Igrexa Universal segue na actualidade con respecto a certos casos. E pídeses ós Bispos que designen unha comisión que estude canto antes a normativa a seguir nestes casos en toda a rexión.

10.9. Hai que ter en conta o perigo de que os funerais sexan instrumentalizados en favor de ideoloxías partidistas. Os reitores de Igrexas non poden prestarse a iso, e, en caso de dúbida, sometan o asunto á decisión do Bispo.

10.10. O senso pascual, por se-lo principal, debe prevalecer tamén na celebración da morte cristiá, manifestándose nos signos litúrxicos máis apropiados. Entre estes o primeiro será sempre a presenza dunha Comunidade que manifeste na súa vida a fe pascual.

10.11. Co fin de fomenta-la participación que expresa o senso comunitario da morte cristiá, o CPG propón, como norma ordinaria, o funeral celebrado pola Comunidade, baixo a presidencia do Párroco, axudado pastoralmente por algún outro crego.

10.12. Pedimos ós cristiáns que, tanto nas súas sepulturas coma nas esquelas, recordatorios, formas de dó, etc., actúen con persoal responsabilidade, dando testemuño da súa fe.

V. A LITURXIA EN GALEGO

A) A diglosia en Galicia é un feito evidente e ben demostrado. Confírmano as respostas dos grupos: todos, menos un, falan galego coa familia (menos cos fillos) e castelán nos medios oficiais, dato moi significativo, cando parte da metade dos que responden viven nun ambiente castelán-falante.

O ensino do galego na escola para a normalización da lingua estase a pedir a cotío hoxe. Tamén a maioría dos grupos coida que é básico para o desenvolvemento da nosa cultura.

A Misa en galego está aínda moi pouco espallada, a xulgar polos que confesan ter experiencia da súa celebración, experiencia en xeral favorable. Os cregos que a celebran nas aldeas e cidades coidan que os resultados son bos; non así nas vilas.

Encol da frecuencia coa que se ten de celebra-la Misa en galego, os máis coidan que se han de ter algunhas veces ou segundo as necesidades da xente. Só unha minoría quere que se teña sempre, e menos aínda son os que non a queren nunca.

As razóns que se expoñen en prol da Misa en galego son: é a lingua do pobo; é unha expresión máis espontánea; máis comprometida cos problemas do pobo; atópase un máis a gusto, aínda que non se entenda todo; a algún reconciliouno coa liturxia...

En contra din: todos entenden o castelán, aínda mellor có galego, sobre todo certo galego que se usa na liturxia; hai falta de preparación e moitos prexuízos...

A liturxia en galego é cousa do pobo e non só duns poucos: así opina a maioría dos grupos.

Divídense á metade os que coidan que a impresión do pobo é favorable ou contraria. Os máis coidan que é difícil levala á práctica; pero que, contando coa vontade dos cregos, pode ir adiante con seguranza.

B) «A Igrexa ten o deber de anuncia-la liberación... o deber de axudar a que naza esta liberación, de dar testemuño da mesma, de facer que sexa total. Todo isto non é estraño á evanxelización» (EN 30). «O uso da propia lingua debe servir sobre todo para achegar ó pobo dun xeito máis fondo e sentido a mensaxe que a Igrexa ten que anunciarlle, e mais, ó mesmo tempo, unha máis espontánea e sentida manifestación e proclamación da propia fe e experiencia relixiosa» (CSCD).

Conclusións:

Terreo cultural

11.1. O CPG pídelle a tódolos cristiáns, Bispos, Curas e Leigos, cada quen segundo a súa específica misión, que participen na promoción da lingua galega, por ser un valor humano que está asociado coa liberación do home galego e, por tanto, coa evanxelización.

11.2. Xa que a escola é peza chave para a promoción da lingua, o CPG une a súa voz coa doutros moitos que coidan insuficiente a concesión vixente sobor do ensino do galego, e reclama da autoridade competente a normalización da lingua galega.

11.3. As escolas, Seminarios Menores, Medios de Comunicación dependentes da Igrexa, por teren unha finalidade cultural, e os Seminarios Maiores ademais por razón pastoral, han de poñer empeño especial no ensino da lingua e cultura galega, para o que han de prepara-lo persoal especializado que se necesita.

11.4. Un Concilio galego non se pode desentender daqueles galego-falantes illados artificialmente da Igrexa en Galicia. Pedímoslles ós nosos Bispos que fagan as necesarias xestións para unha máis razoable división que abrangue os hoxe illados; e, namentres, nomeen unha Comisión que, de acordo cos seus Bispos, arbitre a solución ó problema da lingua nai daqueles.

Terreo litúrxico

11.5. É vontade do CPG que esta sesión sexa o principio dunha etapa nova para a liturxia en galego, polo recoñecemento conciliar de toda a Xerarquía da Rexión; pola xeneralización dela como cousa ordinaria; e mais, sobre todo, polo compromiso dos responsables para levala a cabo. Estes han de comezar por adquirir-la preparación necesaria e poñerse á laboura de desarraigar toda clase de prexuízos, e ir comezando polos pasos máis doados, cunha pedagogía gradual e progresiva.

11.6. O CPG úrxelle á Comisión de Liturxia en galego que, canto máis antes, se poña á confección dos materiais necesarios, tanto para os actos de devoción coma para os litúrxicos, para que as Comisións diocesanas os poidan espallar nas dioceses.

11.7. Suposta sempre a dita preparación, a vontade do Concilio é que nas igrexas da cidade se chegue a celebrar polo menos unha Misa en galego nos días festivos, e o mesmo se diga dos demais Sacramentos, sempre co debido respecto á liberdade dos interesados. Naquelas bisbarras nas que o galego é a única lingua teñen de se chegar a facer en galego tódalas celebracións.

11.8. A lingua litúrxica ha de se ater á norma das demais linguas vernáculas: dunha banda, sexa sinxela e non afastada da lingua coloquial ordinaria; e doutra, acade unha certa dignidade literaria. Aínda que se escriba nunha das varias formas morfolóxicas vixentes, na lectura axéitese á de cada bisbarra.

11.9. A liturxia en galego non se remata con verte-las fórmulas latinas na nosa lingua, é todo un universo cultural alleo o que cómpre verter no noso; e para isto é imprescindible a colaboración dos estudosos das ciencias sobre do noso pobo.

11.10. Para tan ampla e fonda laboura, cómpre reestrutura-la Comisión da Liturxia en Galego, incorporando a ela os liturxistas, biblistas, músicos, antropólogos, etc., ademais dos técnicos da lingua. Isto comporta maior dedicación de persoas e medios, que a Xerarquía, considerándoa como parte da súa misión, lles ten que ofrecer.

Outros terreos pastorais

11.11. A acción litúrxica non se pode illar das demais accións pastorais, sobre todo da catequese. O CPG urxe a preparación de catecismos e libros complementarios na nosa lingua e mentalidade, tarefa que se lle encomenda á Comisión da Catequese.

VI. DEVOCIÓNS E SANTUARIOS

A) Obsérvase a perduranza de tradicionais exercicios de piedade —meses, novenas, rosarios, viacrucis—; pero, ó mesmo tempo, recálcase o seu xeral decrecemento, sobre todo se son referidos ó templo.

Causas deste decrecemento son a súa monotonía e inadaptación para as novas xeracións, a crise relixiosa en xeral e, non en derradeiro termo, o desprestixio procedente da mesma predicación nos últimos anos.

Máis optimista é a impresión recollida ó redor das manifestacións de piedade dentro do propio fogar, sen que abonden as explicacións ó respecto.

Na morea das devocións practicadas non se manifesta unha marcada falta de xerarquización por razón do obxecto. A Virxe preséntase sempre anteposta ós Santos. É nos ambientes rurais onde parecen obter algúns destes un desmesurado favor.

Non hai conciencia clara de cales son as devocións especialmente recomendadas pola Igrexa. E pode dicirse que moitas persoas piadosas non acertan a distingui-los exercicios de piedade das accións litúrxicas.

Sobre os devocionarios en uso repréndese a súa inadaptación, e quéixase de que o seu irrefrenable abandono non cadre coa implantación de novos formularios.

Ó recoñecerse a falta de mentalización encol do tema, faise constar que só en moi contadas ocasións foi tratado claramente en catequese, conferencias, círculos, etc.

En troques, rexístrase certa acentuación do espírito crítico ó relacionar devocións e espírito cristián. Hai unha clara referencia a que o aumento de autenticidade emparella unha mingua no número de devocións e un aumento de calidade nas que quedan. Concretamente recálcase a forza chea de vida actualmente dalgunhas formas de devoción mariana.

O mesmo espírito crítico leva a abundar en afirmacións xenéricas sobre elementos lixados ou derivacións enlixadas (maxia, fanatismo, individualismo...); a dificultade mesma de sinalar tales lindeiros leva a desexar un estudo conxunto serio sobre os exercicios de piedade na nosa rexión.

A verdadeira revisión dos exercicios de piedade vese axudada por chamadas moi concretas á prudencia pastoral: substituír sen destruír, non opoñer relixiosidade popular e relixiosidade culta, axuda-lo pobo a revisar dende dentro a súa propia relixiosidade.

B) «Recoméndanse afincadamente os exercicios piadosos do pobo cristián, con tal que sexan conformes ás leis e ás regras da Igrexa, en particular se se fan por mandado da Sé Apostólica».

«Precísase que estes mesmos exercicios se organicen tendo en conta os tempos litúrxicos, de modo que vaian de acordo coa sagrada Liturxia, en certo modo deriven dela e a ela conduzan o pobo, xa que a Liturxia, pola súa natureza, está moi por enriba deles» (SC 13).

«As conferencias episcopais, as Igrexas locais, as familias relixiosas e as comunidades de fieis favorezan unha actividade creadora propia e, ó mesmo tempo, procedan a unha dilixente revisión dos

exercicios de piedade...; revisión que queredamos fose respectuosa coa tradición sa, e estea aberta a recolle-las lexítimas aspiracións do home do noso tempo» (MC).

«A caridade pastoral ditará a cantos o Señor colocou como xefes das comunidades eclesiais, as normas de conduta con respecto a esta realidade, á vez tan rica e tan ameazada: á que gustosamente chamamos «piedade popular». Ante todo hai que ser capaz de sentila, saber percibi-las súas dimensións interiores e os seus valores que ninguén pode negar, estar disposto a axudala a vence-los seus perigos de desviación. Ben orientada, esta relixiosidade pode ser cada vez máis, para as nosas masas populares, un verdadeiro encontro con Deus en Xesucristo» (EN 48).

Conclusiones:

12.1. A predicación e a instrución relixiosa non deben menospreza-los exercicios de devoción, pois son expresións da fe. Promóvanse segundo as direccións do Vaticano II.

12.2. Ó tratar sobre as devocións, a acción pastoral terá presentes os seguintes principios: ordena-las devocións diversas (Santísima Trindade, Cristo —especialmente na Eucaristía—, María, os Santos...); renovalas, de xeito que inspiren na Liturxia e a ela conduzan; dar toda prioridade á louvanza e á acción de grazas por riba da oración de petición, e que esta sexa verdadeira oración cristiá centrada no advenimento do Reino de Deus.

12.3. Aproveítense os exercicios piadosos como acción a propósito para a evanxelización: a súa ilimitada variedade fainos doados para acomodarse ás diversas situacións culturais e ós diversos niveis de fe.

12.4. É nas devocións onde o deber de creatividade de formas de oración apropiadas para o noso pobo pode atopar un campo sen lindeiros.

12.5. As Comisións de Liturxia, abertas a toda colaboración, coiden de que as devocións e formularios de oración sexan debidamente reformados e actualizados, aproveitando as grandes posibilidades que ofrece a Liturxia das Horas para enriquecer ditos formularios.

12.6. O tema das devocións —o mesmo se diga dos santuarios— está esixindo un estudo en profundidade. A promoción dunha conveniente investigación interdisciplinar sobre o tema debe ser un dos froitos do CPG.

12.7. É urxente fomentar no seo do fogar a lectura da Biblia e a oración en familia como vínculo de unión e en conformidade coa súa calidade de Igrexa doméstica. Para iso, deben ofrecerse formas novas e axeitadas á súa actual situación de cambio sociolóxico e relixioso.

12.8. O CPG comprácese en sinala-lo gran número de santuarios na nosa terra, que forman parte da vida relixiosa e cultural do pobo; pero, ó mesmo tempo, vese obrigado a laiarse da mestura de relixiosidade con elementos contaminantes. Por iso, urxe unha renovación dos mesmos, transformándoos en lugares de encontro, de oración comunitaria, de reflexión evanxélica, humana e cristiá. A esta tarefa de transformación e purificación deberíase colaborar activamente dende os lugares de orixe.

12.9. Especial atención merecen, por unha parte, as manifestacións de piedade que neles se teñen, as cales deben ser purificadas dos elementos negativos que as acompañan, ou suprimidas, se falta o intento de purificación; e, por outra, as prestacións económicas, ofrendas, as cales non deben ser fomentadas con ánimo de lucro, senón orientadas a obras sociais en ben dos irmáns, informando publicamente do emprego dos ditos ingresos.

COMUNICADO DOS BISPOS APROBANDO AS CONCLUSIÓNS

Os días 27, 28 e 29 do mes de San Xoán deste Ano Santo Xacobeo, celebrouse a III Xuntanza Xeral do Concilio Pastoral de Galicia sobre do tema «A liturxia renovada na pastoral da Igrexa».

De acordo co Regulamento do dito Concilio Pastoral correspóndenos agora ós Bispos de Galicia referenda-las conclusións ás que chegou a III Xuntanza Xeral e ó mesmo tempo arranxa-los medios precisos para que sexan levadas á práctica, co fin de que «co esforzo conxunto e a boa vontade posta por todos, se poida conseguir que o conxunto total do pobo galego, non só participe, senón que tamén sinta profundamente como cousa súa a celebración do misterio da liturxia e deste xeito vaia erguéndose cada vez máis a Igrexa» (Carta da SC de Sacramentos e Culto Divino ó CP de Galicia). En cumprimento, pois, da nosa misión, os Bispos de Galicia temos tomado por unanimidade os seguintes acordos:

1. Referenda-las conclusións sobre os Sacramentos, o Tempo litúrxico, Eucaristía, a liturxia da morte e funerais, a liturxia en galego, devocións e santuarios, aprobados regulamentariamente na terceira Xuntanza Xeral do Concilio Pastoral de Galicia como pautas que han de rexe-la pastoral litúrxica e sacramental nas diferentes dioceses que constitúen a Provincia eclesiástica compostelana. No noso referendo non entran as introducións sociolóxicas que se antepoñen ás conclusións, nin se estende á iluminación doutrinal das mesmas.
2. As conclusións deben ser interpretadas á luz e de conformidade co Maxisterio da Igrexa, dun xeito especial do contido no Vaticano II e nos documentos e directrices dadas «polo Sumo Pontífice e polos Dicasterios da Santa Sé, mirando á actuación da reforma litúrxica e da concretización da pastoral litúrxica» (CSCD).
3. Co fin de que as conclusións cheguen a coñecemento de todos, encomendámo-la súa publicación á Secretaría Xeral do Concilio. A edición debe facerse en castelán e galego. Os Boletíns das cinco dioceses publicaranas para darlles estado oficial nas devanditas dioceses. Coidará ademais a Secretaría Xeral do seu conveniente espallamento, interesando os Medios de Comunicación Social, ós que dende agora pedimos e agradecemos-la súa colaboración.
4. A Secretaría Xeral do Concilio Pastoral de Galicia fará que sexan publicadas as introducións sociolóxicas e doutrinais da III Xuntanza Xeral que, se ben non as atinxe o referendo dos Bispos, forman parte da documentación conciliar.
5. É noso desexo e propósito que ditas conclusións sexan postas en práctica, pouco a pouco, pero eficientemente. Con este fin propoñemos para o próximo curso os seguintes obxectivos prioritarios aprobados pola Asemblea Rexional:
 1. Un diálogo pastoral presacramental para axuda-los que soliciten os sacramentos, e especialmente os pais que piden o bautismo para seus fillos e os noivos que queren ir ó matrimonio, en orde a atinxir unha opción máis libre e consciente na recepción dos mesmos (Conclusión 7.3).
 2. A confección dos materiais que se precisan para a introdución do galego na celebración litúrxica e devocional (Conclusión 11.6).
6. Tanto para poñer en práctica as conclusións como para levar a remate os obxectivos prioritarios, os Bispos acordamos, seguindo as normas das etapas de denantes, constituír en Comisión Rexional de Pastoral Litúrxica e Sacramental a que ata agora foi Comisión Rexional de Liturxia.
7. Esta Comisión estará presidida polo Bispo de Ourense e constituída polos Delegados Diocesanos de Liturxia e outro representante, crego, relixioso (a), leigo, de cada unha das dioceses, elixido polo Bispo respectivo.

8. Serán funcións da dita Comisión estudar e propoñer, promover e coordinar a nivel rexional todo o referente á pastoral litúrxica e sacramental, e moi especialmente a posta en práctica das conclusións desta III Xuntanza conciliar, en contacto coa Conferencia Rexional de Bispos, a través do Bispo Presidente da mesma Comisión.

9. Tamén nos propoñemos reestruturar e axuda-la Comisión de Liturxia en Galego para facela máis efectiva respecto ós seus fins. Do mesmo modo recollémo-las demais recomendacións feitas polo Concilio ós Bispos e queremos levalas a efecto dentro dos programas pastorais da Igrexa en Galicia.

10. Aproveitamos esta ocasión para testemuñar de novo a nosa gratitude e a da Igrexa a todos aqueles que colaboraron nesta terceira etapa que rematamos de clausurar. E pregamos ós nosos fieis que se animen a participar na nova xeira, a cuarta, que comezará o próximo outono e que terá como tema de reflexión a misión e función dos cregos e relixiosos no noso tempo.

11. Desexamos que todos estes traballos produzan no Pobo de Deus en Galicia abundantes froitos, posto que «da liturxia, sobre todo da Eucaristía, nace para nós a graza como de fonte e obtense coa máxima eficacia aquela glorificación de Deus da cal as demais obras de Igrexa se encamiñan coma ó seu fin» (SC 10).

Queira Deus que a Igrexa de Galicia sexa dende hoxe máis orante, para que sexa máis xenuinamente Igrexa.

Isto pedimos ó Apóstolo Santiago neste Ano Santo Compostelán. Invocamos para esta axuda á Virxe María nas advocacións máis queridas de cada unha das nosas Igrexas locais.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 1976.

ANXO, Arcebispo de Santiago de Compostela
ANXO, Bispo de Ourense
ANTONIO, Bispo de Lugo
XOSÉ, Bispo Administrador Apostólico de Tui-Vigo
MIGUEL ANXO, Bispo de Mondoñedo – Ferrol

DOCUMENTO CUARTO

VIDA E MINISTERIO DOS SACERDOTES. OS RELIXIOSOS EN GALICIA. PASTORAL VOCACIONAL

I. VIDA E MINISTERIO DOS SACERDOTES

O SACERDOTE, SERVIDOR DA COMUNIDADE

13.1. Neste documento tenciónase facer un xuízo crítico sobre os problemas, necesidades e deficiencias da vida e ministerio dos sacerdotes en Galicia e encontrar posibles solucións ós mesmos. Con isto non se quere deixar na escuridade o esforzo e a entrega abnegada de tantos sacerdotes, e a renovación pastoral que se está facendo en moitos sitios de Galicia e nas diversas actividades apostólicas. Por iso, a reforma eclesial ha de seguir facéndose con ilusionada esperanza.

13.2. ¹ Galicia necesita que os seus sacerdotes sexan signo de Xesucristo, Cabeza e Pastor. Para isto terán que vivi-la realidade concreta do seu pobo, comprometerse co feito galego con tódalas súas consecuencias, estar posuídos pola Fe, de tal sorte que sexa razón da súa vida e se espalle en toda a súa actividade, sementando esperanza, e concreta-lo seu amor pastoral en desprendemento e pobreza, e na dedicación especial ós humildes e marxinados.

13.3. ² O sacerdote, rodeado por unha sociedade materialista e encadrado nunha estrutura eclesiástica excesivamente burocrática, vive ademais un momento de crise, por vir a menos socialmente a tradicional figura do crego e estar á procura da súa identidade. Por todo iso necesita unhas axudas eficaces para manter e aviva-lo seu espírito.

13.4. ³ Estas axudas atoparaas primeiramente na súa propia opción polo sacerdocio, na súa entrega pastoral, na Palabra de Deus á que serve, na Eucaristía que celebra coa comunidade, e no encontro a nivel humano e de fe cos grupos. Seguen sendo necesarios os medios tradicionais de oración, e serán tanto máis válidos canto máis se revisen na súa base bíblico-teolóxica e se acomoden na súa forma. É, polo demais, urxente en Galicia racionaliza-lo traballo pastoral, crear modos e medios axeitados de formación permanente, e favorecer de maneira real o sentido comunitario no traballo e tamén na

¹ Signo de Cristo: LG 23; PO 2, 3, 12; SM 1.º, p. 1,4; AC 2ª pon. 1.1.6. Encarnarse: AC 2ª pon. Concl. 30. 4ª pon. Concl. 23. 5ª pon. Concl. 12.14. Desprendemento e pobreza: PO 13. Dedicación especial ós humildes: PO 13; AC 6ª pon. Concl. 20.

² Crise de identidade: AC 1ª pon. 1.3.3.

³ A súa propia opción: PO 12, 13. A súa entrega pastoral: LG 41; PO 12, 13, 18; SM 2ª p. I, 3; AC 6ª pon. Concl. 3, 23. A Palabra de Deus: PO 13, 18. A Eucaristía: PO 13, 18. Medios de oración: PO 13, 14, 18; SM 2ª p. I, 3; AC 6ª pon. Concl. 7, 8. Sentido comunitario: PO 8; AC 6ª pon. Concl. 27, 28

vida.

13.5. O sacerdote ten que desterra-los elementos negativos da súa vida, especialmente aqueles que fan impopular a súa imaxe, como é todo indicio de interese polos cartos e de espírito de autosuficiencia.

13.6. ⁴ O seu ministerio ten que ser un servizo á comunidade, nunha actitude de permanente escoita e de diálogo. Ha de entregarse ó ben do seu pobo, sobre todo na educación das persoas, denuncia profética da inxustiza e promoción de posturas de reconciliación e de paz. A independencia de todo grupo de presión de calquera clase axudaralle a acadar isto.

13.7. O sacerdote non soamente ten responsabilidade cara á súa parroquia, senón tamén cara a Galicia enteira. O feito de ser enviado de Cristo urxirao a estudar seriamente a realidade socio-política, económica, cultural e relixiosa; consagrarao á tarefa de avivar no seu pobo a estima polos propios valores; e a construír sobre a súa profunda relixiosidade, limpándoa ó mesmo tempo do que teña de superstición; marcaralle como obxectivo inmediato a formación de grupos de cristiáns responsables; levarao a identificarse cos máis pobres.

13.8. ⁵ A principal misión do sacerdote é a educación na fe das persoas, individualmente e en grupo. Na formación de crentes, levarao a tomar unha opción persoal por Xesucristo, coas conseguíntes implicacións e compromisos na vida. Esta formación do espírito é inseparable do desenvolvemento integral da persoa, que debe promoverlo sacerdote dende o seu servizo pastoral. Espérase del con urxencia que, partindo da fe, eduque os homes en actitudes de amor e xustiza, apertura e solidariedade, de modo que xurdan e madurez en Galicia comunidades vivas e abertas.

O SACERDOTE, MEMBRO DA SOCIEDADE

13.9. ⁶ Debe o sacerdote ser, ó mesmo tempo que testemuña e dispensador dunha vida distinta da terra, un máis do pobo sen privilexios nin distincións sociais. O seu signo característico halle vir dado sobre todo pola fondura da súa fe e a seriedade do seu compromiso evanxelizador, pola súa abnegada entrega pastoral e a súa capacidade para comprender e afrontar-los problemas do seu pobo.

13.10. O traballo civil do sacerdote na súa realización está motivado por razóns diversas, dende as apostólicas ás económicas, ou de necesidade psicolóxica. En todo caso, non se pode hipoteca-la atención pastoral e educadora que necesita o pobo, que en Galicia se manifesta cunha especial urxencia e, polo demais, é capaz de absorbe-lo tempo e mailas enerxías dun clero cada vez máis escaso.

A súa misión convérteo en home entregado ós irmáns e membro do presbiterio diocesano; por iso, vese conveniente que a decisión por un traballo civil a tome o sacerdote en diálogo coa comunidade á que serve e cos compañeiros de zona, contando coa autorización do seu bispo.

13.11. ⁷ Aínda que o compromiso político é dereito de toda persoa, e mais obriga do cristián na súa encarnación de fe, o sacerdote normalmente debe quitarse de militar dunha maneira activa no campo das opcións concretas de partidos. E ten que ser principio de unión no medio de tódolos que collan posturas

⁴ Servidor da comunidade: LG 28; ChD 28; PO 9, 12. Educación das persons: PO 6. Denuncia profética: GS 40, 76; AA 7; PO 4; SM 2ª p. I, 2; AC 1ª pon. Concl. 2ª pon. Concl. 33, 35; 6ª pon. Concl. 22; ICP 2.º, 34, 38.

⁵ Primeira tarefa, educar: AA 30. Opción persoal por Xesucristo: PO 6; CPG 2.3. Desenvolvemento integral da persoa: PP 12-16; SM 1. Actitudes de apertura e solidariedade: PO 6. Formar comunidades: SM 2.º, p. 1. 1.

⁶ Un máis do pobo: PO 3, 9. Distinguirse pola súa fe: AC 2.ª pon. Concl. 25.

⁷ Razóns persoais para o traballo: AC 2ª pon. Concl. 31. PO 8. Urxencia da evanxelización: SM 2ª p. I, 2. Abstención por razón do ministerio: PO 6; SM, 2ª p. I, 2; ICP 34; CPEE; AC 1ª pon. 3.3.1, Concl. 31, 2ª pon. Concl. 36. Principio de unión: LG 28; SM 2ª p. I, 1; AC 1ª pon. Concl. 33, 46.

diferentes e poida que opostas, e actuar como portavoz cualificado da Palabra de Deus, á luz da cal somete a crítica toda opción política sen se identificar con ningunha. A súa misión profética esixiralle unha liberdade total e forzarao a xulgar, coa firmeza da palabra e do testemuño, toda tendencia totalitaria que recorte a dignidade humana da persoa, e toda tendencia materialista que lle negue a súa proxección transcendente.

II. A ACCIÓN PASTORAL

13.12.⁸ Para ser testemuño de Igrexa e eficacia pastoral, o bispo e os sacerdotes teñen que vivir unha verdadeira comunión de amor, que se traduza en formulacións de corresponsabilidade práctica. Cando se vive con este espírito, teñen verdadeira dimensión cristiá tanto a autoridade coma a obediencia.

Para conquistar isto, é necesaria e urxente unha auténtica conversión de bispos e cregos na concepción da autoridade e das relacións mutuas que se derivan do seu exercicio, e un meirande achegamento humano, nun ambiente de espontaneidade sincera, aceptación e acollida mutuas, confianza e amizade.

13.13.⁹ Deben os nosos bispos rodearse de asesores competentes, imparciais e representativos de todo o presbiterio, e que estes se renoven periodicamente; abandonando gran parte das súas tarefas administrativas e de signo oficial, dediquen máis tempo, como a súa principal tarefa, a vivir cos seus cregos; por propia iniciativa e inqueda fraternal, procuren chegar a todos e a cada un, vendo de coñecer directamente a súa acción apostólica e os seus problemas humanos, axudándoos a buscar solucións ós mesmos.

13.14.¹⁰ Os cregos deben procurar e manter na acción de Igrexa coa que se comprometeron un meirande achegamento e comunión positiva co seu Bispo, dende unha postura de comprensión humana e cristiá, aceptación responsable, dispoñibilidade xenerosa e corresponsabilidade eclesial. O trato co Bispo debe estar libre de toda posible adulación, ambición ou falta de honradez.

13.15.¹¹ Entre os mesmos sacerdotes urxe estar por riba das diferenzas temperamentais e ideolóxicas, que non poucas veces levan a divisións que escandalizan. É necesario buscar unhas relacións de mutua acollida e de verdadeira fraternidade. A conciencia de estar todos cooperando nunha mesma e única acción evanxelizadora, dentro dun plano diocesano de conxunto, axudará a superar o minifundismo pastoral, ou o espírito de capela, e a vence-la desilusión e a desgana que a miúdo se ven nos sacerdotes. Asimesmo, deben coñecerse e tratarse máis os sacerdotes e relixiosos, artellando entre si un clima de relacións fraternas. O feito de se saberen chamados á mesma misión de Igrexa debe unilos na programación e realización dos seus traballos pastorais.

13.16.¹² Os cregos tamén teñen que revisa-la súa relación cos leigos. O ton autoritario, o xeito paternalista ou a distancia «respectuosa», que tanto marcaron a Igrexa galega, deben cambiarse por unha relación cordial, na que sexa posible o diálogo sincero e humilde polas dúas partes. Deste xeito, cregos e leigos axudaranse mutuamente a se comprender como Igrexa e aceptar cadaquén a propia vocación evanxelizadora. Debe facilitarse e promoverse a corresponsabilidade dos leigos, e que estes asuman as tarefas que

⁸ Comunión bispo-sacerdotes: LG 28, ChD 28; PO 2, 7; SE 2ª p. II, 1.

⁹ Vivir cos sacerdotes: ChD 16, 23; AC 4ª pon. Concl. 6, 12. Chegar a todos: ChD 16; PO 7.

¹⁰ Comunión co bispo: LG 28, 41; ChD 28; PO 7; SE 1ª p. 5; DCEE 6; AC 4ª pon. Concl. 14. Trato co bispo: AC 4ª pon. Concl. 16.

¹¹ Fraternidade sacerdotal: LG 28, 41; PO 8; SM 1ª p. 6. Colaboración apostólica: PO 7; SM 2ª p. II, 2; AC 3ª pon. 3.1.1. Minifundismo pastoral: PO 7. Colaboración sacerdotes-relixiosos: LG 28; ChD 28; PO 8; SM 2ª p. II, 2; AC 4ª pon. Concl. 24

¹² Relación fraternal cos segrares: PO 9; AA 25; SM 2ª p. II, 3. Diálogo: PO 9; AA 25.

lles son propias, procurando unha distribución daquelas tarefas que non son cousa exclusiva dos cregos. Con ilusión hai que intentar, a nivel diocesano e rexional, abrir camiños ó diaconado permanente e a outros ministerios non sacerdotais.

13.17. ¹³ A crise actual da parroquia, na súa función e constitución concreta, dáse en Galicia de maneira notable, especialmente no medio urbano e suburbano. Máis ca un centro administrativo, a parroquia debe ser unha comunidade misioneira, sitio onde se celebre o culto e os sacramentos e onde se realice o encontro, comunión e profundación da fe con tódalas súas consecuencias de promoción social, caridade e apostolado.

As parroquias deben axeitarse o máis posible ás comunidades naturais. Isto pide comezar a dar pasos para un cambio na constitución das parroquias. Serán distintos os métodos na cidade e no campo, pero normalmente seguirase un proceso de crecente importancia da zona e sectores supraparroquiais, coordinación de responsables, formación de equipos de sacerdotes e especialización dentro dos mesmos.

13.18. ¹⁴ É tamén necesario revisa-los límites das dioceses. A división que temos hoxe está en contra dunha estrutura pastoral moderna, configura as cinco dioceses cunha rara e inxusta diferenza, e incluso deixa unha parte do territorio de Galicia fóra do ámbito da Igrexa galega. Debe crearse unha comisión para revisa-los límites diocesanos de Galicia.

13.19. ¹⁵ Os organismos diocesanos deben ser menos burocráticos e estar máis ó servizo pastoral dos sacerdotes e do pobo, cos que han de manter unha estreita relación.

Cómpre que o Consello Presbiteral sexa representativo de todo o presbiterio, aconselle realmente ó bispo, e apareza como unha entidade viva, tanto no seu funcionamento coma nas consecuencias prácticas da súa actuación.

En cada unha das dioceses estase sentindo a nivel parroquial e diocesano a urxente necesidade de Consellos Pastorais que planeen, conxunten e promovan as accións pastorais. Estes Consellos Pastorais deben ser escoitados e tidos en conta polos Bispos e polos párrocos.

Por riba das mesmas dioceses, parece desexable un Consello Pastoral Galego, no que, xunto cos Bispos, estean os representantes dos Consellos Diocesanos.

13.20. ¹⁶ O ben do pobo concreto e o da diocese en xeral teñen que se-lo criterio supremo para os nomeamentos dos sacerdotes, de tal xeito que nin os títulos ou méritos persoais, nin o desexo de tapa-los buratos que se produzan, sexan razón para decidir. Como principio de urxencia pastoral hase ir procurando unha mellor distribución dos cregos de acordo coa poboación humana e as necesidades de evanxelización. Non se dará, pois, unha designación acertada, a non ser no contexto dun plano pastoral claro, no que, coñecidas as cualidades e circunstancias da persoa, se vexa aconsellable a súa inserción nunha comunidade e equipo sacerdotal de características determinadas.

Procúrese que os criterios para as designacións sexan obxecto de estudo do Consello Pastoral, e que os nomeamentos se fagan, na medida en que se poida, previa consulta ás persoas afectadas, é dicir, ó interesado, ó grupo de cregos que deixa e mais ó que se vai xuntar, e ó pobo. De tódalas maneiras deberá quedar sempre a salvo a libre determinación do Bispo, derradeiro responsable da diocese.

É urxente que se favoreza o nacemento e vida de equipos sacerdotais, valorando as actividades de pastoral supraparroquial e axudando a que xurdan grupos de reflexión e de convivencia.

¹³ Parroquia misioneira: AC Iª pon. 4.2; CPG 5.6, 5.28.

¹⁴ División de dioceses: ChD 22; ES 12; AC 3ª pon. Concl. 32, 33. Igrexa rexional: ChD 39-40; ES 42.

¹⁵ Organismos diocesanos. Sentido Pastoral: ChD 27; AC. 3ª pon. 0.3.2.1.1. Concl. 5, 6: *Carta Circular da Sagrada Congregación do Clero*, 15, 3, 72.

Consello Presbiteral: PO 7; ES 15; SM 2ª pon. Concl. 11, 14; CPG 5.9.;

Consello Pastoral: ChD 27; SE 2.º p. II, 3; ES 16; AC 3ª pon. Concl. 11, 14; CPG 5.9.

Consello Pastoral Galego: AC 3ª pon. Concl. 11.

¹⁶ Nomeamentos. Criterios: AC 3ª pon. 4.3.

O ben do pobo: AC 3ª pon. Concl. 23.

Consultas: AC 3ª pon. 4.3.1. Concl. 24.

Equipos sacerdotais: PO 8; AC 3ª pon. Concl. 13, 6ª pon. Concl. 27-28.

PROBLEMÁTICA PERSOAL

13.21. Moitos sacerdotes sofren problemas persoais, que teñen a súa principal raíz na soidade humana e que, aínda estando tapados, se deixan ver de diversa maneira na tensión ou frustración con que viven, na falta de equilibrio psicolóxico, no desexo dun celibato opcional, na insatisfacción ó realiza-lo seu ministerio ou tamén no frecuente escape do mesmo.

Han de terse en conta as posibles raíces desta situación, como as deficiencias de formación recibida, a falta de madurez afectiva ó chegar ó ministerio, o deixa-la oración, o pouco aprecio da fe, a pouca entrega pastoral, o facer un traballo que non sempre é valorado pola sociedade, os poucos medios económicos, a falta de calor humana na mesma estrutura da Igrexa sobre todo, as circunstancias de illamento do sacerdote, que aínda é grande en moitas zonas de Galicia e que se agrava en moitos casos por non ter familiares ou pola dificultade para encontrar unha persoa axeitada que o atenda.

13.22. ¹⁷É dunha grave urxencia prestar toda atención a estes problemas e tentar soluciónalos.

Debe revisarse a formación dos aspirantes ó sacerdocio, tanto no seu aspecto humano en contacto real coa vida e capacitándoos para a opción madura celibato, coma no seu aspecto espiritual, formándoos seriamente na oración, no sacrificio. Hai que pensar nun período de práctica ministerial antes do sacerdocio en circunstancias normais e tan longo como sexa conveniente.

De maneira efectiva deben recibi-los sacerdotes tódalas axudas necesarias para o sustento da súa vida espiritual. Cada diocese debe contar con sacerdotes libremente elixidos e ben aceptados, que se dediquen soamente ós seus irmáns no sacerdocio.

Comécese un novo xeito na distribución dos cregos, de tal maneira que, canto se poida, vivan xuntos os sacerdotes ou case agrupados, e evítese todo caso de illamento humano. Hai que racionaliza-lo traballo pastoral, facendo que as tarefas ministeriais e evanxelizadoras estean humanamente repartidas, e nunca se chegue a unha sobrecarga excesiva nin a unha pouquitude nas tarefas.

Deben os Bispos e responsables diocesanos cambia-lo seu modo de relación cos sacerdotes, estando máis preto de cada un deles, con afecto sincero e interese polas súas circunstancias e problemas. Os mesmos sacerdotes deben abrirse cordialmente ós seus compañeiros nunha sincera acollida, e procurar diversas maneiras de convivencia. As comunidades e familias cristiás acollerán con cariño o sacerdote, facilitándolle a plena integración humana con todos e ofrecéndolle a súa nobre e cordial amizade, colaborando ampla e xenerosamente na vida e tarefas da comunidade.

13.23. ¹⁸ Coa mesma solicitude e afecto hase de pensar en todos aqueles que decidiron colle-lo camiño da secularización. Hainos que axudar nos seus graves problemas humanos, ós que moitos teñen que enfrontarse sen preparación e despois de estar servindo varios anos no ministerio. A comunidade debe tomar conciencia para saber comprendelos e acollelos. Deben poder exercer ministerios eclesiais dentro dos límites permitidos ó Bispo.

Demóstrselles por parte de todos, dunha maneira especial polo Bispo e os irmáns cregos, que seguen formando parte da familia diocesana, e que se segue contando con eles na tarefa evanxelizadora da Igrexa. Pola súa banda, os secularizados teñan en conta a sensibilidade do pobo cristián.

13.24. ¹⁹ O sacerdote debe percibir ingresos abondos para levar unha vida digna sen ter angustia económica. Ó mesmo tempo, o servizo á súa comunidade debe facerse con desprendemento e ata gratuitamente, para que o culto de ningunha maneira pareza como unha cousa comprada. Na medida en que se poida, o sacerdote debe ser sostido pola comunidade á que serve, e neste senso débese ir

¹⁷ Formación para o celibato: SC 60, 7 p.; SM 2ª, p. I, 4. Período de práctica previo ó sacerdocio. Medios espirituais: SC 73-78; SM 2ª, p. I, 4. Sacerdotes para atende-los seus irmáns: AC 6ª pon. Concl. 29. Bispos e responsables diocesanos: LG 28; ChD 16; PO 7; SC 91-94. Compañeiros sacerdotes: PO 8; SM 2ª, p. I, 4, II, 2; SC 79-81.

A Comunidade: SM 2ª, p. I, 4. Doutrina oficial da Igrexa e normativa sobre o celibato sacerdotal: PO 15; SM 2ª p. I, 4; SC 1-59; AC 2ª pon. Concl. 37-38, 6ª pon. Concl. 21.

¹⁸ Axuda ós sacerdotes secularizados: AC 5ª pon. Concl. 23. Que poden exercer ministerios: AC 2ª pon. Concl. 40.

¹⁹ Ingresos suficientes: PO 21; ES 8; SM 2ª, p. II, 4; AC 5ª pon. Concl. 2. Desprendemento e gratuidade: SM 2ª, p. II, 4; AC 5ª pon. Concl. 1, 12. Sostido pola comunidade: PO 21; SM 2ª, p. II, 4. Bens da Igrexa: AC 5ª pon. Concl. 4-6, 15-19, 27. Caixa de Compensación: PO 21; ES 8; AC 5ª pon. Concl. 24-26.

formando a conciencia dos cristiáns. Por outra banda, urxe reconsidera-lo destino dos bens da Igrexa e chegar a algunha medida concreta, como podería ser Caixas de Compensación Diocesana e Interdiocesana. Outras solucións —a axuda do Estado e o traballo civil—, que de feito teñen que ser aceptadas, levan consigo, xunto ás súas razóns e aspectos positivos, un posible risco contra da liberdade do sacerdote na súa misión.

13.25. ²⁰ A formación permanente maniféstase como unha das máis graves necesidades dos cregos na actualidade. O sacerdote debe poñerse ó día na formación teolóxica que recibiu, e outras materias relixiosas ou profanas que son medios necesarios para unha acertada pastoral no mundo de hoxe. Para vence-las dificultades persoais de illamento, falta de tempo, ánimos ou medios económicos, faise necesario crear camiños, designar responsables e programar actividades diversas, que axuden ó sacerdote nesta tarefa de estudos. O esforzo pola formación permanente ten que facerse a nivel de diocese e a nivel rexional. Urxe que haxa en Galicia un planeamento serio neste aspecto, integrando os recursos e as persoas que poidan aporta-las cinco dioceses, e indo á creación dun Centro de Estudos que estea ó servizo dos sacerdotes e do pobo cristián.

13.26. Os cregos servidores dunha comunidade concreta, que forman parte dun presbiterio diocesano, deben estar comprometidos coas realidades humanas e relixiosas de Galicia, sen perderen o senso universal do seu ministerio. A misión e necesidade de toda a Igrexa deben estar presentes no espírito e acción de cada sacerdote e da familia diocesana.

En concreto, hase de manter unha relación viva con todos aqueles que, pertencendo ó presbiterio da mesma diocese, exercen o seu ministerio de evanxelización noutras rexións ou países.

III. OS RELIXIOSOS EN GALICIA

INTRODUCCIÓN

14.1. En Galicia hai 4.800 relixiosos: 4.000 relixiosas e 800 relixiosos. Pertencen a 112 Institutos distintos. A pesar das diferenzas entre uns e outros, parece conveniente sinalar algunhas orientacións comúns encol da súa vida e actividade na Igrexa e na sociedade de cara ó futuro, tendo en conta as circunstancias concretas de Galicia, e respectando a vida interna de cada Instituto. O que se di dos relixiosos debe entenderse tamén dos Institutos seculares, salvando a súa natureza propia.

14.2. A vida relixiosa en Galicia necesita unha revisión a fondo nesta tripla vertente: fidelidade ó Evanxeo e ó propio carisma, solidariedade coa Igrexa local e encarnación na sociedade galega.

14.3. É necesario revisa-lo estilo de vida dos relixiosos, especialmente no referente á súa relación co resto da Igrexa diocesana e á súa presenza nos ambientes rural, mariñeiro e suburbano. Teñen que ser facer máis encarnados no mundo en que viven e máis sensibilizados cos problemas peculiares de Galicia. Deben vivi-la propia identidade con naturalidade e con espírito comunitario e misionero, alleos a toda ansia de seguridades humanas.

14.4. Nesta liña de revisión e renovación, obsérvase en Galicia o xurdir dun novo estilo de vida relixiosa, que loita por encarnarse na Igrexa e na sociedade e ser levadura transformadora das mesmas. Abandona elementos e estruturas desfasados, e procura a sinxeleza en tódalas súas manifestacións.

²⁰ Necesidade da formación permanente: PO 19; OT 22; AC 7.^a pon. Concl. 1. Busca de medios de formación permanente: PO 7, 19; ES 7; AC 7.^a pon. Concl. 5-11. Centro Rexional: AC 7.^a pon. Concl. 20.

OS RELIXIOSOS NA IGREXA GALEGA

14.5. ²¹ A vida relixiosa é un carisma eclesial pluriforme e, como tal, pertence á vida e santidad da Igrexa. En Galicia nótase a necesidade de que a Igrexa local considere, de feito, os relixiosos como parte da familia diocesana, e conte con eles na programación e realización da pastoral; e que os relixiosos, pola súa banda, vivan e traballen en comunión e solidariedade coa Igrexa local.

14.6. Para chegar a esa unión e supera-lo vello paralelismo entre o resto da Igrexa local e os relixiosos, cómpre unha mentalización de todos mediante a creación de equipos representativos, que programen e coordinen a pastoral, tendo en conta e aglutinando tódalas forzas vivas da Igrexa.

14.7. ²² Vieiros para esta integración serán: a Asemblea Rexional de Bispos e Superiores Maiores co seu comité permanente, o consello presbiteral, os consellos pastorais e xuntas parroquiais, así como outros organismos diocesanos e locais, nos que os relixiosos teñen que estar representados como é debido. O diálogo cordial entre o bispo —responsable primeiro da Igrexa diocesana— e os relixiosos xoga un papel insubstituíble neste senso.

14.8. Tamén entre os relixiosos de distintos Institutos cómpre fomenta-lo coñecemento recíproco, o diálogo e os encontros frecuentes e a colaboración no traballo pastoral. A CONFER rexional e as Unións diocesanas de relixiosos deben loitar para chegar a esa unión e colaboración enriquecedoras, superando posibles tensións e individualismos.

14.9. A integración dos relixiosos na Igrexa local non pode verse unilateralmente, coma se lles tocasse soamente a eles e fosen eles os únicos obrigados a «saír» e achegarse ós outros. Todos e cada un dos membros da comunidade eclesial deben vivir en permanente actitude de recoñecemento, aceptación, apertura e colaboración cos distintos compoñentes da comunidade. A integración é cousa de todos.

14.10. ²³ Dita integración ten que facerse partindo da visión da vida relixiosa como carisma que ten a principal aportación á Igrexa e ó mundo na vivencia e no testemuño, na liña do ser, non do facer. Os relixiosos teñen que coida-la propia identidade sen se converteren en cregos nin en leigos. A comunidade eclesial, pola súa banda, ten que valora-la peculiaridade da vida relixiosa, partindo dunha visión da Igrexa como comunidade carismática, ó mesmo tempo diversificada e unitaria, sen caer nunha utilización pastoral dos relixiosos, que deformaría a vida relixiosa e empobrecería a Igrexa. Soamente coidando a propia identidade, conservará a vida relixiosa o seu carácter profético de presenza e anticipo do Reino e aguillón de vida cristiá.

14.11. ²⁴ A misión da Igrexa abrangue a extensión do Reino e, ó mesmo tempo, a interiorización e profundización, a acción e a contemplación. Neste marco compréndese a importancia da vida relixiosa como signo do Reino, e o papel excepcional dos contemplativos na evanxelización do mundo e na edificación do Corpo de Cristo. Este enfoque global da misión da Igrexa permitirá non ver soamente como actividades súas as feitas por cregos e leigos dentro do marco parroquial, hoxe claramente insuficiente. As actividades dos relixiosos, que responden ó seu carisma peculiar, tamén son eclesiais e como tales deben ser valoradas.

14.12. ²⁵ A vida relixiosa ten que estar ó servizo da Igrexa concreta, e atenta ás necesidades desta en cada intre, en actitude de creatividade pastoral. Esta actitude de servizo han de tela en conta as comunidades ó seleccionaren e programaren as súas tarefas, e os superiores á hora de mobiliza-los relixiosos.

²¹ LG 43, 44; AC 3.^a pon., nn. 7.10; 4.^a pon., nn. 24.25.

²² ChD 35; PC 23.

²³ LG 31.44; ET 3.4.

²⁴ PC 1.7; AG 18.40.

²⁵ LG 43-45; ChD 33-35; PC 2; CPG Propositions: 1.39; 2.20; 3.1-2; 3.8; 3.21-22; 3.25; 5.26; 5.29-31; 5.32-36; 5.44.

Coa debida atención á dimensión misioneira da vida relixiosa que leva consigo a dispoñibilidade para traballar en calquera parte do mundo, debe tenderse a que o relixioso viva e traballe na súa terra. Os procedentes doutras rexións deben ser acolleitos cordialmente. Eles, pola súa banda, han de aceptar gustosos a idiosincrasia e o idioma do pobo galego.

En Galicia é necesaria e urxe a dedicación dos relixiosos á evanxelización e educación, especialmente no mundo rural, mariñeiro, no dos emigrantes, no universitario e no dos marxinados.

14.13. ²⁶ Os relixiosos teñen que ser en Galicia expoñente destacado da Igrexa que se chama e ten que ser dos pobres. E iso non só con accións esporádicas e a distancia, de momentos libres ou de fin de semana. A vivencia dos consellos evanxélicos ha de levarlos alí onde ninguén quere estar, preto dos máis pobres e marxinados de toda clase, para viviren entre eles en solidariedade existencial, dedicados á súa evanxelización liberadora, fuxindo do paternalismo e do clasismo. Isto esixiralles un cambio notable de ubicación, estilo de vida e actividades.

14.14. ²⁷ A vida relixiosa leva consigo unha permanente tensión entre a fidelidade ó propio carisma e Instituto por unha banda, e a fidelidade á Igrexa universal e local por outra. Os Institutos relixiosos e os seus membros teñen que poñerse ó servizo da Igrexa naqueles traballos que mellor respondan á súa vocación. En caso de conflito entre os intereses e actividades propias e as necesidades reais da Igrexa, están obrigados a asumir como propias esas necesidades, aínda que mantendo o seu carisma.

14.15. ²⁸ A vida relixiosa contemplativa representa unha dimensión básica e imprescindible da Igrexa e da súa misión salvadora. As comunidades contemplativas, abertas ó espírito do Señor Xesús, teñen que facer dos seus mosteiros lugares de encontro con Deus e cos homes, pola acollida fraterna, no silencio e na oración. Deste xeito aparecerá o seu papel específico na Igrexa diocesana, á que prestarán un gran servizo.

Cómpre un meirande achegamento entre as comunidades contemplativas e o resto da Igrexa. Os contemplativos teñen que adapta-la súa liturxia e costumes ás necesidades dos homes do noso tempo, conservando a propia identidade; a Igrexa diocesana, pola súa banda, ten que valorar como é debido a vida contemplativa, dala a coñecer e apoiala.

OS RELIXIOSOS NA SOCIEDADE GALEGA

14.16. Galicia está cambiando dunha maneira rápida e profunda. Xorde unha sociedade nova con problemas e necesidades peculiares. Estes cambios esixen outro estilo de vida e novas formas de presenza dos relixiosos. Soamente así poderán estes axudar á configuración da nacente sociedade, dende a vivencia das benaventuranzas.

14.17. ²⁹ Os relixiosos son útiles á sociedade galega, en canto fan presente a vida e mensaxe de Xesús de Nazaret. A súa misión social consiste en ser —vivindo os seus compromisos específicos— testemuñas da transcendencia e da vida comunitaria, da esperanza, do amor, da xustiza, da entrega, da liberdade, da gratuidade e da ledicia. A vivencia destes valores dálle á vida relixiosa un carácter eminentemente profético e convértea nunha interpelación e instancia crítica da actual sociedade de consumo: clasista, masificada, materialista o arrelixiosa. E fai dos relixiosos levedo doutra sociedade máis humana, máis fraterna, máis xusta, aberta á esperanza.

14.18. ³⁰ A vivencia dos votos ten que traducirse na encarnación dos relixiosos na realidade social de Galicia. Un testemuño de desprendemento e servizo, sinxeleza, proximidade ás persoas, apertura e

²⁶ ET 17-18.21; PC 13. 14.13.

²⁷ PC 2.20; ES 22-40.

²⁸ AA 18; PC 7.9.16.

²⁹ LG 31.44-46; PC 1; ET 3-4.34.49-50.54.55.

³⁰ ET 17-18.21-22.52.

acollida; loita pola xustiza, compromiso liberador cos oprimidos e marxinados, fuxindo do clasismo en tódalas actuacións. Isto esixe a presenza dos relixiosos entre os homes ós que teñen que leva-la mensaxe evanxélica.

14.19.³¹ Dada a situación de abandono na que se atopan o mundo rural e mariñeiro, urxe a creación de comunidades que se dediquen á súa evanxelización, promoción social, asistencia sanitaria, educación preescolar e formación profesional, e tamén á atención dos vellos no seu ambiente, sen menoscabo das responsabilidades propias da sociedade nestes campos.

14.20.³² A opción evanxélica polos pobres esixe dos relixiosos iniciativa e creatividade. Na procura e realización de novos enclaves e formas de presenza e de traballo, convén, e en casos é necesario, a colaboración entre distintos Institutos, que axuden os relixiosos dispostos a abrir novos vieiros e apoiem as iniciativas que xurdan.

14.21.³³ A formación dos relixiosos ten que ser permanente. Dende o primeiro intre ten que facerse con apertura á Igrexa universal e local, e á sociedade galega. Son de desexar intercambios e colaboración de distintos Institutos relixiosos, clero secular e laicado. A isto contribuirá notablemente a creación dun Centro Rexional de Estudos, que promova o coñecemento da realidade socio-relixiosa de Galicia e axude á formación permanente e integradora de tódolos axentes de pastoral.

IV. PASTORAL VOCACIONAL

INTRODUCCIÓN

Ó estuda-lo seguinte documento e ó facer calquera planeamento vocacional, deberán terse en conta dous feitos importantes, que aquí non se desenvolven abondo por causa da brevidade e dos puntos comúns a ámbalas dúas vocacións.

a) A pastoral vocacional non debe estar soamente en función das necesidades pastorais da Igrexa, senón da súa misión salvadora e, como consecuencia, dos diversos carismas que se han de fomentar. A catequese vocacional debe seguir unha orde lóxica: a formación integral do home, como punto de partida; a educación na fe; as diversas maneiras de vida dentro da Igrexa, entre as que se encadre a vocación consagrada.

b) A vocación sacerdotal e a relixiosa son carismas distintos, e deben partir de supostos distintos; o primeiro está principalmente en función do servizo ó Evanxeo; o segundo, en razón, sobre todo, do testemuño de vida do mesmo Evanxeo. Unha e outra vocación teñen, sen embargo, elementos comúns, que tratamos de destacar.

O PROBLEMA DA VOCACIÓN

15.1.³⁴ A crise das vocacións sacerdotais e relixiosas é un dos máis grandes problemas que se presentan na Igrexa na actualidade. Esta crise dáse tamén en Galicia. Ante esta situación non cabe o derrotismo nin a pasividade.

³¹ CPG 3.21-22.

³² PC 20.23.

³³ PC 18.

³⁴ OT 2; AG 15; PO 11; OPV III, 2-3.

15.2. Deus segue chamando e pode facelo, con maneiras diversas, en calquera momento da vida. A Igrexa é responsable de acoller esas chamadas. É un deber que afecta a tódolos membros da comunidade eclesial, pero existen unhas responsabilidades especiais, que cómpre acentuar.

MISIÓN DOS PAIS

15.3. ³⁵ Os pais son os primeiros educadores da fe dos seus fillos. A súa responsabilidade ante a chamada á vida sacerdotal ou relixiosa dun membro da súa familia é inmensa xa que da súa actitude depende, en gran maneira, a boa fin ou a desfeita da resposta.

15.4. Crearase un clima axeitado para o florecemento destas vocacións se os pais forman unha familia humanamente sólida, firmemente enraizada nas virtudes de rectitude, lealdade, esforzo e constancia no traballo, valor nos momentos de apuro, apertura ós demais e inqueda polas súas necesidades; se procuran levar ás súas vidas e mais ás de seus fillos as esixencias do Evanxeo; se son desinteresados ante o porvir dos mesmos, sen se buscaren eles mesmos por sentimentalismo ou espírito egoísta; se valoran como é debido as diversas maneiras de vivi-lo compromiso cristián e respectan a liberdade de escoller que é propia de seus fillos, e teñen capacidade de diálogo.

15.5. É misión dos pais axudar, con tino e esmero, ás vocacións que teñan xurdido no seo da familia; acepta-lo sacrificio de que, seguindo a vocación sacerdotal ou relixiosa, ocupen un posto pouco valorado na sociedade, e, moitas das veces, desprezado; presta-la súa colaboración, na medida do posible, ás persoas e Centros de acollida destas vocacións, e rezar por elas. A Igrexa galega ten que responsabilizarse da formación dos pais sobre as obrigacións antes ditas.

MISIÓN DO EDUCADOR

15.6. ³⁶ Os programas educativos non soamente non han de poñer obstáculos ás vocacións de especial consagración, senón que han de estar abertos á posibilidade de que xurdan. O educador que teña unha actitude contraria, violaría o dereito que ten o educando a recibir unha formación que respecte as súas crenzas e non merme a súa liberdade de elección.

O educador cristián ten que crear un ambiente axeitado para que a chamada de Deus poida ser escoitada, e presenta-la vida como resposta vocacional; sinala-las distintas formas de vocación e realización de persoa, descubriendo oportunamente o valor humano e espiritual das vocacións de especial consagración. Os deberes dos educadores e dos pais de familia neste punto son moi parecidos.

15.7. A figura do profesor de Relixión, que ten que ser sempre educador da fe, é sobresaliente no campo vocacional; de aí a necesidade de seleccionar con tino as persoas que han de levar a cabo esta misión. Non soamente teñen que ofrecer unha vida que arrastre, senón que deben presentar, no intre adecuado e con toda claridade, as diversas vocacións. Os xoves de hoxe en día non son menos xenerosos do que o foron os de onte, e saben sacrificarse por un ideal que valla a pena, cando se lles presenta con entusiasmo e autenticidade.

MISIÓN DOS SACERDOTES E RELIXIOSOS

15.8. O testemuño dunha vida humilde e laboriosa, levada con alegría e nunha íntima fraternidade cos demais cregos e relixiosos, comprometida e posta ó servizo de todos, chea de fe e movida pola

³⁵ OT 2; AA 11; AG 19, 41; GS 52; LG 11; PC 24; CPG 6.19; OPV III, 2 e 4; OPV II, 4.

³⁶ OT 2; PO 11; AG 41; PC 24; OPV II, 4 e III, 2 e 4.

esperanza, xoga un papel decisivo no xurdir das vocacións. Os relixiosos axudarán ás vocacións co seu testemuño de vida comunitaria, apostólica e misioneira, e con frecuentes contactos cos adolescentes e xoves e coas súas familias.

15.9. O sacerdote ha de expoñer nas súas catequese e outras actividades pastorais a necesidade destas vocacións e a obriga de cada membro da comunidade de colaborar, de diversas maneiras, para que a Igrexa teña sempre aqueles sacerdotes e relixiosos que lle fan falla. Non debe calarse este tema nos contactos persoais, nas reunións de grupos e movementos apostólicos. Ha de manter unha estreita colaboración cos Seminarios e Casas de Formación, e segui-las directrices da Delegación Diocesana de Vocacións.

MISIÓN DAS COMUNIDADES

15.10.³⁷ A experiencia de vida cristiá esixe a inserción do bautizado na comunidade do Pobo de Deus. A comunidade cristiá, litúrxica e misioneira, é o sitio normal desta experiencia e do florecemento das vocacións de especial consagración.

Cómpre que as comunidades cristiás sexan fieis á súa condición de Igrexa na fe, no culto e na apertura misioneira, participando activamente na pastoral vocacional coa oración e demais medios que lles sexan posibles. Teñen que respectar, valorar e prestar axuda humana e espiritual ós que, entre os seus membros, se sintan chamados á vida sacerdotal ou relixiosa.

Os grupos comunitarios, tanto de cregos coma de relixiosos, teñen que ser centro de acollida para os xoves que mostren o desexo de madura-la súa ilusión vocacional. O testemuño de caridade será instrumento eficaz de promoción vocacional na Igrexa galega.

SEMINARIOS E CASAS DE FORMACIÓN

15.11.³⁸ A educación que se dá nos Centros específicos para o discernimento, cultivo e maduración destas vocacións é moi variada, como tamén variadas son as vocacións de especial consagración; pero todos estes Centros teñen que sobresaír pola súa vida de intensa piedade, familiar e fraternal, valoración das calidades humanas, respecto á liberdade do individuo, desenvolvemento das esixencias da vocación bautismal, contacto coa familia e inserción na comunidade.

A boa ou mala orientación destes Centros ten un forte influxo na pastoral vocacional.

Procúrese especialmente a preparación para unha laboura pastoral concreta segundo as cualidades persoais. Tamén se debe preparalos para compartir actividades en grupo.

Os profesores e formadores destes Centros teñen que ser persoas maduras na súa formación, experiencia e testemuño de vida. Teñen que formar un equipo educativo con unidade de criterio, segundo as actuais orientacións da Igrexa, en orde a unha sólida educación e capacitación dos alumnos.

15.12. Tódolos xoves chamados a unha vocación de especial consagración a Deus, sexa á vida sacerdotal ou á relixiosa, deben ser formados cun senso universalista-misioneiro nas súas respectivas casas ou centros de formación, abertos a tódolos problemas, culturas e relixións dos chamados países do TERCEIRO MUNDO. Soamente así pode acadarse un auténtico senso de Igrexa.

15.13. Tendo en conta os poucos alumnos dos seminarios galegos, así como os problemas semellantes que están vivindo, é necesario e urxente un estudo serio para chegar ás solucións máis axeitadas a nivel rexional.

³⁷ AG 15 e 41; OT 2; SC 96; OPV II, 4 e III, 4; CPG 2.10, 5.5 e 5.42.

³⁸ OT 3; AG 16; SC 60, 63, 65, 67, 69 e 70; OPV IV, 8-9 e V, 4-5.

MISIÓN DA DELEGACIÓN DIOCESANA DE VOCACIÓNS

15.14.³⁹ Cada Diocese debe te-la súa Delegación, que potencie e coordine as actividades vocacionais, respectando o propio das diversas institucións e mirando que a presentación vocacional sexa verdadeiramente eclesial.

15.15. Potenciará estas actividades informando e responsabilizando os diversos axentes da pastoral xeral e da pastoral vocacional; artellando actividades especificamente vocacionais e intercambiando experiencias con outras delegacións.

É da súa competencia o preparar un equipo de persoas dispostas a prestar un servizo de pastoral vocacional nas parroquias, colexios, etc.

Debe conseguir que os diversos organismos diocesanos, dunha maneira especial a Vicaría de Pastoral, a Vicaría ou Delegación do Ensino e a Delegación de Apostolado de Laicos, e das Misións, colaboren coidando o aspecto vocacional nos seus programas e actividades.

Unha das súas primeiras tarefas será a creación dun Centro de Orientación Vocacional, que acolla, informe e oriente respecto ás diversas vocacións de especial consagración. Con este fin ha de dispoñer, ademais do correspondente local, dunha biblioteca vocacional axeitada e contar con persoas entendidas neste servizo de formación e orientación.

15.16. Coordinará os planos, programacións e actividades antes propostos, as visitas ás escolas, parroquias, colexios..., dos diferentes Promotores Vocacionais, as actividades do equipo de servizo vocacional, etc.

Debe busca-lo clima axeitado para a creación dun Centro Rexional de promoción e coordinación vocacional, prestando a súa colaboración entusiasta ó devandito organismo.

V. OBXECTIVOS PRIORITARIOS e accións para instrumentaliza-los aprobados na IV Reunión Xeral

PRIMEIRO OBXECTIVO:

Formación permanente de sacerdotes e relixiosos

Introdución:

O máximo responsable da formación dos sacerdotes é o Bispo:

— *Christus Dominus*, n. 16, párrafo 4.

— *Presbyterorum Ordinis*, n. 19, párrafo 3.º

— *Optatam Totius*, n. 22.

— *Ecclesiae Sanctae*, n. 7.

— Circular da Congregación do Clero, nov. 1969, números repetidos.

1. Constituír dentro do próximo trimestre o equipo responsable (se non o hai). Para isto o Bispo debe nomear un delegado de formación permanente, que organice a correr este equipo.

³⁹ PC24; OT2; OPV4. Ademais dos documentos citados nos apartados anteriores tivéronse en conta os seguintes: Mensaxes de Paulo VI para a Xornada de oración polas Vocacións; Instrución *Renovationis causam* da Sagrada Congregación para os Relixiosos e Institutos seculares do 6 do xaneiro do 1969; *Ratio fundamentalis institutionis sacerdotalis* da Sagrada Congregación para a Educación Católica do 6 do xaneiro do 1970; Carta colectiva dos Bispos de Galicia ante o Día do seminario, 1975.

2. Este equipo debe empezar por mellora-las realidades que hai, no que se refire a unha formación completa: humana, teolóxica, pastoral, espiritual.
3. Debe facer, tamén de contado, unha campaña que anime a decatarse, falándollo, se é preciso, un por un.
4. Máis claro, xuntarse cos sacerdotes máis dispostos e interesados de cada sitio. Este será o pé para a preparación dos que se poñan á fronte en cada bisbarra. Metendo neste labor os relixiosos/as que alí viven.
5. Planear con eles algún cursiño de cousas de hoxe, que se fará neste mesmo curso.
6. Ó final do primeiro trimestre mirarase (pola Delegación do Clero e pola Vigairía de Pastoral) se foron ó cabo estes traballos.

Nunha palabra: Pídese, sinxelamente, que o equipo de formación permanente sexa unha realidade de agora mesmo en tódalas dioceses galegas, con algún labor que se vexa.

SEGUNDO OBXECTIVO:

Canles para a acción e a vida comunitaria dos sacerdotes

1. Facer un estudo realista en cada Diocese para un conveniente reartellamento das parroquias e dos arciprestados; a creación de zonas pastorais conforme ás características antropolóxicas. Todo co fin de favorecer-lo labor e a vida comunitaria dos sacerdotes.
2. Reforzar-los grupos xa existentes, que traballan nunha liña de pastoral de conxunto e promover outros novos.
3. Que o sistema de nomeamento teña moi en conta a necesidade de ir máis alá nesta liña de acción e vida comunitaria.
4. A Asemblea apura os Sres. Bispos para que, axiña, e tendo en conta os equipos existentes, se creen xa os Consellos Pastorais a nivel parroquial, interparroquial, diocesano e rexional. Todo mirando o que se pode facer en cada un destes niveis.
5. Poñer a andar cada un destes labores tócalles ós Vicarios e Delegados de Pastoral.

TERCEIRO OBXECTIVO:

Participación dos relixiosos na vida e pastoral parroquial

1. Neste presente curso 1977-78 os relixiosos das distintas dioceses, convocados polo Sr. Bispo e os Superiores Maiores, escollerán o equipo coordinador da unión diocesana cun presidente, un vicepresidente e varios vogais que representen as distintas actividades dos relixiosos: sanitarias, da contemplación, do ensino e do traballo benéfico-social. O Presidente da Unión formará parte do Consello Diocesano de Pastoral.
2. A programación, realización e valoración da pastoral parroquial e supra-parroquial nas súas distintas partes deben ser feitas conxuntamente polos relixiosos e a Comunidade parroquial (supraparroquial). Para isto é preciso que os relixiosos estean presentes nos Consellos parroquiais e supraparroquiais.
3. A Unión diocesana de relixiosos, de acordo cos organismos diocesanos, preparará xuntas de sacerdotes, relixiosos e leigos a niveis distintos (parroquial, supraparroquial, diocesano) para verse, rezar xuntos e estudar á unha asuntos de interese común.

N. B.—No mes de xuño de 1978 valoraranse os traballos aquí sinalados.

CUARTO OBIXECTIVO:

Catequese (familiar, parroquial e escolar) sobre a vocación.

1. Revívese a constitución e marcha actual das Delegacións Diocesanas de Vocacións, nas que deben estar incluídos un número axeitado de persoas con vocación, comprometidas e abondo representativas dos distintos grupos interesados na pastoral vocacional. O primeiro labor desta Delegación será mirar de gañar, adoutrinar e comprometer no traballo das vocacións outras persoas que máis de seu lles toque meterse nesta pastoral específica.
2. O educador na fe presentará a vida como chamada de Deus a ser con El construtores do Reino no mundo. Axudará a descubri-las diferentes vocacións e o valor da vocación de especial consagración, como forma de vivi-lo Mandamento Novo dunha maneira tamén especial. Fágase isto con toda a valentía e dicindo as cousas polo claro. Fará ver ós rapaces e mozos a importancia e a ledicia de servir e darse ós demais, poñendo os medios para que isto se sinta.
3. Considérase que as Xornadas vocacionais (Día do Seminario, Xornada Mundial de Oración polas Vocacións, e outras non tan axeitadamente vocacionais, por ex., as Xornadas Misioneiras) seguen sendo válidas e son de moito proveito para unha pastoral vocacional. É preciso volver a pensalas e pídesse para elas una colaboración moito máis seria.
4. Pídesse que nas reunións con grupos de maiores (sociedades de país, catecumenados, xuntas parroquiais...) se subliñe, no momento oportuno, como todos son corresponsables na Pastoral Vocacional. Considérase que facer campaña nas familias é de toda a importancia.
5. As Delegacións Diocesanas comprométense a facer un cambio, a nivel rexional, de proxectos, experiencias e instrumentos de traballo empregados no seu labor pastoral, vocacional. Para todo isto xúlganse necesarias dúas ou tres reunións ó ano para informar, valorar e xulgar todos conxuntamente o feito ou os programas a facer.

Diráselles ós Sres. Bispos o que foi tratado nestas reunións para o seu coñecemento e goberno que conveña.

COMUNICADO DOS BISPOS APROBANDO AS CONCLUSIÓN

Os días 14, 15 e 16 de outubro de 1977 celebrouse en Santiago a IV Reunión Xeral do Concilio Pastoral de Galicia sobre dos temas: «VIDA E MINISTERIO DOS SACERDOTES. OS RELIXIOSOS EN GALICIA. PASTORAL VOCACIONAL».

Correspóndenos agora ós Bispos, de acordo co artigo 34 do Regulamento Xeral, refrenda-las proposicións aprobadas, que han de constituí-las directrices prácticas que servirán de base para posteriores programas de acción rexional e diocesana.

Pero, ó mesmo tempo e conforme ó dito Regulamento, estamos chamados asimesmo a autoriza-los obxectivos prioritarios ou accións aprobadas que se han de levar a cabo no cadro das conclusións deste esquema.

En cumprimento, pois, da nosa misión, os Bispos de Galicia tomamos, por unanimidade, os seguintes acordos:

1. Referenda-las conclusións sobre a Vida e Ministerio dos Sacerdotes, os Relixiosos en Galicia e a Pastoral Vocacional, aprobadas regulamentariamente na IV Reunión Xeral do Concilio Pastoral de Galicia, como pautas que han de rexe-la acción pastoral que afecte ós temas debatidos e aprobados, nas dioceses que constituén a provincia eclesiástica compostelá.
2. Autorizar e promove-la realización dos obxectivos prioritarios aprobados na IV Reunión Xeral como accións que se han de levar adiante, no cadro das conclusións aprobadas, nas diversas dioceses da nosa provincia eclesiástica.
3. Tanto as conclusións referendadas como a instrumentalización dos obxectivos prioritarios autorizados débense interpretar á luz e en conformidade co maxisterio da Igrexa e dun modo especial co contido no Concilio Vaticano II e nos documentos saídos da Santa Sé e dos Sagrados Dicasterios, que se refiran ós sacerdotes, relixiosos e vocacións.
4. Para que estas conclusións e obxectivos prioritarios cheguen a coñecemento de todos, encargamos da súa publicación á Secretaría Xeral do Concilio. A edición deberase facer en castelán e en galego. Os Boletíns das cinco dioceses publicaranas para lles dar estado oficial nelas. Rogamos a tódolos organismos do Concilio, tanto diocesanos coma rexionais, que promovan e faciliten a súa difusión como paso eficaz para o seu coñecemento e posta en práctica.
5. Tanto para poñer en práctica as conclusións coma para levar adiante os obxectivos prioritarios, os Bispos acordamos, seguindo as normas de etapas anteriores, constituír unha Comisión Rexional Postconciliar presidida polo Arcebispo Presidente desta IV etapa, e a súa composición e funcións quedarán especificadas despois de escoita-los organismos competentes.
6. Aproveitamos esta ocasión para testemuña-lo noso agradecemento a cantos colaboraron nesta IV etapa do Concilio e exhortamos a todos a que participen na posta en marcha dos obxectivos prioritarios que acaban de ser aprobados e autorizados.
7. Tamén pedimos a tódolos nosos fieis que se dispoñan a integrarse na próxima e derradeira campaña de Promoción Social e Acción Asistencial. O seu comezo anunciarémolo oportunamente, unha vez que a correspondente Comisión do Concilio facilite ós grupos conciliares os materiais dos esquemas. Namentres, os grupos poderán colaborar na tarefa de instrumentalizar coas accións adecuadas os catro obxectivos prioritarios aprobados.
8. Deus queira que a Igrexa de Galicia reciba con estas orientacións e pautas de acción pastoral un novo pulo na aplicación dos obxectivos do Concilio Pastoral de Galicia, e, polo que se refire ó tema desta cuarta etapa, poida dispoñer de sacerdotes, relixiosos e relixiosas que, coa súa vida e acción

pastoral, sexan signo e testemuño dunha Igrexa máis renovada, santificadora e achegada ós múltiples problemas dos homes.

9. Así llo pedimos ó Apóstolo Santiago, especial Patrón dos pobos de Galicia, e a San Rosendo, milenario que conmemoramos agora, e invocamos para iso á Virxe María nas advocacións máis queridas da nosa terra.

Mondoñedo, 13 de novembro de 1977. Na festa do milenario de San Rosendo.

ANXO, Arcebispo de Santiago de Compostela
ANXO, Bispo de Ourense
ANTONIO, Bispo de Lugo
XOSÉ, Bispo de Tui-Vigo
MIGUEL ANXO, Bispo de Mondoñedo-O Ferrol
ANTONIO MARÍA, Bispo Auxiliar de Santiago de Compostela

DOCUMENTO QUINTO

CARIDADE E PROMOCIÓN SOCIAL

INTRODUCCIÓN XERAL

«Corresponde a todo o pobo de Deus, movido pola palabra e o exemplo dos Bispos, socorrer, na medida dos seus medios, as miserias do noso tempo, e isto como era o antigo costume da Igrexa, tomando para isto non só o que é superfluo, senón tamén o necesario» (GS 88, 2).

«A Igrexa aprendeu nas páxinas do Evanxeo que a súa misión evanxelizadora ten como parte indispensable a acción pola xustiza e as tarefas de promoción do home, e que entre evanxelización e promoción humana hai lazos moi fortes, de orde antropolóxica, teolóxica e de caridade» (Xoán Paulo II: Inauguración da Conferencia de Puebla).

Por isto non cesou desde as súas orixes de exercer unha tarefa de promoción dos homes e das colectividades, que seguirá realizando, se quere ser fiel á súa misión, pois deriva do mesmo Xesucristo. Para isto comeza por urxir unha verdadeira conversión das mentes e dos corazóns.

Na crise actual pertence á Igrexa nutri-los homes de paz e ledicia. As nosas parroquias e demais comunidades teñen que promover uns espazos onde se poida practica-la aprendizaxe da comunión cristiá de bens, xa que para o cristián non basta a denuncia da inxustiza; a el pídeselle ser testemuña e axente de xustiza.

O amor é o criterio activo que a Igrexa debe levar a tódolos mecanismos socio-históricos onde está en xogo a promoción integral do home.

Por todo isto o Concilio Pastoral de Galicia presenta o relatorio *Caridade e Promoción Social* co obxecto de sensibilizar a tódolos fieis, e aínda a toda a sociedade, no deber ineludible de ofrecer ó home do noso tempo en Galicia unhas pautas válidas de solución ós problemas sociais e comunitarios que lle afectan.

I. POBOACIÓN, TRABALLO, MEDIO AMBIENTE

Sector: INDUSTRIA E SERVIZOS

Introdución

Segundo os resultados dos grupos de reflexión, constatamos:

— O desenvolvemento económico-social de Galicia está postergado principalmente por motivacións de índole política.

— A economía galega caracterizada en boa parte pola exportación de enerxía eléctrica, man de obra e capital, é un conxunto deficitario pola grande desproporción do sector primario sobre o secundario e terciario.

— Galicia necesita maior participación na súa propia dirección política económica. O importante aforro galego debe investirse primordialmente en Galicia, promovendo empresas industriais e agrarias, principalmente a nivel comunitario.

— Recoñécese a función importante dos sindicatos no ordenamento da vida laboral, pero ó mesmo tempo constátase que se deixan levar pola tentación de aproveita-la súa posición de forza para impoñer condicións demasiado gravosas para o conxunto da economía do campo social, ou para tratar de obter reivindicacións de orde directamente política.

— A falta de cultura é tamén motivo principal da situación deteriorada do País.

— Escasean os servizos necesarios para un nivel adecuado de benestar.

Sen prexulga-las oportunas solucións técnicas, a Igrexa mantén como misión específica a actitude profética de denuncia das situacións e necesidades sen implicacións políticas partidistas e, á súa vez, propicia o sentido cristián da solidariedade e compromiso comunitario.

«Necesaria para o crecemento económico e para o progreso humano, a industrialización é ó mesmo tempo sinal e factor de desenvolvemento. O home, mediante a teimosa aplicación da súa intelixencia e do seu traballo, arrinca pouco a pouco os seus segredos á natureza e fai un uso mellor das súas riquezas. Ó mesmo tempo que disciplina os seus costumes, desenvolve nel o gusto pola investigación e a invención, a aceptación do risco calculado, a coraxe nas empresas, a iniciativa xenerosa e o sentido de responsabilidade» (PP 25).

«Hoxe máis que nunca, para facer fronte ó aumento de poboación e responder ás aspiracións máis amplas do xénero humano, téndese con razón a un aumento na produción agrícola e industrial e na prestación dos servizos. Por iso hai que favorece-lo progreso técnico, o espírito de innovación, o afán por crear e ampliar novas empresas, a adaptación dos métodos produtivos, o esforzo sostido de cantos participan na produción: nunha palabra, todo canto pode contribuír a dito progreso. A finalidade fundamental desta produción non é o mero incremento dos produtos, nin a ganancia, nin o poder, senón o servizo do home, do home integral, tendo en conta as súas necesidades materiais e as súas esixencias intelectuais, morais, espirituais e relixiosas; de todo home, sen distinción de raza ou continente. Desta forma, a actividade económica debe exercer-se seguindo os métodos e leis propias, dentro do ámbito da orde moral, para que se cumpran así os designios de Deus sobre o home» (GS 64).

«Entre os dereitos fundamentais da persoa humana debe contarse o dereito dos obreiros a fundar libremente asociacións que representen autenticamente o traballador e poidan colaborar na recta ordenación da vida económica, así como tamén o dereito de participar libremente das asociacións sen risco de represalias» (OS 68).

«O traballo non é unha maldición, é unha bendición de Deus, que chama o home a domina-la terra e a transformala, para que, coa intelixencia e o esforzo humanos, continúe a obra creadora e divina. Quero dicirvos con toda a miña alma e forzas que me doen as insuficiencias de traballo, dóeme profundamente a inxustiza, dóenme os conflitos, dóenme as ideoloxías de xenreira e violencia que non son evanxélicas e que tantas feridas causan na humanidade contemporánea... O traballo non ha de ser unha mera necesidade; ha de ser visto como unha verdadeira vocación, un chamamento de Deus a constituír un mundo novo, no que habiten xustiza e fraternidade, anticipo do reino de Deus, no que non haberá xa carencias nin limitacións» (Xoán Paulo II: Discurso ós obreiros de México).

PROPOSICIÓNS

16.1. O Concilio Pastoral de Galicia desde a súa perspectiva cristiá considera urxente unha reforma estrutural apropiada (administrativa, fiscal, etc.) que favoreza a promoción dos homes e das terras do noso país.

16.2. Así mesmo estima necesaria a planificación e control polos galegos do seu aforro e investimento industrial, de maneira que contribúa eficazmente á superación das situacións de pobreza, emigración forzosa, subdesenvolvemento, paro e incultura, sen esquecer-la solidariedade cos outros pobos.

16.3. Unha lacra importante que toca a Galicia é a emigración forzosa. Grande parte do pobo galego vese obrigado a abandonar-lo seu país para buscar traballo, saír da súa situación infrahumana, procurar un aforro que garanta o seu futuro, e porque o traballo no campo tal como está hoxe planeado non é rendible. Polo que o Concilio Pastoral de Galicia reitera o dereito e a esixencia de que cadaquén poida vivir, traballar e desenvolverse como persoa na súa propia terra, especialmente cando isto é posible a condición dunha adecuada organización e previsión (cf. CPG 6.33). Só así se poderán paliar as consecuencias negativas da emigración, referidas ó propio emigrante, á súa familia e a Galicia: desarraigo, soidade, ruptura cultural, deterioro da fe, da personalidade, etc.

16.4. Na nosa Terra non hai suficientes vivendas e moitas das que hoxe existen, sobre todo nas aldeas, non reúnen as condicións de habitabilidade necesarias. Estas deficiencias repercuten na educación e na moral das nosas xentes, na convivencia familiar e mesmo no retraso do matrimonio. Denunciamos en zonas urbanas a especulación como a principal causa da súa orixe e pedimos unha lexislación que harmonice o custe da vivenda co presuposto familiar do usuario. Así mesmo constatamos con dor a existencia de abondosos pisos inxustificadamente baldeiros, en contraste co amoreamento de varias familias nunha soa vivenda.

16.5. Xa que a vivenda é só un elemento do conxunto que é o barrio ou a urbanización coas súas escolas, lugares de ocio, servizos comúns, atención relixiosa, boas comunicacións, etc., o Concilio Pastoral de Galicia pide un ordenamento urbano axeitado que faga posible unha convivencia digna. Salientámo-la necesidade de adecuadas e suficientes instalacións sanitarias, asequibles particularmente ós habitantes de núcleos rurais. A participación responsable dos cristiáns nas Institucións da Administración, asociacións de veciños, cooperativas ou organizacións similares, é un dereito e un deber que facilitarán estes obxectivos e os da vida pública en xeral.

16.6. A necesaria industrialización de Galicia ha de facerse tendo en conta a conservación e defensa do medio ambiente e dos recursos naturais, como marco do desenvolvemento integral e do mellor servizo do país.

16.7. No campo laboral hai que lamentar-la escasa preparación profesional e social, condicións inadecuadas de traballo, paro, pluriemprego, menosprezo da dignidade e dereitos da persoa, etc. Todo isto constitúe un reto ó noso sentido cristián do traballo e da solidariedade. O que nos compromete a unha promoción integral do home e á participación en accións que propicien unhas relacións xustas e fraternais, apoiando co debido discernimento cristián as iniciativas doutros grupos que poidan xurdir nesta liña. Na procura dunha maior xustiza no plano laboral, o Concilio Pastoral de Galicia recorda que o traballador é o principal protagonista en todo o proceso de produción, polo que debe promoverse a súa participación na xestión da empresa e nas súas responsabilidades e beneficios.

16.8. Posto que un dos medios primordiais para a realización da persoa é o desenvolvemento cultural a tódolos niveis e o aproveitamento do tempo libre, é necesaria a creación de escolas, centros culturais, espazos deportivos, etc., asequibles a todos. O Concilio Pastoral de Galicia anima os cristiáns responsables a fomentar iniciativas, e a participar nas que se promovan neste sentido, en particular aquelas que apunten á desaparición do pluriemprego e o incremento do tempo libre responsable.

Sector: CAMPO

Introdución:

A agricultura tradicional de Galicia non ofrece grande aliciente sobre todo para a mocidade, polo seu carácter minifundista, pola dispersión da propiedade, pola súa baixa produtividade, pola falta dunhas adecuadas canles de comercialización, e polas incómodas condicións do hábitat: vivenda, comunicacións, desenvolvemento cultural, servizos sanitarios, seguridade social e emprego do tempo libre.

A escasa valoración que a sociedade e os mesmos poderes públicos teñen da vida do agricultor, incide negativamente na problemática do campo.

O Concilio Pastoral de Galicia séntese solidario, unha vez máis, como xa fixo noutras etapas («O Laico na Igrexa e na construción do mundo», Proposicións: 5.26 a 5.31), das situacións de marxinação e pobreza do home do campo, que interpelan seriamente a nosa fe cristiá.

«É necesario investigar, primeiramente, os procedementos máis idóneos para reducir as enormes diferenzas que en materia de produtividade se rexistran entre o sector agrícola e os sectores da industria e dos servizos; hai que buscar, en segundo termo, os medios máis axeitados para que o nivel de vida da poboación agrícola se separe o menos posible do nivel de vida dos cidadáns que obteñen os seus ingresos traballando nos outros sectores aludidos; hai que realizar, por último, os esforzos indispensables para que os agricultores non padezan un complexo de inferioridade fronte ós demais grupos sociais, antes, pola contra, vivan persuadidos de que tamén dentro do ambiente rural poidan non só consolidar e acadar a súa propia personalidade mediante o traballo do campo, senón ademais mirar tranquilamente o porvir» (MM, 125).

«En primeiro lugar, cómpre que todos, e de modo especial as autoridades públicas, procuren con eficacia que no campo adquiren o conveniente grao de desenvolvemento os servizos públicos máis fundamentais, como, por exemplo, camiños, transportes, comunicacións, auga potable, vivenda, asistencia médica e farmacéutica, ensino elemental e ensino técnico e profesional, condicións idóneas para a vida relixiosa e para un entretemento san e, á fin, todo o conxunto de produtos que permitan á casa do agricultor estar acondicionada e funcionar de acordo cos progresos da época moderna» (MM, 127).

«Agora ben, para conseguilo desenvolvemento proporcional entre os distintos sectores da economía, é tamén absolutamente imprescindible unha coidadosa política económica que ha de atender ós seguintes capítulos: imposición fiscal, crédito, seguros sociais, prezos, promoción de industrias complementarias e, por último, o perfeccionamento da estrutura da empresa agrícola» (MM, 131).

«O mundo deprimido do campo, o traballador que coa súa suor rega tamén o seu desconsolo, non pode agardar máis a que se recoñeza plena e eficazmente a súa dignidade, non inferior á de calquera outro sector social. Ten dereito a ser respectado, a non ser privado —con manobras que ás veces equivalen a verdadeiros despozos— do pouco que ten; a que non se impida a súa aspiración a ser parte na súa propia elevación. Ten dereito a que se lle quiten barreiras de explotación, feitas a miúdo de egoísmos intolerables e contra os que se estrelan os seus mellores esforzos de promoción. Ten dereito á axuda eficaz —que non é esmola nin migallas de xustiza— para que teña acceso ó desenvolvemento que a súa dignidade de home e de fillo de Deus merece» (Xoán Paulo II: Discurso ós labregos de México).

PROPOSICIÓNS

16.9. Urxe supera-lo sentido conformista e moitas veces fatalista do home do campo para que tome conciencia, desde a súa mesma convicción de crente, da posibilidade e do deber de saír da súa situación deprimida, descubrindo a súa vocación, o seu potencial humano, as aportacións da técnica e as posibilidades do seu mesmo medio.

16.10. A promoción do campesiño esixe un coñecemento práctico de que é posible obter co esforzo actual un maior rendemento. Para lograr isto, é necesario modifica-la estrutura da propiedade, da produción e comercialización dos produtos agrarios, e que se lle dea unha maior participación e protagonismo á mocidade.

16.11. Dados os prexuízos que ocasiona o minifundio, hai que conte-la excesiva parcelación da propiedade e en contrapartida fomenta-la concentración e estimula-la explotación comunitaria.

16.12. Ha de promoverse unha maior participación cooperativa na industrialización e comercialización dos produtos agrarios co fin de que o agricultor poida obte-lo maior froito posible do seu traballo, previo o planeamento técnico do cultivo máis axeitado para cada zona.

16.13. Urxe fomentar unha mentalización social na que se valore a profesión de agricultor, elevando o concepto do seu traballo, brindándolle o mesmo apoio ca a outros sectores e facendo que o aforro da agricultura reverta no desenvolvemento da mesma e da cultura, sanidade e vivenda do mundo rural, coa participación activa do propio agricultor.

Sector: *MAR*

Introdución

Dada a nova situación que ha de afronta-la Pastoral da Igrexa para que os homes do mar teñan posibilidade de oír e comprende-la mensaxe evanxélica (Mensaxe de Paulo VI ó Congreso I do Apostolado do Mar de Hong-Kong, 1-12-77) e a necesidade de que a comunidade cristiá tome conciencia da súa misión cara ós mesmos (Discurso de Paulo VI ó Congreso do Apostolado do Mar, Roma 1972), o Concilio Pastoral de Galicia, nunha análise e procura de solucións da problemática do sector, constata que:

- a) A prolongada ausencia dos homes que navegan na mariña mercante e na pesca de altura, causa illamento da sociedade e da comunidade cristiá, desvinculación afectiva da familia e desarraigo do lugar de orixe co conseguinte desequilibrio psíquico.
- b) As condicións laborais, os ritmos de traballo na pesca, a deficiente comercialización, o sistema de retribución «á parte» na pesca de baixura, e o desaxeitado planeamento en canto a uns recursos que parecían inesgotables, sobre todo a raíz das medidas restritivas da liberdade de pesca, levadas a cabo por países onde adoitaba faena-la flota galega, son feitos que afectan negativamente á vida de moitos miles de familiares.
- c) O alarmante envellecemento da poboación marítimo-pesqueira fai necesaria a posibilidade da xubilación voluntaria anticipada con garantía dunha pensión adecuada.

«Desexamos xuntamente convosco que a comunidade cristiá tome conciencia da súa misión cara ós homes do mar, mercante ou pesqueira...». «Convosco sentímonos preocupados por ver protexida, a través das transformacións sociais e económicas en marcha, a primacía absoluta da dignidade da persoa humana do mariñeiro —xa sexa pescador ou enrolado na mariña mercante—. «O voso Congreso, con todo, está particularmente orientado cara á revalorización do papel do laicado. Esta preocupación por promover un laicado verdadeiramente católico no seo do mundo marítimo merece, sen dúbida ningunha, o noso apoio máis caloroso». «Este laicado ten necesidade de sacerdotes, de comunidades cristiás —xa sexan a bordo ou de

terra—, de movementos apostólicos para apoia-lo seu esforzo» (Discurso de Paulo VI, CAM).

«O Apostolado do Mar afronta unha situación nova: é a creada polos barcos mercantes e os pesqueiros do mundo, e a súa cantidade aumentou grandemente desde aqueles primeiros días da súa misión, implicando un número de mariñeiros sempre en aumento, tódolos cales deberían te-la posibilidade de oír e comprende-la mensaxe do Evanxeo» (Mensaxe de Paulo VI ó Congreso Internacional do Apostolado do Mar, Hong-Kong, 1-12-77).

PROPOSICIÓNS

16.14. Hai que conseguir un maior e máis prolongado contacto do home do mar coa súa familia e co resto da sociedade; e para isto hai que mellora-la actual lexislación laboral, que favorece ausencias excesivamente prolongadas, evitando que aquel sexa marxinado do traballo social e eclesial e da participación á que ten dereito como cidadán e como membro da Igrexa.

16.15. Como a persoa é o valor fundamental, o ordenamento xurídico e as condicións de vida a bordo, deben garanti-la seguridade física, o equilibrio psíquico e os dereitos civís e laborais do traballador do mar (cf. CPG 5.33). A estas esixencias deberán de axustarse os planos de formación profesional, as condicións de habitabilidade e seguridade do barco, os ritmos de traballo e o adecuado emprego do tempo libre. Nas actuais circunstancias:

- a) Considérase necesaria a revisión da lexislación penal e disciplinaria que afecta ós traballadores do mar.
- b) Deben así mesmo preverse as consecuencias sociais que para o traballo dos homes do mar supón a reestruturación da flota pesqueira, coa participación de tódolos interesados.

16.16. A Igrexa farase presente neste sector co fin de cumpri-la súa misión evanxelizadora por medio de:

- a) Unha atención pastoral específica tanto a bordo coma nos portos, por medio de sacerdotes especialmente vocacionados (cf. CPG 5.36).
- b) A promoción de leigos capaces de asumi-las súas funcións de animadores cristiáns no seu ambiente.
- c) Preocupación polas familias mariñeiras, tanto se forman núcleos diferenciados de poboación coma se se encontran dispersas noutros núcleos urbanos.
- d) O apoio ás iniciativas que xurdan no mesmo mundo do mar, orientadas a unha maior dignificación da vida e do traballo no sector.
- e) A potenciación do Apostolado do Mar para que poida responder mellor ás necesidades actuais.

II. PROMOCIÓN DA VIDA COMUNITARIA

A) NA VIDA FAMILIAR

Introdución

A vida familiar sufriu un cambio no que se ofrecen aspectos positivos, como son a maior sinceridade persoal, máis capacidade de diálogo e un maior sentido da corresponsabilidade. Con todo, os perigos que afectan a unha solidariedade familiar auténtica son: o aumento de actividade laboral dos seus membros fóra da casa, o deterioro crecente da moral pública, e escasa ou insuficiente preparación para a vida matrimonial e familiar nunha sociedade tan aceleradamente cambiante.

«O amparo, promoción, santificación e proxección apostólica da vida familiar deben conta-los leigos entre os seus axentes máis decididos e coherentes. Célula básica do seu tecido social, considerado polo Concilio Vaticano II como “Igrexa doméstica”, esixe un esforzo evanxelizador para potencia-los seus factores de crecemento humano e cristián e supera-los obstáculos que atentan contra a súa integridade e finalidades» (Xoán Paulo II, ROC).

PROPOSICIÓNS

17.1. A Igrexa en Galicia terá que planear con urxencia unha Pastoral da Familia que atenda á formación prematrimonial e á familiar, facendo descubrir ós pais o importante papel social que lles corresponde e a ineludible responsabilidade que teñen en orde á conservación da vida familiar e á educación de seus fillos, seguindo as esixencias dunha fe comprometida.

17.2. É preciso que a acción pastoral cara á familia se concrete nas seguintes actuacións:

- a) Potenciación e xeneralización de cursos de formación prematrimonial axeitados ás esixencias e necesidades de cada tempo, lugar e persoas.
- b) A promoción de Asociacións familiares nos ámbitos parroquiais e locais, ó través das cales se proporcione unha formación permanente e unha actitude que favoreza a vida familiar cos seus dereitos e deberes.
- c) As Institucións da Igrexa, tales como as Parroquias, Centros culturais e Colexios de Ensino, establecerán Escolas de Pais.

B) NA VIDA ASOCIATIVA

Introdución

A vida asociativa en Galicia é practicamente nula pola resistencia a un asociacionismo que esixa un compromiso activo e duradeiro. Tal postura vese favorecida polo descoñecemento e despreocupación diante da vida asociativa, causados en grande parte pola deficiente formación social recibida desde o ensino primario e ó longo da vida.

«... Coa dignidade da persoa humana concorda o dereito a tomar parte activa na vida pública e contribuír ó ben común. Pois, como di o noso predecesor de feliz memoria, Pío XII, o home, como tal, lonxe de ser obxecto e elemento puramente pasivo da vida social, é, pola contra, e debe ser e manterse o seu suxeito, fundamento e fin» (PT 26).

«O ámbito do relixioso non constitúe, no cristián, un sector de vida afastado

do resto das súas actividades humanas. Polo contrario, o segrar cristián ha de traballar a fin de que a vida familiar e profesional, as relacións laborais, a iniciativa empresarial, a vida asociativa, a acción sindical, a actividade cultural, a acción política e internacional, en tódolos niveis, respondan á concepción cristiá do home e da súa vocación» (ORAL, n.º 14).

PROPOSICIÓNS

17.3. Para fomenta-la vida asociativa os crentes deberán adoptar unha postura de auténtico servizo á Comunidade con ánimo dunha cooperación sincera e humilde.

17.4. É necesario tamén promove-la vida asociativa en torno ós Centros escolares, tanto no que respecta a nenos como a pais e profesores, estimulando unha educación para a convivencia.

17.5. A crecente problemática social que se experimenta na vida das comunidades, fai necesario o establecemento duns Servizos de Promoción Social sempre que iso sexa posible.

C) NA VIDA LABORAL E POLÍTICA

Introdución

A grande indiferenza diante das Asociacións de tipo laboral, e o grao de absentismo nos procesos políticos, veñen demostrar que o pobo galego, tal vez por descoñecemento e desconfianza, é un dos que destacan polo seu índice máis pequeno de integración asociativa e por un descompromiso co político, actitudes estas que son socialmente graves.

«Os cristiáns todos deben ter conciencia da vocación particular e propia que teñen na comunidade política; en virtude desta vocación están obrigados a dar exemplo de sentido de responsabilidade e de servizo ó ben común; así demostrarán tamén cos feitos como se pode harmoniza-la autoridade e a liberdade, a iniciativa persoal e a necesaria solidariedade do corpo social, as vantaxes da unidade combinada coa proveitosa diversidade» (GS 75).

PROPOSICIÓNS

17.6. Co fin de esperta-lo sentido de responsabilidade, faise necesario emprender unha tarefa de formación no social e no político, que ofrezca unha iluminación máis clara desde o Evanxeo con fidelidade obxectiva e sen prexuízos particulares. Por isto todo o labor pastoral neste aspecto ordenarase de sorte que o pobo alcance criterios cristiáns válidos para orientarse diante das diferentes opcións.

D) NA VIDA ECLESIAL

Introdución

Apréciase unha carencia de Asociacións leigas dentro da Igrexa ou, polo menos, unha vida lánguida nas que subsisten. É preciso establecer unha acción conxunta que as promociione, fronte á falta de interese en grande parte do clero, á crise de valores actual que desvincula en grande medida o pobo e os signos de desunión que se aprecian.

«Cada cristián está chamado a exercer-lo apostolado individual nas variadas circunstancias da súa vida; recorde, con todo, que o home é social por natureza e que Deus quixo uni-los crentes en

Cristo no Pobo de Deus nun só Corpo. Polo tanto, o apostolado organizado responde adecuadamente ás esixencias humanas e cristiás dos fieis e é ó mesmo tempo signo de comunión e da unidade da Igrexa en Cristo, quen dixo: "Onde dous ou tres están congregados no meu nome, alí estou eu no medio deles"» (AA 18).

PROPOSICIÓNS

17.7. É preciso suscita-la responsabilidade dos leigos na Igrexa mediante unha formación adecuada, programar unha Pastoral de conxunto para distintos sectores e comunidades eclesiais, estimula-la vida comunitaria e favorecer decididamente a participación activa dos leigos dentro da Igrexa.

17.8. Co fin de evita-la incoherencia actual, haberá de alcanzarse unha maior compenetración e un maior entendemento entre a xerarquía e o pobo.

17.9. É urxente que se dedique unha atención adecuada á formación de militantes e de grupos que potencien a vida das comunidades nas súas diferentes vertentes.

III. ACCIÓN CARITATIVO-SOCIAL

INTRODUCCIÓN

En numerosos sectores da vida galega atópanse xentes marxinadas, como consecuencia de actitudes persoais ou de deficiencias estruturais de vella raíz, ou por efectos dos novos condicionamentos da sociedade.

Galicia padece lacras xa endémicas, provocadas polo illamento, a dispersión e o abandono. Novas carencias ou formas de marxinação descóbreanse agora no noso pobo, que pasou rapidamente dun modelo de vida rural a unha civilización urbana, que cambia profundamente as relacións humanas en detrimento dos máis fracos ou impreparados.

Constátase que os sectores de marxinação máis importantes na nosa Galicia actual son: alcohólicos, vellos, xitanos, nenos abandonados ou sen educación preescolar, emigrantes, minusválidos, parados, drogadictos, etc., etc. As causas principais destas marxinações son: insolidariedade, egoísmo, falta de cultura, estruturas inxustas, explotación, indiferenza, falta de traballo, frustración, etc.

As solucións que a sociedade aporta actualmente a estes problemas resultan insuficientes e a miúdo pouco eficaces.

«A formación da caridade terá en adiante o posto de honor: deberíamos aneixa-la "Igrexa da caridade" se queremos que estea en disposición de renovarse profundamente e de renova-lo mundo ó seu redor» (Paulo VI: Disc. apertura II Sesión Conc. Vaticano II).

«A acción caritativa pode e debe abarcar hoxe a tódolos homes e tódalas necesidades... Para que este exercicio da caridade sexa verdadeiramente incensurable e apareza como tal, é necesario ver no próximo a imaxe de Deus, segundo a cal foi creado, e a Cristo Señor, a quen en realidade se ofrece o que ó necesitado se dá; respectar coa máxima delicadeza a liberdade e a dignidade da persoa que recibe o auxilio; non lixa-la pureza de intención con calquera interese da propia utilidade ou co afán de dominar; cumprir antes de nada as esixencias da xustiza, para non dar como axuda de caridade o que xa se debe por razón de xustiza; suprimi-las causas e non só os efectos dos males, e organiza-los auxilios de tal forma que quen os reciben se vaian liberando progresivamente da dependencia externa e se vaian bastando por si mesmos» (AA 8).

«Os bens eclesiásticos propiamente ditos, como o pide a natureza da cousa, administraranos os sacerdotes, observando o que dispoñan as leis eclesiásticas, coa axuda, no que for posible, de leigos peritos, e destinaranos sempre a aqueles fins para os que lle é lícito á Igrexa ter bens temporais, a saber: para a ordenación do culto divino, para procura-la honesta sustentación do clero e para exercer-las obras do sagrado apostolado ou da caridade, sinaladamente dos indixentes» (PO 17).

PROPOSICIÓNS

18.1. A Igrexa en Galicia, desde a súa opción evanxelizadora, ó mesmo tempo que reconece que a súa resposta ós problemas de marxinação foi ata agora insuficiente, comprométese, como signo concreto de conversión, a realizar unha tarefa urxente de promoción e rehabilitación daquelas persoas e sectores que se atopan en situacións de inxusta marxinação social, como son: xitanos, vellos, parados, minusválidos e deficientes, nenos abandonados ou en idade preescolar, transeúntes, presos, alcohólicos, drogadictos, etc., ata que se insiran plenamente na sociedade. Para isto, ó mesmo tempo que denuncia as situacións inxustas e violacións dos dereitos humanos, promoverá e potenciará os medios necesarios co fin de que desapareza este estado de inxustiza.

18.2. O Concilio Pastoral de Galicia urxe a todo o pobo de Deus a dar pasos concretos, tanto individual coma colectivamente, cara a unha auténtica comunicación de bens, como expresión ineludible da súa fe en Cristo.

Nesta liña a Igrexa en Galicia comprométese a pór prioritariamente os seus recursos humanos e materiais ó servizo dos sectores máis necesitados do País (cf. PO 17).

18.3. A comunidade eclesial ten entre as súas funcións primordiais:

- a) Promover unha conciencia crítica diante de tódalas situacións de inxustiza, para descubrir toda marxinação e causas que a provocan.
- b) Potenciar e coordina-los esforzos de promoción, animación e servizos nas diferentes parroquias e grupos.
- c) Crear centros de formación social que axuden á concienciación e participación dos cristiáns nas tarefas de formación social.
- d) Ofrece-la súa colaboración sincera á sociedade civil e instar, no seu caso, a toda iniciativa que tenda á promoción integral da persoa e a erradica-la pobreza.
- e) Asumi-lo que haxa de positivo nas diferentes aspiracións e obxectivos que presentan os diversos grupos sociais, apoiando de modo especial aquelas accións que se desenvolvan con participación dos mesmos marxínados.

18.4. Toda a comunidade eclesial está metida na acción caritativo-social como algo esencial e constitutivo da dinámica da súa fe cristiá:

- a) Os Bispos e Sacerdotes, cunha preocupación permanente por ilumina-los problemas de índole caritativo-social, sendo animadores da comunidade e vínculo de unión na caridade entre os diferentes grupos que traballan pola promoción humana e a xustiza social.
- b) Os Relixiosos/as, pondo as súas institucións e carismas propios ó servizo dos necesitados e facéndose presentes nos novos campos de marxinação e pobreza que xorden na nosa sociedade.
- c) Os leigos, asumindo a participación en grupos e tarefas de promoción e animación, non como algo secundario, senón como elemento imprescindible no compromiso cristián da súa fe (cf. CPG 6.28).

18.5. A Igrexa en Galicia, para unha maior eficacia da súa acción caritativo-social, comprométese a potenciar, renovar e inserir nos seus esquemas e na súa realidade pastoral a acción de Cáritas nos seus diferentes niveis, parroquial, zonal, diocesano e interdiocesano, tendo presente que a acción

asistencial, a animación da comunidade cristiá e da sociedade na caridade é unha das dimensións fundamentais da súa tarefa evanxelizadora.

IV. OBXECTIVOS PRIORITARIOS: *POBOACIÓN, TRABALLO, MEDIO AMBIENTE*

Sector: INDUSTRIA E SERVIZOS

OBXECTIVO:

Valoración do home e do país galego en orde ás súas solucións económico-sociais

Introdución

Creemos que dentro dun contexto sociopolítico, entendido como poder propio de decisión e dirección do País, planificación da riqueza, os medios de produción, o aforro, a cultura... é posible o desenvolvemento equilibrado da nosa Terra, sobre todo tendo en conta os valores indiscutibles do home galego (capacidade de traballo, espírito emprendedor, sensibilidade humana...). Este contexto debe ser tamén de carácter democrático, de maneira que o consenso popular permita os duros sacrificios dunha reestruturación.

Desde esta situación propiciaranse unha serie de reformas específicas para a nosa Terra. A solidariedade entre os diversos pobos do Estado Español manifestarase tamén con Galicia nunha auténtica xustiza distributiva, recoñecendo ademais que non somos unha zona pobre senón empobrecida.

Medios:

1. Creación e potenciación de Secretariados Sociais. As súas funcións serían:
 - a) Facilitar unha toma de conciencia encol dos problemas sociais presentes en Galicia.
 - b) Estudar e xulgar estes problemas desde unha visión cristiá propondo as solucións que se crean oportunas.
 - c) Informar, aportar datos, prestar asesoramento diante das diversas cuestións que se presenten, alcanzando as oportunas colaboracións de técnicos e especialistas.
 - d) Dinamiza-lo home galego para que esixa dos organismos da Administración o cumprimento da súa misión de servizo, denunciando todo manexo interesado.
2. Escolas de Promotores de Cooperativismo e doutras formas de vida comunitaria.
3. Formación de militantes, dotándoos de Consiliarios liberados.
4. Escolas de Formación Social.
5. Asunción polos Centros educativos da Igrexa da problemática galega.

Sector: CAMPO

OBXECTIVO

Formación práctica do agricultor

Introdución

O coñecemento da súa profesión recibíuno o agricultor por herdanza, limitada ó minifundio e a unha agricultura de subsistencia.

As actitudes persoais son de autosuficiencia e de rexeitamento das innovacións, cun risco interior de que a actividade que realiza non é rendible e co medo a comprometerse ó cambio, o que provoca nel un individualismo polo que non quere comunicar nin compartir ningunha axuda que poida beneficiar os seus veciños.

O entorno social tamén é de subsistencia, o que enxendra pobreza de interrelación social, afectiva, de aspiracións culturais, asociativas, relixiosas, etc., que crea un conformismo inoperante.

Medios:

1. Constituír un Secretariado de Acción Agraria dentro da Delegación Acción Social das dioceses.
2. Celebrar pequenos cursos de formación para sacerdotes e animadores locais, mozos e adultos, para concienciarlos de que é posible o cambio de estrutura e a aceptación de innovacións xa experimentadas.
3. Nalgunhas zonas máis necesitadas e sensibilizadas promover con estes animadores unhas experiencias concretas e prácticas de cambio.
4. Revisión periódica e conxunta das accións partindo da experiencia dos propios participantes nas mesmas.

Sector: MAR

OBXECTIVO

Conseguir unha presenza específica da Igrexa no mundo do mar

Medios:

1. Tódalas dioceses costeiras procurarán destinar algúns sacerdotes, debidamente vocacionados e con plena dedicación para atender os homes do mar coordinando o seu labor co dos curas dos portos.
2. Formación de militantes, auténticos animadores cristiáns no ambiente mariñeiro, ó través da organización de equipos, pequenos cursos e outros métodos adecuados de educación cristiá.
3. Promoción humana, social e relixiosa do sector do mar, prestando unha atención especial ós mozos e ás familias dos traballadores do mar.
4. Presenza de sacerdotes a bordo dos barcos, especialmente nas grandes concentracións de pesqueiros que faenen nos mesmos caladoiros, e nos portos estranxeiros visitados habitualmente por buques con tripulación española.

PROMOCIÓN DA VIDA COMUNITARIA NO ÁMBITO FAMILIAR

OBXECTIVO

Favorece-la vida comunitaria por medio do establecemento de asociacións familiares nas comunidades parroquiais

Medios:

1. Preparación prematrimonial.
2. Promoción de Grupos Matrimoniais.
3. Escolas de Pais.
4. Encontros Pais-Fillos.
5. Clubes infantís e xuvenís de convivencia.
6. Promoción asociativa nos centros escolares.
7. Impulso das Agrupacións Profesionais Católicas, prestándolle-la máis eficaz colaboración.
8. Potenciación ou creación duns servizos de pastoral familiar dentro do conxunto de pastoral familiar de cada diocese, que de forma coordinada leven a cabo unha función de formación para a vida familiar.

ACCIÓN CARITATIVO-SOCIAL

OBXECTIVO

Unha reestruturación eficaz de Cáritas

Medios:

1. Campaña de mentalización a nivel de:
 - a) Clero.
 - b) Relixiosos.
 - c) Colexios.
 - d) Comunidades, de xeito especial as que traballan nestes campos.
 - e) Grupos apostólicos en xeral.
 - f) Grupos que traballen con marxinados, facéndolles descubri-la urxencia da caridade como fonte e cume de todo compromiso e a necesidade da institución que dirixa e coordine a acción caritativo-social,
2. Revitaliza-los grupos de Cáritas a nivel:
 - a) Diocesano: integrándoa na Pastoral de Conxunto.
 - b) Zonal: programando a acción caritativa como obxectivo da mesma.
 - c) Parroquial: vitalizando os grupos existentes para que tamén eles sexan animadores dos Consellos de Pastoral.
3. Programar a nivel popular unha campaña de mentalización en orde a unha amplitude de miras na intercomunicación cristiá de bens e captación de socios e colaboradores.
4. Conxunta-los esforzos diocesanos ó través do Consello das Cáritas del Galicia en orde a unha maior eficacia en accións urxentes e comúns a todo o ámbito galego.
5. Tódalas Institucións de acción caritativo-social, respectando a súa propia autonomía e fins (AA 26), han de estar coordinadas por Cáritas en orde a elaborar conxuntamente os seus planos de acción e avalia-los resultados, expresando desta forma a comunión na caridade da que deben dar testemuño tódalas persoas que traballan neste Sector.

COMUNICADO DOS BISPOS APROBANDO AS CONCLUSIÓNS

Os días 29, 30 de xuño e 1 de xullo do presente ano 1979 celebrouse en Santiago a V e derradeira Reunión Xeral do Concilio Pastoral de Galicia, sobre o tema «Caridade e Promoción Social». Tócanos agora ós Bispos, conforme ó art. 34 do Regulamento, referenda-las Proposicións aprobadas e autoriza-los Obxectivos Prioritarios ou accións máis urxentes que se han de levar a cabo no marco das conclusións deste esquema conciliar.

En cumprimento, pois, da nosa misión, os Bispos de Galicia tomamos por unanimidade os seguintes acordos:

1. Referenda-las conclusións sobre «CARIDADE E PROMOCIÓN SOCIAL», aprobadas regulamentariamente na V Reunión Xeral do Concilio Pastoral de Galicia, como directrices pastorais tanto a nivel diocesano coma nas accións conxuntas das dioceses que constitúen a Provincia Eclesiástica Compostelana.

O noso referendo non atinxe as introducións sociolóxicas, se ben estas, xunto cos textos para a orientación doutrinal forman parte da documentación conciliar.

2. Autorizar e promove-la realización dos Obxectivos Prioritarios aprobados na V Reunión Xeral, como accións a levar a cabo, dentro do marco das conclusións aprobadas, nas diversas dioceses da nosa Provincia Eclesiástica.

3. Tanto as conclusións referendadas coma a instrumentalización dos Obxectivos prioritarios autorizados, deben ser interpretados á luz e en conformidade co Maxisterio da Igrexa e dun modo especial co contido no Vaticano II e nos documentos emanados da Santa Sé en relación coa Doutrina Social da Igrexa.

4. Co fin de que estas conclusións e obxectivos prioritarios cheguen ó coñecemento de todos, encomendámo-la súa publicación á Secretaría Xeral do Concilio. A edición deberá facerse en castelán e galego. Os boletíns das cinco Dioceses publicaranas para darlles estado oficial nelas. Rogamos a tódolos organismos pastorais, tanto diocesanos coma rexionais, que promovan e faciliten a súa difusión como paso eficaz para o seu coñecemento e posta en práctica.

5. Para pór en marcha as conclusións, así como para levar a cabo os Obxectivos Prioritarios, os Bispos acordamos, seguindo as normas de etapas anteriores, constituír unha Comisión Interdiocesana de Caridade e Promoción Social, presidida polo Bispo de Tui-Vigo, responsable desta V etapa. A súa composición e funcións quedarán especificadas despois de ter oído os organismos competentes.

6. Ó chegar á fin das tarefas de reflexión conciliar e das correspondentes Reunións de discusión e aprobación das súas Conclusións, queremos reiterar unha vez máis o noso agradecemento a cantos —Sacerdotes, Relixiosos, Relixiosas e Leigos— colaboraron nesta e en anteriores Etapas, ó mesmo tempo que exhortamos a todos a participar na súa realización práctica.

7. As conclusións aprobadas en Asembleas Xerais e referendadas por nós, Bispos, constitúen no seu conxunto un Directorio Xeral de Pastoral, válido para a renovación cristiá do Pobo de Deus en Galicia segundo o espírito do Concilio Vaticano II.

Confiamos que agora, co valemto do Apóstolo Santiago, na festa do cal pechamos oficialmente o Concilio, e coa valiosa mediación de Santa María, á que invocan con devoción secular os fieis da nosa terra galega, poderemos intensifica-la tarefa renovadora de criterios, costumes e actitudes, desde unha perspectiva de fe nos individuos, nos fogares, nos pobos e no interior das diversas institucións eclesiais.

Santiago, festa do Apóstolo, 25 de xullo de 1979.

ANXO, Arcebispo de Santiago de Compostela
ANXO, Bispo de Ourense
ANTONIO, Bispo de Lugo
XOSÉ, Bispo de Tui-Vigo
MIGUEL ANXO, Bispo de Mondoñedo-Ferrol
ANTONIO MARÍA, Bispo Auxiliar de Santiago de
Compostela